



# DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN  
PROVINCIAL o 24 de febreiro de 2023





## RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 24 DE FEBREIRO DE 2023.

### **ASUNTOS**

\* Declaración institucional de apoio a todos os afectados polos tremores acaecidos en Turquía e Siria..... **10**

\* Declaración institucional do 8 de Marzo, Día Internacional polos dereitos das Mulleres..... **11**

### **Información e actas**

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 1/2023 de 27 de xaneiro. .... **12**

2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 21 de xaneiro ata o 17 de febreiro de 2023. .... **12**

### **Comisión de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística**

3. Aprobación da modificación do texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidad de Salamanca para financiar o Proxecto de actuación arqueolóxica e valorización patrimonial "A chegada de Roma ao Finis Terrae"..... **12**

### **Comisión de Promoción Económica e Asistencia a Municipios**

4. Aprobación da ampliación do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios en materia de colaboración e asistencia á función interventora de comprobación material dos investimentos, así como do texto do Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local das provincias da Coruña e Pontevedra (COSITAL Coruña e Pontevedra). .... **19**

### **Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais**

5. Aprobación técnica do proxecto da obra DP 1502 Porto a Laraxe. Mellora da seguridade vial PQ. 0+970 AO 2+305 (CABANAS), incluído no Plan de Inversións de Vías Provinciais (VIPI) 2023, primeira fase..... **27**

6. Aprobación do Plan de Inversións de Vías Provinciais (VIPI) 2023, segunda fase..... **28**

7. Aprobación definitiva do proxecto da obra DP 8001.- Ponte sobre o río Mandeo na estrada DP 8001 Cruces a Penablanca, PQ 3+100 (SOBRADO DOS MONXES), incluído no Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2021, novena fase ..... **29**

### **Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento**

8. Aprobación da prórroga do contrato de Servizo de Teleasistencia Domiciliaria da Deputación Provincial da Coruña ..... **30**



9. Aprobación do cambio da titularidade da estrada municipal que une a N-5447 e a estrada autonómica AC 240 a través da estrada DP-6603 ..... **31**
10. Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de TOURO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de construción Beirarrúas na marxe dereita da Rúa Pucho Boedo ..... **32**
11. Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de RIBEIRA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o proxecto de equipamento escénico para o novo auditorio de Ribeira..... **40**
12. Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de VILASANTAR polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de construción dunha nave para destinala a servizos municipais ..... **48**

### **Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural**

13. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Mellora de urbanización e servizos en rúa Soportais Fonte de Unta e Porta Ponte Vella", do Concello de Betanzos, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 co código 2020.2100.0012.0..... **57**
14. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación nas Rúas do Campo de Fútbol das Redondas", do Concello de Cabana de Bergantiños, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2100.0011.0..... **58**
15. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reparación Camiño Chamoso", do Concello de Cabanas, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0131.0 e levantamento das condicións suspensivas ás que quedou sometida a aprobación definitiva deste investimento ..... **60**
16. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora funcional do espazo exterior do Centro Social de Pravió", do Concello de Cambre, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0133.0 ..... **63**
17. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de accesibilidade e seguridade peonil nas beirarrúas da rúa Cambre-Temple e rúa Carballo", do Concello de Cambre, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0134.0..... **65**
18. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Remodelación da parada de bus na rúa Tapia", do Concello de Cambre, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0138.0 ..... **67**
19. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora funcional da Rúa Rocón" do Concello de Cambre, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos)



POS+Adicional 2/2022 co código 2022.2102.0330.0 .....	<b>69</b>
20. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Vial en Pereiriña, Toba de Abaixo e interior Raso" do Concello de Cee incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022 co código 2022.2000.0142.0.....	<b>71</b>
21. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Saneamento na rúa Federico Avila" do Concello de Fisterra, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2021 por maior achega provincial co código 2021.2102.0462.0.....	<b>72</b>
22. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación de camiños en Murallón", do Concello de Neda, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2000.0207.0 .....	<b>75</b>
23. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación, limpeza de cunetas e marcado viario na rede viaria de Anca, entre os viais AC-862 e AC-121", do Concello de Neda, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2000.0208.0. ....	<b>76</b>
24. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación de camiño en Ardá", do Concello de Neda, incluído na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022 co código 2022.2102.0397.0 .....	<b>78</b>
25. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Módulo cuberto de atletismo no estadio da Alta", do Concello da Pobra do Caramiñal, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2200.0463.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento .....	<b>80</b>
26. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Senda peonil na contorna do Rego de Cambeda dende Rúa Vilar ata Avenida Fisterra", do Concello de Vimianzo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019, co código 2019.2200.0380.0.....	<b>83</b>
27. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Agrupación artística Meninas de Canido polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "Concerto no marco do festival Meninas de Canido - Ferrol" .....	<b>85</b>

### **Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior**

28. Dación de conta da remisión, ao Ministerio de Facenda e Función Pública, da información da execución orzamentaria da Deputación provincial e dos seus entes dependentes correspondente ao cuarto trimestre de 2022. ....	<b>92</b>
29. Dación de conta da liquidación do orzamento da Deputación provincial do exercicio 2022. ....	<b>93</b>
30. Dación de conta da remisión do orzamento do exercicio 2023 da Deputación e os seus entes dependentes á Administración do Estado. ....	<b>93</b>
31. Dación de conta do expediente de modificación de créditos 1/2023 de incorporación	



de remanentes, de aprobación pola Presidencia. ....	<b>93</b>
32. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 1/2023 de aprobación polo Pleno. ....	<b>93</b>
33. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello das Pontes de García Rodríguez respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).....	<b>95</b>
34. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Moeche respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR). ....	<b>96</b>
35. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Santiso respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR). ....	<b>96</b>
36. Aceptación da ampliación da delegación de competencias do Concello de Cabanas (IIVTNU). ....	<b>97</b>
37. Dación de conta do anticipo da liquidación definitiva do exercicio 2022 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios. ....	<b>97</b>
38. Dación de conta da liquidación definitiva do exercicio de 2022 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.....	<b>97</b>
39. Dación de conta da actualización das entregas a conta realizadas no exercicio 2023 e da entrega a conta de febreiro de 2023 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios. ....	<b>97</b>
40. Dación de conta do nomeamento da comisión liquidadora do control interno das oficinas de zona 2022. ....	<b>98</b>
41. Dación de conta da Memoria de Recadación e Xestión Tributaria da Deputación da Coruña do 2022 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios. ....	<b>98</b>
42. Dación de conta dos estados contables da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) correspondiente ao exercicio 2022 .....	<b>98</b>

### **Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible**

43. Aprobación da formalización dun convenio administrativo coa Asociación VENTO NOSO para cofinanciar o "Programa de asesoramento a propietarios afectados, e poboación xeral, nos concellos rurais da provincia da Coruña na implantación de parques eólicos 2022" .....	<b>98</b>
--	-----------

### **ACTUACIÓN DE CONTROL: MOCIÓNS**

1.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica pola protección dos humidais.....	<b>106</b>
2.Moción que presentan os Grupos Provinciais PSdeG-PSOE e BNG de apoio á solicitude de inicio do procedemento para a declaración dos Montes do Gato (entre os concellos de Coirós, Oza-Cesuras e Aranga) como espazo natural protexido na categoría de Parque Natural para a salvagarda do Patrimonio Cultural, o Patrimonio Natural e a Paisaxe de Galicia .....	<b>114</b>
3.Moción dos Grupos Provinciais PsdeG-PSOE, Bloque Nacionalista Galego e Marea	



Atlántica en relación á autorización de vertidos das Minas de San Finx ..... **127**

## FÓRA DA ORDE DO DÍA

I. Moción que presenta o Grupo Provincial Popular da Deputación Provincial da Coruña, solicitando o restablecemento da paz, da convivencia e do dereito internacional con motivo do primeiro aniversario do intento de invasión de Ucraína por parte de Rusia..... **144**

ROGOS E PREGUNTAS..... **156**







## Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 24 de febreiro de 2023.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 24 de febreiro de 2023, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

**Preside:** don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

### Deputados/as

#### Asistentes:

Don Valentín Alfonsín Somoza	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Dona María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Don Ignacio Codesido Barreiro	PP
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Antonio Deibe Sanmartín	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Don Gumersindo Pedro Galego Feal	PP
Dona Rosa M <sup>a</sup> Gallego Neira	PP
Dona Izaskun García Gorostizu	PP
Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona Sandra González Castro	PSOE
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Dona Ana Lamas Villar	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Alberto Lema Suárez	MA
Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Don José Javier Pego Sampedro	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don José Manuel Pequeño Castro	PSOE
Don José Luis Pérez Añón	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Don Manuel Taboada Vigo	PP
Dona Teresa Villaverde Pais	PP

#### Excusada:

Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
-------------------------------	------

Actúa como secretaria: dona Amparo Taboada Gil, secretaria xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:10 horas, tratáronse os seguintes asuntos:



## Sr. Presidente

Moi bo día. Imos empezar esta sesión de Pleno con dúas declaracións institucionais, a primeira referida aos terremotos en Turquía.

## Sra. Secretaria

### **Declaración institucional de apoio a todos os afectados polos tremores acaecidos en Turquía e Siria**

O pasado día 6 de febreiro, Turquía e Siria sufriron dous tremores de magnitude 7,8 e 7,5 na escala Richter, con epicentro na cidade de Gaziantep, cuxa área metropolitana ten máis de 2 millóns de habitantes. Toda a zona do sur de Turquía está moi afectada, con graves danos en cidades como Diyarbakir, Adrymam, Osmaniye, Malatya e Adana.

No caso de Siria, cidades como Aleppo, Latakia e Hama son algunhas das principais afectadas polo seísmo.

O tremor ten deixado miles de vítimas e feridos, a moitas persoas sen fogar e colapsado as infraestructuras das cidades, xerando unha situación especialmente crítica, que está a verse agravada polas baixas temperaturas do inverno.

A Unión Europea ten respondido ao chamamento de axuda internacional realizado polas autoridades turcas, activando o Mecanismo Europeo de Protección Civil para a coordinación da axuda internacional dos Estados Membros.

España, no marco da coordinación establecido pola UE, ten mobilizado efectivos da Unidade Militar de Emerxencias (UME) e ao Equipo de Bombeiros de Resposta Inmediata da Comunidade de Madrid (Ericam), e enviado o hospital de campaña da Axencia Española de Cooperación ao Desenvolvemento para axudar a paliar as terribles consecuencias do tremor.

A Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) ten sido chamada a participar no grupo de traballo de cooperación, convocado pola AECID, para posibilitar unha rápida e eficaz resposta ante a situación de emerxencia, xunto a Comunidades Autónomas e ONG humanitarias. Na primeira xuntanza, recentemente celebrada, fíxose unha análise das consecuencias humanitarias do tremor, e plantexáronse traballos de coordinación necesarios que polo momento consisten fundamentalmente en intervencións de persoal no ámbito da cooperación.

A FEMP, como sempre fai neste tipo de situacións, púxose a disposición e demostrou o seu apoio nas medidas que, en coordinación coa AECID, se poidan ir adoptando, e a súa capacidade para que a información chegue a todo o territorio do noso país, a través das entidades locais, así como a súa implicación nos chamados de axuda aos gobernos locais que se poidan ir producindo. A FEMP será a canle de información directa aos concellos, diputacións, consells e cabildos en cantas medidas se poidan ir habilitando, para facilitar a materialización da solidariedade dos gobernos locais que sempre está presente neste tipo de catástrofes.

A FEMP, en representación das entidades locais españolas, ten acordado a seguinte Declaración Insitucional, á que se suma esta Institución Provincial:

1. Trasladamos toda a nosa solidariedade e afecto á poboación turca e siria, e a cantas persoas se estean a ver afectadas polo tremor, e que facemos extensiva aos residentes



no noso país de ambas nacionalidades.

2. Sumámonos ás iniciativas de axuda á poboación para paliar as terribles consecuencias do tremor.

3. Poñémonos a disposición do Goberno de España, con todos os nosos medios, para colaborar en calquera tipo de actuación humanitaria, no marco do mecanismo de axuda activado pola Unión Europea.

#### Sr. Presidente

Grazas. A seguinte declaración, que ten que ver co Día Internacional da Muller.

#### Sra. Secretaria

### **Declaración institucional do 8 de Marzo, Día Internacional polos dereitos das Mulleres**

O 8 de marzo foi proclamado o Día Internacional polos Dereitos das Mulleres pola Organización das Nacións Unidas no ano 1975. Desde ese momento é unha data de poñer en valor os avances que se conseguiron nos últimos cen anos mais tamén de reivindicación polo que queda por conseguir.

Ao longo da historia os nosos dereitos avanzaron grazas ao inconformismo e á convicción de milleiros de mulleres e de asociacións que contribuíron e contribúen a facer do feminismo un movemento cada vez máis hexemónico e que defenderon e defenden, co seu esforzo e mesmo coas súas vidas, a conquista de novos dereitos.

Atendendo ao contexto actual non podemos deixar de denunciar a violencia sexual e de xénero que sofren as mulleres nos contextos de guerra, tanto nos territorios de conflito como para as mulleres refuxiadas e desprazadas.

Sabemos que o mundo vive un momento de profundas transformacións sociais e económicas e que historicamente cada crise foi aproveitada polo patriarcado para se fortalecer. Hoxe en día, malia os avances que temos conquistado, estamos a ver como os dereitos tamén se poden perder. É preciso seguir impulsado medidas encamiñadas a garantir o cumprimento dos dereitos e obrigas recoñecidos a día de hoxe na lexislación vixente; impulsar novas políticas e seguir a traballar de maneira transversal en todos os ámbitos para conquistar novos dereitos e impedir calquera retroceso nos xa recoñecidos.

Dende a Deputación Provincial de A Coruña manifestamos o noso firme compromiso coa protección dos dereitos das mulleres e das nenas, a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, así como coas políticas públicas que resolvan as desigualdades materiais, simbólicas e de valor as que se enfrontan as mulleres.

Nesta liña, a Deputación da Coruña poñerá en marcha no mes de marzo unha campaña en que poidamos falar do conseguido, mais tamén de todo o camiño que aínda nos queda por andar. As accións que se están a organizar vanse centrar, por un lado nas discriminacións que sofremos as mulleres polo simple feito de selo e co lema é por ser muller e por outro, reivindicando o conseguido desde a Revolución Industrial coa frase Pan e Rosas, utilizado nunha folga de traballadoras en 1912. Outra das accións vaise desenvolver no marco do concurso de viñetas dirixido a escolares e, finalmente a celebración de sete obradoiros que chegarán a outros tantos concellos da provincia denominados pensamento e acción. Feminismos, dereitos laborais e precarización da



vida.

Desde o ámbito local debemos seguir co compromiso de construír unha sociedade igualitaria, que garanta os dereitos de todas as persoas, así como a participación activa na vida local. Estes compromisos deben reflectirse no deseño e a xestión dunhas políticas locais que sexan un motor de transformación.

Por todo isto, propoñemos

1. A Deputación da Coruña mostra o seu apoio ás distintas mobilizacións convocadas polo feminismo galego o 8 de marzo en defensa dos dereitos das mulleres e o seu compromiso por promover a igualdade real entre mulleres e homes.

2.- Intensificar os esforzos no desenvolvemento de políticas encamiñadas a fomentar a incorporación das mulleres ao mercado laboral, a través do emprego de calidade, o empoderamento e a educación para a igualdade de oportunidades.

3.- Incorporar a perspectiva de xénero en toda a actividade da institución provincial e en seguir colaborando coas entidades locais da provincia no desenvolvemento de políticas públicas de igualdade e de loita contra a violencia machista.

4.- Impulsar a perspectiva de xénero na análise de datos estatísticos da Deputación da Coruña en fichas, formularios, bases de datos, programas informáticos ou calquera outra documentación xerada en que sexa legalmente posíbel.

5.- Contribuír ao fortalecemento dos recursos existentes para a prevención e intervención nos casos de violencia machista.

**1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 1/2023 de 27 de xaneiro.**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 1/2023, de 27 de xaneiro.

**2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 21 de xaneiro ata o 17 de febreiro de 2023.**

Dáse conta ao Pleno das Resolucións da Presidencia desde o 21 de xaneiro ata o 17 de febreiro de 2023.

**3.- Aprobación da modificación do texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidad de Salamanca para financiar o Proxecto de actuación arqueolóxica e valorización patrimonial "A chegada de Roma ao Finis Terrae"**



## VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

## ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a modificación do texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidad de Salamanca correspondente á subvención nominativa concedida polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria que tivo lugar o 22 de decembro de 2022, no que se refire aos prazos para realización e xustificación do proxecto obxecto do convenio, así como ao prazo de vixencia, de xeito que o texto definitivo do convenio é o seguinte:

**“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidad de Salamanca para financiar o *Proxecto de actuación arqueolóxica e valorización patrimonial "A chegada de Roma ao Finis Terrae"***

Na Coruña, a

## **REUNIDOS**

D/Dna. \_\_\_\_\_, en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña.

D/Dna. \_\_\_\_\_, en nome e representación da Universidad de Salamanca.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecendo reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

## **MANIFESTAN**

**1.-** A Universidad de Salamanca é unha institución de dereito público, sen ánimo de lucro, dotada de personalidade xurídica e capacidade de obrar. Fundada en 1218 cumpre máis de 800 anos de historia ininterrompida. Foi xunto coa de París, Oxford e Bolonia unha das primeiras universidades europeas.

**2.-** De conformidade co artigo 2 dos seus Estatutos, son fins da Universidad de Salamanca, entre outros:

- O asesoramento científico, técnico e cultural á sociedade, para contribuir á mellora da calidade da vida na comunidade.

- A profundización na cooperación universitaria no ámbito nacional e internacional.

- O desenvolvemento da investigación científica, técnica e artística e a transferencia do



coñecemento á sociedade, así como a formación de investigadores.

**3.-** De conformidade cos art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, é competencia propia das deputacións o fomento dos intereses peculiares da provincia e a organización de actividades que teñan por obxecto o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

**4.-** A Deputación Provincial da Coruña e a Universidad de Salamanca coinciden no seu común interese en realizar este proxecto cultural e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Universidad de Salamanca**, con CIF: Q3718001E, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do *Proxecto de actuación arqueolóxica e valorización patrimonial "A chegada de Roma ao Finis Terrae"*, que se indica deseguido:

- Traballos preliminares
- Traballo arqueolóxico de campo
- Difusión e socialización de investigación
- Traballo de gabinete post-excavación
- Divulgación: outras accións e materiais

### II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A Universidad de Salamanca desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

<i>Desprazamentos</i>	2.036,50
<i>Publicidade e propaganda</i>	9.097,70
<i>Compras de bens destinados á actividade</i>	786,50
<i>Servizos de profesionais independentes</i>	9.014,50
<i>Outros tributos - Costes indirectos da USAL</i>	6.300,00
<i>Soldos e salarios</i>	18.717,00
<i>Seguridade social a cargo da entidade</i>	6.551,80

**Total gastos: 52.504,00 €**

### III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

**1.-** A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **41.999,00 €**, o que representa unha porcentaxe do 79,99 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.



No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación achegará o importe que represente o 79,99 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3269/45390, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Universidad de Salamanca obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación da execución.**

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Universidad de Salamanca.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Universidad de Salamanca, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Universidad de Salamanca deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Universidad de Salamanca.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle abonada á Universidad de Salamanca unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

\* **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal da Universidad de Salamanca, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das



actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas **entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 30 de novembro de 2023**.

\* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

\* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

**1.-** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **30 de novembro de 2023**.

**2.-** Unha vez rematadas as actividades, a Universidad de Salamanca deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **15 de decembro de 2023**.

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Universidad de Salamanca para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidad de Salamanca da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

**4.-** O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidad de Salamanca na documentación aportada.





## **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

1.- A Universidad de Salamanca deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

## **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1.- A Universidad de Salamanca destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Universidad de Salamanca deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidad de Salamanca poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidad de Salamanca queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle



en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidad de Salamanca seran remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Universidad de Salamanca será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de decembro de 2023** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2022.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio 2024, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Universidad de Salamanca, realizada alomenos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.



#### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.**

**1.-** O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

**2.-** A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

**3.-** Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

**4.- Aprobación da ampliación do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios en materia de colaboración e asistencia á función interventora de comprobación material dos investimentos, así como do texto do Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local das provincias da Coruña e Pontevedra (COSITAL Coruña e Pontevedra).**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"Primeiro.** Aprobación da ampliación da prestación do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios da Deputación en materia de colaboración e asistencia presencial aos órganos de intervención municipais no exercicio das funcións fiscalizadoras relativas á comprobación material dos investimentos naqueles municipios pertencentes ao ámbito territorial da provincia da Coruña cunha poboación inferior a 20.000 habitantes e respecto daqueles investimentos aos que se refire o artigo 20.3 do Real decreto 424/2017 de réxime xurídico do control interno, isto é, cando o importe do investimento suxeito a comprobación material sexa igual ou superior a 50.000 euros, con exclusión do imposto sobre o valor engadido.

**Segundo.** Aprobar o convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e o Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local das Provincias da Coruña e Pontevedra (COSITAL Coruña e Pontevedra), co seguinte texto:



## "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O COLEXIO TERRITORIAL DE SECRETARIOS INTERVENTORES E TESOUREIROS DAS PROVINCIAS DA CORUÑA E PONTEVEDRA (COSITAL Coruña e Pontevedra)

No pazo provincial, sede da Deputación Provincial da Coruña  
A Coruña, de de 2023

### REUNIDOS

Dunha parte, o Ilmo. Sr. D. Valentín González Formoso, en calidade de presidente da Deputación Provincial da Coruña, actuando en nome e representación desta, con CIF P1500000C, segundo o disposto no art. 34.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, e art. 61.11 do R.D. 2.568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Doutra, o presidente do Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local das Provincias da Coruña e Pontevedra (CIF Q15660071), D. José Antonio Rueda de Valenzuela.

Actúa de secretaria Dona Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial, que dá fe do acto.

As partes recoñécense mutuamente capacidade legal bastante e representación suficiente para outorgar o presente documento e a tal fin.

### EXPOÑEN

1º.- De conformidade co disposto no art. 36.1.b) e d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, pola Lei 57/2003, do 16 de decembro e pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, a Deputación provincial ten a competencia para prestar:

*"b) A asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión. En todo caso garantirá nos municipios de menos de 1.000 habitantes a prestación dos servizos de secretaría e intervención",* determinándose no apartado 2.c do art. 36 da mesma lei que a Deputación ou entidade equivalente garante o desempeño das funcións públicas necesarias nos concellos, segundo quedan reguladas no art. 92.bis da Lei 7/1985, e préstalles apoio na selección e formación do seu persoal sen prexuízo da actividade desenvolvida nestas materias pola Administración do Estado e das Comunidades Autónomas.

*"d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas nese ámbito.*

2º.- O Real decreto legislativo 2/2004 sinala no seu artigo 214 o contido da función interventora en cuxo ámbito se inclúe a "*comprobación material dos investimentos*". Tales tarefas, imprescindibles para o cumprimento das esixencias de fiscalización establecidas



no artigo mencionado corresponden ás Intervencións Municipais.

3º.-Pola súa banda, a Lei 9/2017 de contratos do sector público, mantendo as previsións normativas de contratación pública precedentes, establece no seu artigo 210.2 ao referirse ao cumprimento dos contratos que: *"En todo caso, a súa constatación esixirá por parte da administración un acto formal e positivo de recepción ou conformidade dentro do mes seguinte á entrega ou realización do obxecto do contrato, ou no prazo que se determine no prego de cláusulas administrativas particulares por razón das súas características. Á Intervención da administración correspondente seralle comunicado, cando iso sexa preceptivo, a data e lugar do acto, para a súa eventual asistencia en exercicio das súas funcións de comprobación do investimento"*; singularmente para o contrato de obras, o artigo 243 establece respecto diso que:

*"1. Á recepción das obras a súa terminación e para os efectos establecidos nesta lei, concorrerá un facultativo designado pola administración representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo.*

*2. Se as obras están en bo estado e conforme as prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola administración contratante e representante desta, daraas por recibidas, redactarase a correspondente acta e comezará entón o prazo de garantía.*

*(...)"*

Finalmente, a Disposición adicional terceira da mencionada Lei 9/2017, esixe a asistencia do órgano interventor á *"recepción material de todos os contratos, agás os contratos menores, en exercicio da función de fiscalización material dos investimentos que esixe o artigo 214.2.d) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, poderá estar asistido na recepción por un técnico especializado no obxecto do contrato, que deberá ser diferente do director de obra e do responsable do contrato. Os servizos de asistencia das Deputacións provinciais asistirán aos pequenos municipios para estes efectos e os demais establecidos na lei."*

4ª.-A finalidade da intervención da comprobación material do investimento é a de verificar materialmente a efectiva realización das obras, servizos e adquisicións financiadas con fondos públicos e a súa adecuación ao contido do correspondente contrato ou encargo.

Con ocasión da entrada en vigor do Real decreto 424/2017 do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local, dando cumprimento ao preceptuado no Real decreto legislativo 2/2004, concréntanse as obrigas que corresponden ao órgano interventor relativas ás funcións inherentes á intervención da comprobación material dos investimentos, no seu artigo 20 que sinala respecto diso o seguinte:

*1. Antes de liquidar o gasto ou recoñecer a obriga verificarase materialmente a efectiva realización das obras, servizos ou adquisicións financiadas con fondos públicos e a súa adecuación ao contido do correspondente contrato.*

*2. A intervención da comprobación material realizaraa o órgano interventor. O órgano interventor poderá estar asesorado cando sexa necesaria a posesión de coñecementos técnicos para realizar a comprobación material.*

*3. Os órganos xestores deberán solicitar ao órgano interventor, ou en quen delegue, a súa asistencia á comprobación material do investimento cando o importe desta sexa igual ou superior a 50.000,00 euros, con exclusión do imposto sobre o valor engadido, e sen prexuízo de que as bases de execución do orzamento fixen un importe inferior, cunha*



*antelación de vinte días á data prevista para a recepción do investimento de que se trate.*

**4.** *A intervención da comprobación material do investimento realizarase, en todo caso, concorrendo o órgano interventor, ou en quen delegue, ao acto de recepción da obra, servizo ou adquisición de que se trate.*

*Cando se aprecien circunstancias que o aconsellen, o órgano interventor poderá acordar a realización de comprobacións materiais do investimento durante a execución das obras, a prestación de servizos e fabricación de bens adquiridos mediante contratos de subministracións.*

**5.** *O resultado da comprobación material do investimento reflectirase en acta que será suscrita por todos os que concorran ao acto de recepción da obra, servizo, ou adquisición e na que se farán constar, no seu caso, as deficiencias apreciadas, as medidas que se han adoptar para emendalas e os feitos e circunstancias relevantes do acto de recepción.*

*Nesta acta ou en informe ampliatorio poderán os concorrentes, de forma individual ou colectiva, expresar as opinións que estimen pertinentes.*

(...)

5º.-O Colexio de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local da Provincia da Coruña e Pontevedra (COSITAL Coruña e Pontevedra en diante) é unha Corporación de Dereito Público amparada pola lei e recoñecida polo Estado, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins e ten entre os seus obxectivos *"a realización de cantas actuacións redunden na mellora e beneficio dos intereses xerais da cidadanía destinataria das funcións públicas reservadas aos Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local"*, procurando o establecemento dos procedementos necesarios que coadxuven ao eficaz exercicio das funcións que teñen encomendadas os Funcionarios de Habilitación Nacional.

6º.-O obxectivo do presente CONVENIO, como continuidade ó Convenio asinado o 11/02/2019, supón o mantemento nas canles de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e COSITAL para posibilitar de forma efectiva o cumprimento, por parte dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, das obrigas normativas vixentes referidas á Intervención das comprobacións materiais dos investimentos naqueles supostos en que a inexistencia de dispoñibilidades persoais e/ou a esixencia de coñecementos técnicos para levar a cabo esas funcións, requiran a asistencia e colaboración da Deputación provincial a través do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios (SATM), sen prexuízo de que en función, tanto das demandas municipais como das dispoñibilidades persoais e/ou materiais do SATM, poida considerarse no futuro a ampliación do ámbito subxectivo e/ou obxectivo de aplicación.

De conformidade con estes antecedentes, as partes establecen o seguinte:

## **CLAUSULADO**

### **Primeira.- Obxectivo**

Este CONVENIO ten como finalidade o establecemento dun marco estable de colaboración entre a Deputación e COSITAL Coruña e Pontevedra en materia de xestión



da colaboración e **asistencia por parte do Servizo de Asistencia Técnica aos Municipios (SATM) da Deputación Provincial da Coruña** aos municipios cuxo ámbito poboacional se define no seu articulado, para a realización das **funcións de intervención material na comprobación dos investimentos** cando por parte do órgano interventor solicite a devandita **asistencia** como consecuencia da necesidade de **coñecementos técnicos específicos** para a súa realización.

### **Segunda.- Compromisos**

Para estes efectos a Deputación provincial a través do seu Servizo de Asistencia Técnica a Municipios, comprométese á prestación do servizo de colaboración e asesoramento aos órganos interventores na execución das funcións de intervención da comprobación material dos investimentos, nos termos, cos requisitos e procedementos que se desenvolven nas seguintes estipulacións.

Pola súa banda, o COSITAL Coruña e Pontevedra coaduxará na difusión deste servizo de asesoramento entre os funcionarios de habilitación nacional no ámbito territorial da provincia de A Coruña, colaborando de forma permanente, tanto coa propia Deputación como cos seus colexiados, na formalización e programación das actuacións que se soliciten e asumindo os labores de intermediación para a efectiva realización dos obxectivos do presente convenio.

Non se establecen compromisos específicos de orde orzamentaria ou económica-financieiro no cumprimento do presente acordo

### **Terceira.- Ámbito de aplicación subxectivo**

O servizo de asesoramento na comprobación material dos investimentos por parte do SATM da Deputación Provincial da Coruña, prestarase a aqueles **municipios pertencentes ao ámbito territorial da provincia da Coruña con poboación inferior a 20.000 habitantes**, nos termos establecidos na normativa mencionada, sen prexuízo da posibilidade de ampliación do ámbito subxectivo nos termos sinalados na exposición do presente convenio.

### **Cuarta. Ámbito de aplicación obxectivo**

A Deputación provincial comprométese á prestación do asesoramento necesario para posibilitar as funcións interventoras de comprobación material dos investimentos por parte dos órganos de intervención dos municipios sinalados na cláusula anterior cando o **importe do investimento suxeito a comprobación material sexa igual ou superior a 50.000 euros, con exclusión do imposto sobre o valor engadido**, de conformidade co establecido no artigo 20.3 do Real decreto 424/2017, sen prexuízo da posibilidade de ampliación deste ámbito obxectivo na medida que o permitan as condicións sinaladas na parte positiva

### **Quinta. Procedemento**

O procedemento para a prestación do labor de asesoramento e colaboración ao órgano de intervención para a realización da función de intervención da comprobación material dos investimentos nos supostos nos que, concorrendo os requisitos anteriores, sexa necesaria ou conveniente a asistencia do persoal da Deputación adscrito ao SATM como consecuencia da esixencia de coñecementos técnicos específicos para realizala con garantías, será o seguinte:



a) Presentación da solicitude asinada polo alcalde ou alcaldesa, mediante o Procedemento de SUBTEL "Asistencia Técnica a Municipios", no [Modelo que se xunta \(anexo I\): procedemento de SUBTEL \[0091\] Asistencia técnica a municipios - Solicitudes de asistencia presencial](#)

b) Documentación complementaria que necesariamente deberá incorporarse, sen prexuízo de calquera outra complementaria que se considere conveniente:

-Documento do proxecto de obras completo

-Solicitude de asistencia técnica por parte do órgano de intervención municipal

c) [Aceptación do modelo de acta de recepción proposto polo SATM que se incorpora como anexo a este documento \(anexo II\)](#)

O modelo de solicitude indicará o prazo mínimo co que debe tramitarse a solicitude respecto da data de realización da comprobación material do investimento, que en ningún caso poderá ser inferior a 15 días, tal e como se indica no modelo de solicitude.

#### **Sexta.**

Tanto a Deputación Provincial da Coruña como o COSITAL Coruña e Pontevedra, comprométese ao mantemento e fomento dunha vía de colaboración institucional entre ambas as dúas entidades coa intención de favorecer a efectiva realización das actuacións definidas neste clausulado tratando de mellorar así a eficacia da xestión pública, e en xeral, para o fomento da colaboración mutua naqueles asuntos que se estime de interese e relevancia para a consecución dos obxectivos marcados, como poidan ser a celebración de xornadas de difusión en sede colexial para o público coñecemento e formación das persoas interesados ou calquera outra que se estime conveniente.

#### **Sétima.**

O presente CONVENIO unha vez formalizado, entrará en vigor con efectos 01/01/2023 e terá vixencia anual, prorrogable automaticamente un máximo de catro anos, salvo denuncia expresa dalgunha das partes, notificada á outra cun mínimo dun mes de antelación á efectividade de tal resolución.

#### **Oitava.**

O presente CONVENIO ten carácter administrativo, sendo de aplicación as normas desta orde para a súa interpretación e resolución de dúbidas que puidesen xurdir respecto diso.

#### **Novena.**

No non previsto no presente CONVENIO, estarase ao disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, pola Lei 57/2003, do 16 de decembro e pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, o R.D. lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e a Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público e demais normas que resulten aplicables.





## Décima.

O presente convenio ten carácter administrativo, e por tanto, todas as cuestións que se poidan presentar no tocante ao seu cumprimento, interpretación, resolución e efectos, serán dilucidadas ante a xurisdición contencioso-administrativa."

### Anexo I

#### **SATM / MODELO DE SOLICITUDE DE ASISTENCIA TÉCNICA PRESENCIAL**

*De acordo co establecido no vixente Regulamento de prestación dos servizos de asistencia técnica, xurídica e económica a municipios e, no seu caso, nas bases do plan/convenio respectivo ou na normativa pola que se regulan os contratos do sector público, solicítase a presenza/integración dun/ha funcionario/a técnico/a da Deputación da Coruña no acto/órgano abaixo indicado<sup>1</sup>:*

CONCELLO: (*)	
PLAN/CONVENIO:	
DENOMINACIÓN OBRA / SUBMINISTRACIÓN:	
CÓDIGO DE IDENTIFICACIÓN EN SUBTEL:	
TIPO DE ASISTENCIA REQUIRIDA: (*)	<input type="checkbox"/> Formalización de acta de comprobación da implantación dunha obra incluída nun plan/convenio de colaboración coa Deputación da Coruña. <input type="checkbox"/> Formalización de acta de recepción dunha obra ou subministración incluída ou non nun plan/convenio de colaboración coa Deputación da Coruña. <input type="checkbox"/> Pertenza á Mesa de Contratación dunha obra, servizo ou subministración <input type="checkbox"/> Pertenza a un Comité Técnico de avaliación de ofertas dunha obra, servizo ou subministración <input type="checkbox"/> Pertenza a unha Comisión de desenvolvemento de documentos técnicos.
DESCRIPCIÓN DA ASISTENCIA REQUIRIDA: (*)	
LUGAR: (*)	
DATA PROPOSTA: (*)	
HORA PROPOSTA: (*)	

1 Os campos marcados con “(\*)” son de obrigado cumprimento. Os restantes campos cubriranse só no caso de obras ou actuacións incluídas en plans ou convenios financiados pola Deputación da Coruña.



<b>PERSOA DE CONTACTO:</b> (*)	
<b>TELÉFONO FIXO (+ EXT) / MÓBIL:</b> (*)	
<b>CORREO ELECTRÓNICO:</b> (*)	
<input type="checkbox"/> <i>Declaro que o Concello que presido consinte que os datos contidos neste expediente sexan incorporados aos ficheiros informáticos da Deputación da Coruña. Os datos persoais recollidos poderán ser incorporados e tratados en ficheiros ou inscritos na Axencia Española de Protección de Datos, baixo responsabilidade da Deputación da Coruña. O enderezo onde a persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición é o oficial da Avda. Porto da Coruña nº 2 15003 A Coruña. Faise constar todo o anterior en cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/119, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e na súa normativa de desenvolvemento</i>	

**NOTAS:**

- A solicitude deberá comunicarse á Deputación da Coruña cun mínimo de 15 días de antelación á data prevista para a realización do acto ou a constitución do órgano de que se trate, salvo que circunstancias xustificadas o impidan.
- Coa solicitude deberá achegarse a documentación técnica e administrativa (proxectos, pregos, etc.) que resulte precisa en cada caso.
- A data e hora solicitadas estarán suxeitas á dispoñibilidade do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios, de xeito que poderán ser modificadas na confirmación de presenza que efectuará a Deputación da Coruña.

**Anexo II****ACTA DE RECEPCIÓN**

<b>Obra:</b> <b>Situación:</b> <b>Concello contratante:</b> <b>Empresa contratista:</b> <b>Orzamento:</b>
---

<b>ASISTENTES</b>	
Conforme, o/a representante do Concello contratante	<i>Na data do xx/xx/xxxx, reúnense no lugar sinalado os asistentes que se relacionan á marxe, coa finalidade de recibir as obras de referencia. Concorre tamén persoal técnico da Deputación da Coruña en funcións de asistencia como delegado da Intervención municipal, co exclusivo obxecto de comprobar a efectiva realización material das obras previstas aplicando os investimentos públicos consignados neste</i>
Asdo.:	



<p>Conforme, o/a director/a das obras</p> <p>Asdo.:</p>	<p>contrato.</p> <p>Efectúase este acto en cumprimento do disposto nos art. 210, 242 e 243 da L 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e nos art. 163 ao 173 do RD 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o seu Regulamento xeral. Así mesmo, o exercicio da función de fiscalización material dos investimentos públicos pola Intervención municipal responde ao establecido no art. 214.2.d do RDLex 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no art. 20 do RD 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local e na adc. 3ª da citada L 9/2017.</p>
<p>Conforme, o/a representante da empresa contratista</p> <p>Asdo.:</p>	<p>Despois de inspeccionar detalladamente as obras, os facultativos do Concello e da Dirección constatan que están completamente rematadas, en bo estado e con axuste ao proxecto relativo a esta contratación; sen prexuízo, no seu caso, de excesos de execución nas unidades previstas e/ou de prezos novos que, sen superar os límites legais, serán determinados na acta de medición xeral preceptiva.</p>
<p>Comprobado, o/a técnico/a da Deputación delegado pola Intervención municipal</p> <p>Asdo.:</p>	<p>Con base no así verificado, o <b>Concello contratante recibe as obras</b>, a Dirección sinala a data do xx/xx/xxxx para efectuar a medición xeral e a empresa contratista dáse por notificada de todas estas circunstancias.</p>
<p>Asdo.:</p>	<p>En consecuencia con todo o anterior redáctase a presente acta, asinada polos asistentes en exemplar quintuplicado, co fin de que conste para o cómputo do prazo de garantía e demais efectos que resultan oportunos.</p>

**Terceiro.** Facultar o Presidente da Corporación para a sinatura do presente convenio."

**5.- Aprobación técnica do proxecto da obra DP 1502 Porto a Laraxe. Mellora da seguridade vial PQ. 0+970 AO 2+305 (CABANAS), incluído no Plan de Inversións de Vías Provinciais (VIPI) 2023, primeira fase.**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)



Votan en contra: ningún/ha deputado/a  
 Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar técnicamente o proxecto incluído no Plan de INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2023 PRIMEIRA FASE cun orzamento total de 1.185.545,02.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO	EXPROPIACION
2023.1110.0001.0	DP 1502 PORTO A LARAXE. MELLORA DA SEGURIDADE VIAL PQ. 0+970 AO 2+305	CABANAS	1.185.545,02 €	305.110,12 €

2.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución da seguinte obra:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO	EXPROPIACION
2023.1110.0001.0	DP 1502 PORTO A LARAXE. MELLORA DA SEGURIDADE VIAL PQ. 0+970 AO 2+305	CABANAS	1.185.545,02 €	305.110,12 €

3.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

### **6.- Aprobación do Plan de Inversións de Vías Provinciais (VIPI) 2023, segunda fase**

#### VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a  
 Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o PLAN INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2023, SEGUNDA FASE cun orzamento total de 22.934,07.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 , integrado polos proxectos que se detallan:



CÓDIGO	DENOMINACION DA OBRA	IMPORTE
2023.1110.0002.0	PASARELA PEONIL NA ESTRADA PROVINCIAL DP 3604 SAN XOAN DE FILGUEIRA A CATABOIS, PQ 1+500 (FERROL)	12.340,00
2023.1110.0003.0	PASARELA PEONIL NA ESTRADA PROVINCIAL DP 3612 ANEIROS A CABANA, PQ 1+070 (FERROL)	10.594,07
TOTAL.....		22.934,07

2.- Expoñer ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

**7.- Aprobación definitiva do proxecto da obra DP 8001.- Ponte sobre o río Mandeo na estrada DP 8001 Cruces a Penablanca, PQ 3+100 (SOBRADO DOS MONXES), incluído no Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2021, novena fase.**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o PLAN DE INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2021, NOVENA FASE cun orzamento total de 893.873,15 .- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 , integrado polos proxectos que se detallan:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO
2021.1110.0011.0	DP 8001.- PONTE SOBRE O RIO MANDEO NA ESTRADA DP 8001 CRUCES A PENABLANCA, PQ 3+100	SOBRADO	893.873,15 €

2.- Expoñer ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión



Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

## **8.- Aprobación da prórroga do contrato de Servizo de Teleasistencia Domiciliaria da Deputación Provincial da Coruña.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º) Aprobar a prórroga do contrato de SERVICIO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, expediente PCO.001.2018.00207, que se modificou para facelo extensivo ao Concello de Ferrol.

A prórroga será executada polo adxudicatario do contrato principal, EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A. con NIF A79022299, de conformidade cos pregos que rexen o contrato inicial, aprobados por Resolución da Presidencia nº 41532 de data 27/11/2018 e modificados por Resolución da Presidencia nº 3981 de data 04/02/2020 para incorporar os requisitos introducidos polo Real Decreto-lei 14/2019, do 31 de outubro, na Lei de contratos do sector público en materia de protección de datos, nas seguintes condicións:

1.1. Prazo: O prazo da prórroga será o comprendido entre o 17 de abril de 2023 e o 16 de abril de 2024.

1.2. Presuposto da prórroga: Será o presuposto máximo anual do contrato (720.000,00 €) incrementado nun 20% (144.000,00 €), é dicir, un total de 864.000,00 €

1.3. Financiamento: a prórroga do contrato poderá financiarse con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/22799 coa seguinte periodificación:

ANUALIDADE	PERÍODO	Nº OPERACIÓN	TOTAL €
2023	17/04/ 2023 A 30/11/ 2023 (7,5 meses)	RC 220230000256	540.000,00 €
2024	01/12/2023 A 16/04/202 4 (4,5 meses)	R C P 220239000011	324.000,00 €
<b>TOTAL</b>			<b>864.000,00 €</b>

O financiamento da prórroga queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato no exercicio 2024.

2º) Requirir ao adxudicatario para que concorra a formalizar o contrato o día que ao efecto se lle sinale, previo depósito na Caixa da Corporación das taxas por formalización de contratos administrativos polo importe que se lle indicará.

Ao tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada e, polo tanto, susceptible de



recurso especial en materia de contratación, a formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles dende que se remita a notificación aos licitadores.

Unha vez transcorrido este prazo sen que se interpoña recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato, o órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días a contar desde o seguinte a aquel en que recibise a notificación para a formalización.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado esixiráselle o importe do 3 por cento da presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía definitiva, sen prexuízo do establecido na letra b) do apartado 2 do artigo 71 LCSP respecto da súa declaración de prohibición de contratar."

### **9.- Aprobación do cambio da titularidade da estrada municipal que une a N-5447 e a estrada autonómica AC 240 a través da estrada DP-6603.**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1- Aprobar o cambio de titularidade a favor da Deputación da Coruña dos seguintes tramos de estradas solicitados polo **Concello do Pino** mediante acordo plenario do 13/12/2022:

- VIA MUNICIPAL QUE CONECTA O FINAL DA ESTRADA PROVINCIAL DP 6603 (que coincide no límite do termo municipal do concello de Touro) coa estrada nacional N-547
- (2,891Km)
- Coordenadas de inicio: X = 549.251 / Y = 4.788.197
- Coordenadas de fin: X = 549.494 / Y = 4.750.461

2.- Dar traslado á Xunta de Galicia para a súa correspondente aprobación aos efectos de dar cumprimento ao prevenido no artigo 9 da Lei de Carreteras de Galicia.

3.- Facultar ao Presidente desta Deputación para a formalización da correspondente acta de entrega, unha vez aprobada polo órgano competente dito cambio de titularidade. Esta acta definirá con precisión os límites dos terrenos afectados, así como a súa lonxitude real e todas aquelas outras circunstancias que contribúan á súa mellor identificación. Así mesmo incluírá un plano no que se identifiquen gráficamente os límites mencionados.

4.- Modificar o Catálogo de Estradas da rede de titularidade da Deputación Provincial da Coruña, unha vez aprobado polo órgano competente da Xunta de Galicia o cambio de titularidade sen necesidade de novo acordo plenario, dando conta á consellería competente da Xunta de Galicia en materia de estradas.



5.- Modificar o Inventario de Bens da Deputación da Coruña no que respecta aos tramos referidos no punto 1º do presente acordo."

**10.- Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de TOURO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de construción Beirarrúas na marxe dereita da Rúa Pucho Boedo.**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 1 deputado (Marea Atlántica)

### ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención de Marea Atlántica, acorda:

**1º.- Levantar o reparo** interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Touro para cofinanciar as obras de construción Beirarrúas na marxe dereita da Rúa Pucho Boedo e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

**2º.- Exceptuar** para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

**3º.- Aprobar** o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Touro polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de construción Beirarrúas na marxe dereita da Rúa Pucho Boedo cunha achega provincial de 104.115,08 euros con cargo a la aplicación orzamentaria 0112/1532/76201 o que representa un coeficiente de financiamento do 80,00 % respecto dun orzamento de 130.143,85 euros.

**4º.- Condicionar** o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

### ANEXO

**CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE TOURO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE CONSTRUCIÓN DE BEIRARRÚAS NA MARXE DEREITA DA RÚA PUCHO BOEDO**

Na Coruña, a \_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023

Ante mín, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña,





como fedataria actuante

## REUNIDOS

Dunha parte, o/a representante da Excm. Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte o/a representante do Concello de **Touro**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

## MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Touro** considera de primeira necesidade as obras de "Beirarrúas na marxe dereita da Rúa Pucho Boedo"

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

*"... o obxectivo fundamental da obra é separar as redes de saneamento e pluviais da rúa Pucho Boedo, que ven ocasionando graves problemas de funcionamento da Estación depuradora de augas residuais (EDAR), polos arrastres e exceso de caudal na época de chuvias e tormentas de verán, que dificultan ou anulan o seu funcionamento.*

*A realización da obra é moi urxente, porque a EDAR da servizo ao maior núcleo urbano do Concello, Fonte Díaz, que é a súa capital, e resulta imprescindible o seu funcionamento correcto, para evitar vertidos ao río Lañas.*

*As obras de separación das redes obrigan a substituír tamén a beirarrúa na marxe dereita da rúa..."*

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Touro** ambas as dúas partes

## ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:



## I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Touro con CIF P1508600B, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das obras de “Beirarrúas na marxe dereita da Rúa Pucho Boedo”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por D.Pablo Blanco Ferreiro Enxeñeiro de Camiños, C. e P. Col. Nº.: 22.992

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

## II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	<b>90.383,95</b> euros
Gastos xerais 13,00%	<b>11.749,91</b> euros
Beneficio Industrial 6,00 %	<b>5.423,04</b> euros
IVE (21%)	<b>22.586,95</b> euros
<b>ORZAMENTO DE LICITACIÓN</b>	<b>130.143,85</b> euros

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **104.115,08** euros o que representa unha porcentaxe de **80,00 %**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,00 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.



3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

**Tampouco** se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/1532/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito. Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .**

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.**

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca,



símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web**.

## VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54º das de execución do Orzamento para o ano 2022, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adjudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adjudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adjudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obra**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**



3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

#### **VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes



de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

## **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a



identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal)

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2023**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2023**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa súa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.



#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

**11.- Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de RIBEIRA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o proxecto de equipamento escénico para o novo auditorio de Ribeira.**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**1º.- Levantar o reparo** interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o concello de Ribeira polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do " Equipamento escénico para Importe novo auditorio " e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

**2º.- Exceptuar** para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

**3º.- Aprobar** o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excma.





Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Ribeira** polo que se instrumente unha subvención nominativa para cofinanciar o Equipamento escénico para Importe novo auditorio cunha achega provincial de **300.788,22 €** euros con cargo a la **aplicación orzamentaria 0112/3339/76201** o que representa un coeficiente de financiamento do **80,00%** respecto dun orzamento de **375.985,28 euros**.

**4º.- Condicionar** o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

## ANEXO

### CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE RIBEIRA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DO EQUIPAMIENTO ESCÉNICO PARA O NOVO AUDITORIO

Na Coruña, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

## REUNIDOS

Dunha parte, o/a representante da Excma. Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte o/a representante do Concello de **Rbeira**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

## MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Ribeira** considera de primeira necesidade o equipamento escénico do Novo Auditorio



Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións preténdese por parte do Concello realizar o equipamento, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

*” ...o carácter cultural e social do proxecto de equipamento escénico do novo Auditorio de Ribeira, redundará no interese xeral do Municipio ao formar parte da nova construción do Auditorio de Ribeira, edificio que permitirá dar servizo as necesidades dunha poboación de preto de 28.000 habitantes para o desenvolvemento cultural e social a través de representacións teatrais, concertos, recitais, conferencias, etc...”*

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Ribeira** ambas as dúas partes

### ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

#### I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Ribeira con CIF.- P1507400H, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento do “ Proxecto de equipamento escénico para o novo auditorio de Ribeira”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polos arquitectos Bernat Pons Vidal, Anna Gorrochategui Matas e Antoni Pons Cañellas

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A Instalación do equipamento está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de instalación completa realizada polo seu redactor. Xa que logo, unha vez rematado e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinalo a uso público para o cal está prevista.

#### II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN

O orzamento total da execución da instalación, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	<b>310.731,64</b> euros
IVE (21%)	<b>65.253,64</b> euros
<b>ORZAMENTO DE LICITACIÓN</b>	<b>375.985,28</b> euros



### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento do equipamento, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **300.788,22** euros o que representa unha porcentaxe de **80,00** %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,00** % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de subministro e instalación, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección de dirección de obra, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/3339/76201**,, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de subministro e instalación descrito no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

Non se poderá contratar dita adquisición con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.



2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado**.

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

#### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** da instalación e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a instalación do equipamento**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web**.

#### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54º das de execución do Orzamento para o ano 2022, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación do subministro, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de subministro**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Copia do contrato formalizado, do albarán de entrega e da factura. Sobre o orixinal de este documento se deberá estender unha dilixencia na que se faga constar que a mesma foi presentada como xustificante de gasto para obter unha subvención provincial
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección técnica.



2. Formalizado en documento público o contrato, procederase ao abono do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da equipamento**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de entrega deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación da/s factura/s e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- **Certificación acreditativa do pago do subministro.**
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

## VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal e como está descrito no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de



desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto



nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na instalación do equipamento ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal)

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2023**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematada a instalación do equipamento e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2023**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección técnica, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024**, todo iso, igualmente



condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

**12.- Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de VILASANTAR polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de construción dunha nave para destinala a servizos municipais .**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a





Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**1º.- Levantar o reparo** interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Vilasantar para cofinanciar as obras de construción dunha nave para destinala a servizos municipais e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

**2º.- Exceptuar** para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

**3º.- Aprobar** o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Vilasantar polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de construción dunha nave para destinala a servizos municipais cunha achega provincial de 50.400,00 euros con cargo a la aplicación orzamentaria 0112/93391/76201, o que representa un coeficiente de financiamento do 80,00 % respecto dun orzamento de 63.000,00 euros.

**4º.- Condicionar** o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

### **ANEXO**

#### **CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VILASANTAR POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE CONSTRUCIÓN DUNHA NAVE PARA DESTINALA A SERVIZOS MUNICIPAIS**

Na Coruña, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

#### **REUNIDOS**

Dunha parte, o/a representante da Excm. Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte o/a representante do Concello de **Vilasantar**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

#### **MANIFESTAN**

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.



A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Vilasantar** considera de primeira necesidade as obras de **construción dunha nave para destinala a servizos municipais**

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

*“...como é a mellora na prestación de servizos como necesidade colectiva da veciñanza, para cubrir as necesidades operativas do Concello e albergar a maquinaria e o material do Concello para a prestación dos servizos públicos de recollida de lixo, mantemento e xestión do servizo de abastecemento de auga e da rede de sumidoiros, iluminación pública, protección civil, prevención e extinción de incendios, limpeza viaria, desbroce de pistas e servizo de mantemento das infraestruturas públicas municipais”*

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Vilsantar** ambas as dúas partes

### ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

#### I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Vilasantar con CIF P1509100B, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das “obras de **construción dunha nave para destinala a servizos municipais**”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto D. Luis Díaz Díaz N° colexiado COAG 3893

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os



documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

## II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	<b>43.753,04</b> euros
Gastos xerais 13,00%	<b>5.687,90</b> euros
Beneficio Industrial 6,00 %	<b>2.625,18</b> euros
IVE (21%)	<b>10.933,88</b> euros
<b>ORZAMENTO DE LICITACIÓN</b>	<b>63.000,00</b> euros

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **50.400,00** euros o que representa unha porcentaxe de **80,00** %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o **80,00** % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

**Tampouco** se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/93391/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao



cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

#### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.**Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.**

#### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54º das de execución do Orzamento para o ano 2023, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por



medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

## VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a**



**documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas



de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

#### **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal)

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

#### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e



conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2023**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2023**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no





lugar e data indicados no encabezamento."

**13.- Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Mellora de urbanización e servizos en rúa Soportais Fonte de Unta e Porta Ponte Vella", do Concello de Betanzos, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 co código 2020.2100.0012.0**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2020, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 25 de outubro de 2019 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 208 do 31 de outubro de 2019.

Logo de ver que o Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 26 de xuño de 2020, en relación coa Resolución da Presidencia número 23130 do 29 de xullo de 2020, aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 e o seu Plan complementario.

Logo de ver que no Anexo V a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen no POS+ 2020 "Achega 2020" no que figura, entre outras, a obra do Concello de Betanzos denominada "Mellora de urbanización e servizos en rúa Soportais Fonte de Unta e Porta Ponte Vella", co código 2020.2100.0012.0, que se aprobou de forma condicionada á obtención das Autorizacións de Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e do Servicio Urbanismo-Costas (Xunta).

Logo de ver que mediante Resolución da presidencia número 21405 do 24/05/2021, despois de presentar o Concello de Betanzos a documentación xustificativa necesaria, considerouse cumprida a condición á que quedou sometida esta obra e, en consecuencia, aprobouse definitivamente o investimento.

Logo de presentar o Concello de Betanzos un proxecto modificado desta obra, con diminución do seu orzamento de contrata na cantidade de 13.594,81 €, a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente, así como o resto da documentación administrativa e técnica xustificativa necesaria e que conta co informe favorable do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA**

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Betanzos denominada "Mellora de urbanización e servizos en rúa Soportais Fonte de Unta e Porta Ponte Vella", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan



único de concellos) POS+ 2020 co código 2020.2100.0012.0, que fora aprobado polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o 26 de xuño de 2020, en relación coa Resolución da Presidencia número 23130 do 29 de xullo de 2020, que supón unha diminución do seu orzamento total de contrata e introduce alteracións nas súas actuacións, xa que elimina a correspondente a Porta Ponte Vella e inclúe unha revisión dos prezos como consecuencia do incremento do prezo dos materiais motivado pola actual situación nos mercados.

<b>Proxecto Modificado</b>			
<b>Mellora de urbanización e servizos en rúa Soportais Fonte de Unta e Porta Ponte Vella</b>			
<b>2020.2100.0012.0</b>			
Axentes financeiros	Orzamento de contrata proxecto inical	Orzamento de contrata proxecto modificado	Diferenza
<b>Deputación</b>	112.236,07	112.236,07	0,00
<b>Concello</b>	35.075,72	21.480,91	-13.594,81
<b>Total</b>	<b>147.311,79</b>	<b>133.716,98</b>	<b>-13.594,81</b>

2.- A achega provincial a esta obra financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430 / 4592 / 76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificar este acordo ao Concello de Betanzos para os efectos oportunos."

**14.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación nas Rúas do Campo de Fútbol das Redondas", do Concello de Cabana de Bergantiños, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2100.0011.0**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación nas Rúas do Campo de Fútbol das Redondas", do Concello de Cabana de Bergantiños (en adiante, Cabana de B.), incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2100.0011.0, no que se acreditan os seguintes

### ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria



realizada o 23 de xuño de 2022 que, en relación coa Resolución da Presidencia número 2022/33529, do 27 de xullo de 2022 e o acordo plenario adoptado na sesión realizada o 29 de xullo de 2022, aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 e o seu Plan Complementario, no que se inclúe, entre outros, este investimento cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Cabana de B.	2022.2100.0011.0	Pavimentación nas Rúas do Campo de Fútbol das Redondas	111.088,73	0,00	111.088,73

Logo de aprobar o Concello de Cabana de B. un proxecto modificado deste investimento asinado dixitalmente o 20 de xaneiro de 2023 polo arquitecto técnico Marcos Pose Andrade, que xa redactara o proxecto inicial, cun incremento do seu orzamento de contrata de 14.118,33 €, que é asumido integramente polo concello e que ten como único obxectivo evitar que a licitación quede outra vez deserta, realizando só un axuste dos prezos contidos no proxecto inicial para que se adecúen á situación actual de mercado, mantendo inalterable o resto do proxecto segundo indica o técnico redactor no seu informe incluído na Memoria deste proxecto modificado

Logo de ver o documento contable de retención de crédito (RC), asinado dixitalmente o 3 de febreiro de 2023 pola interventora do concello e asentado no Libro Diario de Contabilidade Orzamentaria nesa mesma data, para facer fronte ao incremento do orzamento total deste proxecto modificado respecto do proxecto incluído no Plan por importe de 14.118,33 €

Tendo en conta que consta no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 31 de xaneiro de 2023 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación con respecto deste proxecto modificado

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+2022, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 26 de novembro de 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 228 do 30 de novembro de 2021, que foron posteriormente modificadas mediante acordo plenario do 27 de maio de 2022 (BOP núm. 102 do 31 de maio de 2022) para engadir a base 13 que regula o POS+ Adicional 2/2022 e que, tras ser sometidas a información e exposición pública, foron aprobadas definitivamente mediante novo acordo plenario adoptado na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Pavimentación nas Rúas do Campo de Fútbol das Redondas”, do Concello de Cabana de B., incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2100.0011.0, que aínda non está adxudicado, dado que quedou deserta a súa licitación e que foi aprobado polo Concello de Cabana de B. coa única finalidade de realizar un axuste dos prezos contidos no proxecto inicial para que se adecúen á situación actual de mercado e evitar que a licitación quede novamente



deserta, cun incremento do seu orzamento total de contrata respecto do proxecto inicial que ascende a 14.118,33 € e que é asumido integramente polo concello, tal e como se indica na seguinte táboa:

Proxecto modificado con incremento Concello de Cabana de B. "Pavimentación nas Rúas do Campo de Fútbol das Redondas" Código 2022.2100.0011.0	PROXECTO INICIAL Contrata	PROXECTO MODIFICADO Contrata	DIFERENZA Contrata
Deputación	111.088,73	111.088,73	0,00
Concello	0,00	14.118,33	14.118,33
<b>Total</b>	<b>111.088,73</b>	<b>125.207,06</b>	<b>14.118,33</b>

2.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á partida orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Cabana de B. para os efectos oportunos."

**15.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reparación Camiño Chamoso", do Concello de Cabanas, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0131.0 e levantamento das condicións suspensivas ás que quedou sometida a aprobación definitiva deste investimento**

#### VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reparación Camiño Chamoso", do Concello de Cabanas, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0131.0, no que se acreditan os seguintes

#### ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 30 de xuño de 2021, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 e o seu Plan complementario

Tendo en conta que, de acordo co disposto no apartado 2 do citado acordo do 30 de xuño de 2021, a aprobación definitiva dos investimentos dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallan para cada un deles, entre os que figura este investimento do Concello Cabanas, que aínda está sen adjudicar, cos seguintes datos:



Concello	Código	Denominación	FINANCIAMENTO			Condicions pendentes
			Achega Deputación	Achega Concello	Orzamento Total	
Cabanas	2021.2000.0131.0	Reparación Camiño Chamoso	72.368,27	0,00	72.368,27	-Autorización da D.X de Patrimonio Cultural - Autoriz. Do S.Urbanismo-Costas-Xunta - Autoriz. de ADIF

Logo de ver a Resolución ditada o 5 de maio de 2021 polo xefe do Servizo de Coordinación Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade de A Coruña, Severino Álvarez Monteserín, pola que se autorizan estas actuacións

Logo de ver o informe da Demarcación de Costas do Estado en Galicia, do 23 de agosto de 2021, desfavorable á autorización para realizar as obras solicitadas mentres o concello non especifique e represente nun plano o tratamento que ten previsto realizar para evitar o desaugadoiro das augas pluviais de escorrentía sobre o talude que linda coa mar

Logo de ver a Resolución ditada o 18 de febreiro de 2022 pola directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Helena Mosquera García, autorizando as obras contidas nun proxecto modificado deste investimento, redactado en novembro de 2021 polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, Pablo Blanco Ferreiro, que xa redactara o proxecto inicial, no que se recollían as modificacións solicitadas pola Demarcación de Costas do Estado en Galicia, pero que non se chegou a aprobar por esta deputación ao non adecuarse os custos de man de obra reflectidos na xustificación de prezos aos dos convenios colectivos, segundo se indica nun informe de supervisión desfavorable emitido o 12 de setembro de 2022 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios (en adiante SATM) desta deputación

Logo de ver a Resolución ditada o 4 de agosto de 2022 polo Director Xeral de Conservación e Mantemento da entidade pública empresarial Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (en adiante ADIF), autorizando as obras contidas no proxecto incluído no Plan coa observancia dunha serie de condicións de execución

Logo de aprobar o Concello de Cabanas, previos os informes técnicos e xurídicos favorables, un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 7 de decembro de 2022 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Pablo Blanco Ferreiro, que xa redactara o proxecto inicial, cun orzamento de contrata superior ao do proxecto incluído no Plan, que é asumido integramente polo concello e que está aínda sen adjudicar, coa finalidade de recoller as modificacións solicitadas pola Demarcación de Costas do Estado en Galicia para autorizar a actuación e para adecuar os custos de man de obra aos dos convenios colectivos, como esixía o SATM desta deputación no seu informe do 12 de setembro de 2022

Logo de ver o informe do arquitecto municipal asinado o 9 de decembro de 2022, no que indica que o proxecto modificado asinado o 7 de decembro de 2022 cumpre coas condicións establecidas nas preceptivas autorizacións sectoriais

Logo de ver o informe técnico- xurídico (Anexo VI), emitido o 28 de novembro de 2022 polo arquitecto municipal e pola secretaria do concello, no que este última conclúe que o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos sobre os cales se pretenden realizar as obras previstas no proxecto técnico



Tendo en conta o documento contable de retención de crédito (RC) asinado dixitalmente o 13 de decembro de 2022 pola interventora do Concello de Cabanas por un importe de 83.127,74 € para o financiamento deste proxecto modificado, sentado no Libro Diario de Contabilidade Orzamentaria o 29 de novembro de 2022, en relación co compromiso asinado dixitalmente o 30 de xaneiro de 2023 pola Alcaldía do concello de consignar crédito suficiente para a execución deste proxecto modificado "condicionado á incorporación de remanente de dito crédito para o exercicio 2023"

Tendo en conta que no Expediente de Modificación de Créditos (EMC) 1/2023, que previsiblemente se vai someter á aprobación do mesmo Pleno provincial do 24 de febreiro de 2023 ao que se vai someter a aprobación deste proxecto modificado, prevese a consignación, na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial, de crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a este investimento, polo que a súa aprobación definitiva quedará condicionada á entrada en vigor do dito EMC e a que resulte acreditado que o Concello de Cabanas conta con crédito dispoñible para facer fronte á correspondente achega municipal

Tendo en conta que consta no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 13 de decembro de 2022, polo SATM desta deputación respecto deste proxecto modificado

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2021, aprobadas polo Pleno provincial na sesión realizada o 27 de novembro de 2020 e publicadas no BOP nº 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP nº 225 do 31 de decembro de 2020.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Reparación Camiño Chamoso", do Concello de Cabanas, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, co código 2021.2000.0131.0, que fora aprobado polo Pleno desta deputación de forma condicionada á obtención das autorizacións de Patrimonio Cultural, do Servizo de Urbanismo-Costas da Xunta de Galicia e da Administración de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) e que polo tanto, aínda non está adxudicado, pero que xa conta con todas elas e que se aprobou polo concello para dar cumprimento aos condicionantes impostos pola Demarcación de Costas do Estado en Galicia para autorizar a actuación e para adecuar os custos de man de obra aos dos convenios colectivos, como esixía o SATM desta deputación no seu informe do 12 de setembro de 2022, o que orixinou un incremento do seu orzamento total de contrata respecto do proxecto inicial que é asumido integramente polo Concello de Cabanas, tal e como se indica na seguinte táboa:

	PROXECTO INICIAL CONTRATA	PROXECTO MODIFICADO CONTRATA	DIFERENZA CONTRATA	CONDICIÓN CUMPRIDAS
Deputación	72.368,27	72.368,27	0,00	-Autorización da D.X de Patrimonio Cultural -Autoriz.S.Urbanismo-Costas-Xunta - Autoriz.ADIF
Concello	0,00	10.759,47	10.759,47	
<b>Total</b>	<b>72.368,27</b>	<b>83.127,74</b>	<b>10.759,47</b>	



2.- Considerar cumpridas as condicións ás que fora sometida a aprobación definitiva deste investimento segundo o apartado 2 do citado acordo plenario desta deputación adoptado o 30 de xuño de 2021, consistentes na obtención das autorizacións sectoriais citadas, aínda que a aprobación definitiva deste proxecto modificado queda condicionada á entrada en vigor do EMC 1/2023, no que se vai consignar, na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial, crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a este investimento e a que resulte acreditado que o Concello de Cabanas conta con crédito dispoñible para facer fronte á correspondente achega municipal.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Cabanas para os efectos oportunos."

**16.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora funcional do espazo exterior do Centro Social de Pravío", do Concello de Cambre, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0133.0**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora funcional do espazo exterior do Centro Social de Pravío", do Concello de Cambre, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0133.0, no que se acreditan os seguintes

### ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 30 de xuño de 2021, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 e o seu Plan complementario, no que se inclúe este investimento cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Cambre	2021.2000.0133.0	Mellora funcional do espazo exterior do Centro Social de Pravío	34.994,31	0,00	34.994,31

Logo de aprobar o Concello de Cambre un proxecto modificado deste investimento, redactado en xullo de 2022 e asinado dixitalmente o 23 de agosto de 2022 polo arquitecto municipal José Ramón Díaz Barbeito, que xa redactara o proxecto inicial incluído no Plan, cun incremento do seu orzamento de contrata de 32.999,99 €, que é asumido integramente polo concello e que ten como único obxecto realizar un axuste dos prezos contidos no proxecto inicial para que se adecúen á situación actual de mercado,



mantendo inalterable o resto do proxecto polo que, segundo indica o redactor do proxecto no seu informe do 25 de agosto de 2022, o resto de determinacións do proxecto, incluídos os informes e declaracións contidas no expediente, seguen sendo totalmente válidas

Logo de ver o documento contable de retención de crédito (RC) asinado dixitalmente o 27 de xaneiro de 2023 polo interventor do concello e asentado no Libro Diario de Contabilidade Orzamentaria nesa mesma data por un importe de 68.000,00 € para o financiamento deste proxecto modificado, que experimenta un incremento de 32.999,99 € con respecto do orzamento do proxecto incluído no Plan

Tendo en conta que no Expediente de Modificación de Créditos (EMC) 1/2023, que previsiblemente se vai someter á aprobación do mesmo Pleno provincial do 24 de febreiro de 2023 ao que se vai someter a aprobación deste proxecto modificado, prevese a consignación, na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial, de crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a este investimento, polo que a súa aprobación definitiva quedará condicionada á entrada en vigor do dito EMC

Tendo en conta que este investimento aínda non está adxudicado, dado que no expediente de contratación non se presentou ningunha oferta, polo desaxuste entre os prezos contidos no proxecto inicial e a situación actual dos prezos de mercado e que consta no expediente un informe de supervisión favorable deste proxecto modificado emitido polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación o 25 de agosto de 2022

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2021, aprobadas polo Pleno provincial na sesión realizada o 27 de novembro de 2020 e publicadas no BOP nº 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP nº 225 do 31 de decembro de 2020.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Mellora funcional do espazo exterior do Centro Social de Pravió”, do Concello de Cambre, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2021 co código 2021.2000.0133.0, que aínda non está adxudicado e que foi aprobado polo Concello de Cambre coa única finalidade de realizar un axuste dos prezos contidos no proxecto inicial para que se adecúen á situación actual de mercado e evitar que a licitación quede de novo deserta, manténdose inalterable o resto do proxecto, cun incremento do seu orzamento total de contrata respecto do proxecto inicial que é asumido integramente polo Concello de Cambre, tal e como se indica na seguinte táboa:

<b>Proxecto modificado con incremento Concello de Cambre “Mellora funcional do espazo exterior do Centro Social de Pravió” Código 2021.2000.0133.0</b>	<b>PROXECTO INICIAL Contrata</b>	<b>PROXECTO MODIFICADO Contrata</b>	<b>DIFERENZA Contrata</b>
<b>Deputación</b>	34.994,31	34.994,31	0,00
<b>Concello</b>	0,00	32.999,99	32.999,99
<b>Total</b>	<b>34.994,31</b>	<b>67.994,30</b>	<b>32.999,99</b>





2.- A aprobación definitiva deste proxecto modificado queda condicionada á entrada en vigor do EMC 1/2023, no que se vai consignar, na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial, crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a este investimento.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Cambre para os efectos oportunos."

**17.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de accesibilidade e seguridade peonil nas beirarrúas da rúa Cambre-Temple e rúa Carballo", do Concello de Cambre, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0134.0**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de accesibilidade e seguridade peonil nas beirarrúas da rúa Cambre-Temple e rúa Carballo", do Concello de Cambre, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0134.0, no que se acreditan os seguintes

### ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 30 de xuño de 2021, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 e o seu Plan complementario, no que se inclúe este investimento cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Cambre	2021.2000.0134.0	Mellora de accesibilidade e seguridade peonil nas beirarrúas da rúa Cambre-Temple e rúa Carballo	40.000,00	0,00	40.000,00

Logo de aprobar o Concello de Cambre, previos os correspondentes informes favorables, un proxecto modificado deste investimento, redactado en novembro de 2022 e asinado dixitalmente o 5 de decembro de 2022 polo arquitecto David Sarmiento Nogueira, que xa redactara o proxecto inicial incluído no Plan, cun incremento do seu orzamento de contrata de 13.706,91 €, que é asumido integramente polo concello e que ten como único obxecto realizar un axuste dos prezos contidos no proxecto inicial para que se adecúen á situación actual de mercado, mantendo inalterable o resto do proxecto polo que, segundo indica a arquitecta técnica municipal no seu informe do 16 de decembro de 2022, o resto de determinacións do proxecto, incluídos os informes e declaracións contidas no



expediente, seguen sendo totalmente válidas

Logo de ver o documento contable de retención de crédito (RC), asinado dixitalmente o 7 de febreiro de 2023 polo interventor do concello e asentado no Libro Diario de Contabilidade Orzamentaria o 27 de xaneiro de 2023, por un importe de 53.706,91 €, para o financiamento deste proxecto modificado que experimenta un incremento de 13.706,91 € con respecto do proxecto incluído no Plan

Tendo en conta que no Expediente de Modificación de Créditos (EMC) 1/2023, que previsiblemente se vai someter á aprobación do mesmo Pleno provincial do 24 de febreiro de 2023 ao que se vai someter a aprobación deste proxecto modificado, prevese a consignación, na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial, de crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a este investimento, polo que a súa aprobación definitiva quedará condicionada á entrada en vigor do dito EMC

Tendo en conta que este investimento aínda non está adxudicado, dado que no expediente de contratación non se presentou ningunha oferta, polo desaxuste entre os prezos contidos no proxecto inicial e a situación actual dos prezos de mercado e que consta no expediente un informe de supervisión favorable deste proxecto modificado emitido polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación o 12 de decembro de 2022

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2021, aprobadas polo Pleno provincial na sesión realizada o 27 de novembro de 2020 e publicadas no BOP nº 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP nº 225 do 31 de decembro de 2020.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Mellora de accesibilidade e seguridade peonil nas beirarrúas da rúa Cambre-Temple e rúa Carballo” do Concello de Cambre, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2021 co código 2021.2000.0134.0, que aínda non está adxudicado e que foi aprobado polo Concello de Cambre, previos os correspondentes informes favorables, coa única finalidade de realizar un axuste dos prezos contidos no proxecto inicial para que se adecúen á situación actual de mercado e evitar que a licitación quede de novo deserta, manténdose inalterable o resto do proxecto, cun incremento do seu orzamento total de contrata respecto do proxecto inicial que é asumido integramente polo Concello de Cambre, tal e como se indica na seguinte táboa:

<b>Proxecto modificado con incremento Concello de Cambre “Mellora de accesibilidade e seguridade peonil nas beirarrúas da rúa Cambre- Temple e rúa Carballo” Código 2021.2000.0134.0</b>	<b>PROXECTO INICIAL Contrata</b>	<b>PROXECTO MODIFICADO Contrata</b>	<b>DIFERENZA Contrata</b>
<b>Deputación</b>	40.000,00	40.000,00	0,00
<b>Concello</b>	0,00	13.706,91	13.706,91
<b>Total</b>	<b>40.000,00</b>	<b>53.706,91</b>	<b>13.706,91</b>



2.- A aprobación definitiva deste proxecto modificado queda condicionada á entrada en vigor do EMC 1/2023, no que se vai consignar, na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial, crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a este investimento.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Cambre para os efectos oportunos."

**18.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Remodelación da parada de bus na rúa Tapia", do Concello de Cambre, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0138.0**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Remodelación da parada de bus na rúa Tapia" do Concello de Cambre, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0138.0, no que se acreditan os seguintes

### ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 30 de xuño de 2021, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 e o seu Plan complementario, no que se inclúe este investimento cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Cambre	2021.2000.0138.0	Remodelación da parada de bus na rúa Tapia	35.717,93	0,00	35.717,93

Logo de aprobar o Concello de Cambre un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 28 de xullo de 2022 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Alejandro Peña López, que xa redactara o proxecto inicial incluído no Plan, cun incremento do seu orzamento de contrata de 12.097,31 € que é asumido integramente polo concello e que ten como único obxecto realizar un axuste dos prezos contidos no proxecto inicial para que se adecúen á situación actual de mercado, mantendo inalterable o resto do proxecto polo que, segundo indica a arquitecta técnica municipal no seu informe do 7 de febreiro de 2023, o resto de determinacións do proxecto, incluídos os informes e declaracións contidas no expediente, seguen sendo totalmente válidas



Logo de ver o documento contable de retención de crédito (RC) asinado dixitalmente o 7 de febreiro de 2023 polo interventor do concello e asentado no Libro Diario de Contabilidade Orzamentaria nesa mesma data por un importe de 47.815,24 € para o financiamento deste proxecto modificado que experimenta un incremento de 12.097,31 € con respecto do orzamento do proxecto incluído no Plan

Tendo en conta que no Expediente de Modificación de Créditos (EMC) 1/2023, que previsiblemente se vai someter á aprobación do mesmo Pleno provincial do 24 de febreiro de 2023 ao que se vai someter a aprobación deste proxecto modificado, prevese a consignación, na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial, de crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a este investimento, polo que a súa aprobación definitiva quedará condicionada á entrada en vigor do dito EMC

Tendo en conta que este investimento aínda non está adjudicado, dado que no expediente de contratación non se presentou ningunha oferta, polo desaxuste entre os prezos contidos no proxecto inicial e a situación actual dos prezos de mercado e que consta no expediente un informe de supervisión favorable deste proxecto modificado emitido polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación o 29 de agosto de 2022

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2021, aprobadas polo Pleno provincial na sesión realizada o 27 de novembro de 2020 e publicadas no BOP nº 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP nº 225 do 31 de decembro de 2020.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Remodelación da parada de bus na rúa Tapia”, do Concello de Cambre, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0138.0, que aínda non está adjudicado e que foi aprobado polo Concello de Cambre coa única finalidade de realizar un axuste dos prezos contidos no proxecto inicial para que se adecúen á situación actual de mercado e evitar que a licitación quede de novo deserta, manténdose inalterable o resto do proxecto, cun incremento do seu orzamento total de contrata respecto do proxecto inicial que é asumido integramente polo Concello de Cambre, tal e como se indica na seguinte táboa:

<b>Proxecto modificado con incremento Concello de Cambre “Remodelación da parada de bus na rúa Tapia” Código 2021.2000.0138.0</b>	<b>PROXECTO INICIAL Contrata</b>	<b>PROXECTO MODIFICADO Contrata</b>	<b>DIFERENZA Contrata</b>
<b>Deputación</b>	35.717,93	35.717,93	0,00
<b>Concello</b>	0,00	12.097,31	12.097,31
<b>Total</b>	<b>35.717,93</b>	<b>47.815,24</b>	<b>12.097,31</b>

2.- A aprobación definitiva deste proxecto modificado queda condicionada á entrada en vigor do EMC 1/2023, no que se vai consignar, na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial, crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega



provincial a este investimento.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Cambre para os efectos oportunos."

**19.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora funcional da Rúa Rocón" do Concello de Cambre, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022 co código 2022.2102.0330.0**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o proxecto modificado do investimento denominado "Mellora funcional da Rúa Rocón" do Concello de Cambre, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022 co código 2022.2102.0330.0, no que se acreditan os seguintes

### ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022 que, en relación coa Resolución da Presidencia número 2022/33529, do 27 de xullo de 2022 e o acordo plenario adoptado na sesión realizada o 29 de xullo de 2022, aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 e o seu Plan Complementario

Logo de ver a Resolución da Presidencia desta corporación provincial número 2022/40603 do 29/09/2022, pola que se aproba a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022 por maior achega provincial, no que se inclúe, entre outros, este investimento do Concello de Cambre cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Cambre	2022.2102.0330.0	Mellora funcional da Rúa Rocón	66.058,74	0,00	66.058,74

Logo de aprobar o Concello de Cambre, previos os correspondentes informes favorables, un proxecto modificado deste investimento, asinado en novembro de 2022 polos arquitectos Patricia Muñiz Núñez e Luciano González Alfaya, de ESTUDIO MMASA MUÑIZ MAS ALFAYA SLP, que xa redactaran o proxecto inicial incluído no Plan, cun orzamento de contrata de 82.570,00 €, que representa incremento de 16.511,26 € con respecto do proxecto inicial que é asumido integramente polo concello e que ten como único obxecto realizar un axuste dos prezos contidos nel para que se adecúen á situación actual de mercado, mantendo inalterable o resto do



proxecto polo que, segundo indica a arquitecta técnica municipal no seu informe do 2 de decembro de 2022, o resto de determinacións do proxecto, incluídos os informes e declaracións contidas no expediente, seguen sendo totalmente válidas

Logo de ver o documento contable de retención de crédito (RC), asinado dixitalmente o 27 de xaneiro de 2023 polo interventor do concello e asentado no Libro Diario de Contabilidade Orzamentaria nesa mesma data, por un importe de 82.570,00 €, para o financiamento deste proxecto modificado de novembro de 2022 que experimenta un incremento de 16.511,26 € con respecto do orzamento do proxecto incluído no Plan

Tendo en conta que este investimento aínda non está adxudicado, polo desaxuste entre os prezos contidos no proxecto inicial e a situación actual dos prezos de mercado e que consta no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 30 de novembro de 2022 polo Servizo de asistencia Técnica a Municipios desta deputación respecto deste proxecto modificado

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+2022, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 26 de novembro de 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 228 do 30 de novembro de 2021, que foron posteriormente modificadas mediante acordo plenario do 27 de maio de 2022 (BOP núm. 102 do 31 de maio de 2022) para engadir a base 13 que regula o POS+ Adicional 2/2022 e que, tras ser sometidas a información e exposición pública, foron aprobadas definitivamente mediante novo acordo plenario adoptado na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022 e que lle son aplicables tamén á primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Mellora funcional da Rúa Rocón” do Concello de Cambre, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/ 2022 co código 2022.2102.0330.0, que aínda non está adxudicado e que foi aprobado polo Concello de Cambre, previos os correspondentes informes favorables, coa única finalidade de realizar un axuste dos prezos contidos no proxecto inicial para que se adecúen á situación actual de mercado e evitar que a licitación quede deserta, manténdose inalterable o resto do proxecto, cun incremento do seu orzamento total de contrata respecto do proxecto inicial que é asumido integramente polo Concello de Cambre, tal e como se indica na seguinte táboa:

<b>Proxecto modificado con incremento Concello de Cambre “Mellora funcional da Rúa Rocón” Código 2022.2102.0330.0</b>	<b>PROXECTO INICIAL Contrata</b>	<b>PROXECTO MODIFICADO Contrata</b>	<b>DIFERENZA Contrata</b>
<b>Deputación</b>	66.058,74	66.058,74	0,00
<b>Concello</b>	0,00	16.511,26	16.511,26
<b>Total</b>	<b>66.058,74</b>	<b>82.570,00</b>	<b>16.511,26</b>

2.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.



3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Cambre para os efectos oportunos."

**20.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Vial en Pereiriña, Toba de Abaixo e interior Raso" do Concello de Cee incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022 co código 2022.2000.0142.0**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Vial en Pereiriña, Toba de Abaixo e interior Raso" do Concello de Cee incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022 co código 2022.2000.0142.0 no que se acreditan os seguintes

### ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022 que, en relación coa Resolución da Presidencia número 2022/33529, do 27 de xullo de 2022 e o acordo plenario adoptado na sesión realizada o 29 de xullo de 2022, aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 e o seu Plan Complementario, no que se inclúe, entre outros, este investimento cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Cee	2022.2000.0142.0	Vial en Pereiriña, Toba de Abaixo e interior Raso	51.304,97	119,18	51.424,15

Logo de aprobar o Concello de Cee un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 30 de novembro de 2022 polo arquitecto técnico Marcos Pose Andrade, que xa redactara o proxecto inicial, cun incremento do seu orzamento de contrata de 7.204,83 €, que é asumido integramente polo concello e que ten como único obxectivo actualizar os prezos contidos no proxecto inicial para que se adecúen á situación actual de mercado, mantendo inalterable o resto do proxecto polo que, segundo indica o redactor no seu informe do 30 de novembro de 2022, todas as autorizacións sectoriais seguen vixentes

Logo de ver o documento contable de retención de crédito (RC) asinado dixitalmente pola Intervención do concello o 3 de febreiro de 2023, e asentado no Libro Diario de Contabilidade Orzamentaria o 1 de febreiro de 2023 por importe de 58.628,98 para o financiamento deste proxecto modificado de novembro de 2022 que experimenta un incremento de 7.204,83 € con respecto do proxecto incluído no Plan



Tendo en conta que este investimento aínda non está adxudicado, pola necesidade de actualizar os prezos contidos no proxecto inicial para adecuarse aos prezos de mercado manténdose inalterable o resto do proxecto, e que consta no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 17 de xaneiro de 2023 polo Servizo de asistencia Técnica a Municipios desta deputación respecto deste proxecto modificado

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+2022, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 26 de novembro de 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 228 do 30 de novembro de 2021, que foron posteriormente modificadas mediante acordo plenario do 27 de maio de 2022 (BOP núm. 102 do 31 de maio de 2022) para engadir a base 13 que regula o POS+ Adicional 2/2022 e que, tras ser sometidas a información e exposición pública, foron aprobadas definitivamente mediante novo acordo plenario adoptado na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Vial en Pereiriña, Toba de Abaixo e interior Raso", do Concello de Cee, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022 co código 2022.2000.0142.0, que aínda non está adxudicado, e que foi aprobado polo Concello de Cee coa única finalidade de actualizar os prezos contidos no proxecto inicial para que se adecúen á situación actual de mercado, manténdose inalterable o resto do proxecto, cun incremento do seu orzamento total de contrata respecto do proxecto inicial que é asumido integramente polo Concello de Cee, tal e como se indica na seguinte táboa:

<b>Proxecto modificado con incremento Concello de Cee "Vial en Pereiriña, Toba de Abaixo e interior Raso" Código 2022.2000.0142.0</b>	<b>PROXECTO INICIAL Contrata</b>	<b>PROXECTO MODIFICADO Contrata</b>	<b>DIFERENZA Contrata</b>
<b>Deputación</b>	51.304,97	51.304,97	0,00
<b>Concello</b>	119,18	7.324,01	7.204,83
<b>Total</b>	<b>51.424,15</b>	<b>58.628,98</b>	<b>7.204,83</b>

2.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á partida orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Cee para os efectos oportunos."

**21.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Saneamento na rúa Federico Avila" do Concello de Fisterra, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2021 por maior achega provincial co código 2021.2102.0462.0**

## VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea





Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)  
 Votan en contra: ningún/ha deputado/a  
 Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Fisterra do proxecto modificado do investimento denominado "Saneamento na rúa Federico Avila", incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2021 por maior achega provincial co código 2021.2102.0462.0, no que se acreditan os seguintes

#### ANTECEDENTES

Logo de ver que o Pleno desta deputación, na sesión ordinaria realizada o 30 de xuño de 2021, aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 e o seu Plan complementario, no marco das súas Bases reguladoras aprobadas mediante acordo plenario provincial do 27 de novembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario provincial do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP nº 225 do 31 de decembro de 2020.

Logo de ver que posteriormente, mediante Resolución da Presidencia nº 30870 do 23/07/2021, considerouse definitivamente aprobada a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021 por maior achega provincial.

Tendo en conta que a aprobación definitiva dos investimentos dalgúns concellos quedaba condicionada ao cumprimento das condicións suspensivas que se detallaban para cada un deles no anexo que se xuntaba co acordo plenario da Deputación, entre os que figura este investimento cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	Financiamento			Condición Pendente
			Deputación	Concello	Orzamento Total	
Fisterra	2021.2102.0462.0	Saneamento na rúa Federico Avila	98.076,19	23.905,64	121.981,83	Servicio Urbanismo-Costas-Xunta

Tendo en conta que mediante Resolución da presidencia da corporación provincial número 9375 do 18/02/2022, logo de presentar o Concello de Fisterra a documentación acreditativa necesaria, considerouse cumprida a condición á que quedou sometida esta obra e, en consecuencia, apróbase definitivamente este investimento dentro do Plan.

Logo de aprobar o Concello de Fisterra un proxecto modificado deste investimento, con incremento do seu orzamento de contrata, asinado dixitalmente o 17 de novembro 2022 polo mesmo técnico que redactara o proxecto inicial, o arquitecto Juan Alfonso Botana Castelo, cun orzamento de contrata de 146.296,62 €, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos e coa finalidade de adaptalo ás circunstancias sobrevenidas



que poderían determinar a inviabilidade da súa execución.

Logo de ver o certificado do interventor municipal acreditativo da existencia de crédito do día 31 de xaneiro de 2023, para facer fronte ao incremento do orzamento de contrata deste proxecto modificado.

Logo de ver que consta no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 21 de decembro do 2022 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación con respecto deste proxecto modificado.

Tendo en conta que no Expediente de Modificación de Créditos (EMC) 1/2023, que previsiblemente se vai someter á aprobación do mesmo Pleno provincial do 24 de febreiro de 2023 ao que se vai someter a aprobación deste proxecto modificado, prevese a consignación, na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial, de crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a este investimento, polo que a súa aprobación definitiva quedará condicionada á entrada en vigor do dito EMC

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

Bases reguladoras aprobadas mediante acordo plenario provincial do 27 de novembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario provincial do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP nº 225 do 31 de decembro de 2020.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Saneamento na rúa Federico Avila”, do Concello de Fisterra, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2021 por maior achega provincial co código 2021.2102.0462.0. Este proxecto modificado conta coa aprobación do órgano competente do concello e máis co informe de supervisión favorable emitido o 21 de decembro de 2022 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación e cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, todo iso coa finalidade de adaptalo á nova realidade existente dado que variou tendo en conta o tempo transcorrido dende a súa aprobación que provocou a aparición na rúa de novas variables e a desaparición doutras existentes, sobre todo as roturas nas redes fecais. Así mesmo, a variación de prezos e a execución de obras próximas son causas que especialmente motivaron esta modificación. Todo elo supón un incremento do orzamento de contrata deste investimento respecto do proxecto inicial que é asumido integramente polo Concello de Fisterra, tal e como se indica na seguinte táboa:

Proxecto Modificado “Saneamento na rúa Federico Avila” Concello de Fisterra Código 2021.2102.0462.0			
	Orzamento de contrata Proxecto Inicial	Orzamento de adxudicación Proxecto Inicial	Orzamento de contrata Proxecto Modificado
Deputación	98.076,19	98.076,19	98.076,19
Concello	23.905,64	22.923,81	48.220,43
<b>Total</b>	<b>121.981,83</b>	<b>121.000,00</b>	<b>146.296,62</b>



2.- A aprobación definitiva deste proxecto modificado queda condicionada á entrada en vigor do EMC 1/2023, no que se vai consignar, na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial, crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a este investimento.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Fisterra para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución deste investimento."

**22.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación de camiños en Murallón", do Concello de Neda, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2000.0207.0**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Neda do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación de camiños en Murallón", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2000.0207.0, no que se acreditan os seguintes

### ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 23 de xuño do 2022 que, en relación coa Resolución da Presidencia da Deputación nº 2022/33529, do 27 de xullo do 2022 e o acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o 29 de xullo do 2022, aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 e o seu Plan Complementario, no que se inclúe, entre outros, este investimento cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Neda	2022.2000.0207.0	Pavimentación de camiños en Murallón	38.739,52	0,00	38.739,52

Logo de presentar o Concello de Neda un proxecto técnico modificado deste investimento, asinado o 16 de novembro de 2022 polo mesmo técnico que xa redactara o proxecto inicial, o arquitecto municipal Francisco Javier Cernadas Veiga, cun orzamento de 63.359,92 €, o que supón un incremento do orzamento de contrata respecto ao do



proxecto inicial incluído no Plan por importe de 24.620,40 €, que é asumido integramente polo concello, coa finalidade de axustar o proxecto técnico inicial aos prezos actuais de mercado, e visto o informe de supervisión favorable emitido o 20 de decembro de 2022 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación, así como os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables relativos a esta modificación

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan, aprobadas mediante acordo plenario adoptado na sesión realizada o 26 de novembro do 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 228, do 30 de novembro do 2021 e modificadas mediante acordo plenario do 27 de maio do 2022 para a regulación do POS+ Adicional 2/2022 (BOP número 102 do 31 de maio do 2022).

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación de camiños en Murallón", do Concello de Neda, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2000.0207.0. Este proxecto modificado conta coa aprobación do órgano competente do concello e máis co informe de supervisión favorable emitido o 20 de decembro de 2022 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación e cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, aínda que supón un incremento do orzamento total de contrata respecto do proxecto inicial pola necesidade de adaptar os seus prezos unitarios á realidade do mercado, que é asumido integramente polo Concello de Neda, tal e como se indica na seguinte táboa:

Proxecto modificado con incremento Concello de Neda "Pavimentación de camiños en Murallón" Código 2022.2000.0207.0	PROXECTO INICIAL Contrata	PROXECTO MODIFICADO Contrata	DIFERENZA Contrata
<b>Deputación</b>	38.739,52	38.739,52	0,00
<b>Concello</b>	0,00	24.620,40	24.620,40
<b>Total</b>	<b>38.739,52</b>	<b>63.359,92</b>	<b>24.620,40</b>

2.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo á partida orzamentaria 0430 /4592 /76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Neda para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución deste investimento."

**23.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación, limpeza de cunetas e marcado viario na rede viaria de Anca, entre os viais AC-862 e AC-121", do Concello de Neda, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2000.0208.0.**

## VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)



Votan en contra: ningún/ha deputado/a  
 Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Neda do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación, limpeza de cunetas e marcado viario na rede viaria de Anca, entre os viais AC-862 e AC-121", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2000.0208.0 , no que se acreditan os seguintes

#### ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 23 de xuño do 2022 que, en relación coa Resolución da Presidencia da Deputación nº 2022/33529, do 27 de xullo do 2022 e o acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o 29 de xullo do 2022, aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 e o seu Plan Complementario, no que se inclúe, entre outros, este investimento cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Neda	2022.2000.0208.	Pavimentación, limpeza de cunetas e marcado viario na rede viaria de Anca entre os viais AC-862 e AC-121	48.717,76	0,00	48.717,76

Logo de presentar o Concello de Neda un proxecto técnico modificado deste investimento, asinado o 16 de novembro de 2022 polo mesmo técnico que xa redactara o proxecto inicial, o arquitecto municipal Francisco Javier Cernadas Veiga, cun orzamento de 73.783,54 €, o que supón un incremento do orzamento de contrata respecto ao do proxecto inicial incluído no Plan por importe de 25.065,78 €, que é asumido integramente polo concello, coa finalidade de axustar o proxecto técnico inicial aos prezos actuais de mercado, e visto o informe de supervisión favorable emitido o 20 de decembro de 2022 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación, así como os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables relativos a esta modificación

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan, aprobadas mediante acordo plenario adoptado na sesión realizada o 26 de novembro do 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 228, do 30 de novembro do 2021 e modificadas mediante acordo plenario do 27 de maio do 2022 para a regulación do POS+ Adicional 2/2022 (BOP número 102 do 31 de maio do 2022).

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**



1.- Aprobado o proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación, limpeza de cunetas e marcado viario na rede viaria de Anca, entre os viais AC-862 e AC-121", do Concello de Neda, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2000.0208.0. Este proxecto modificado conta coa aprobación do órgano competente do concello e máis co informe de supervisión favorable emitido o 20 de decembro de 2022 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación e cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, aínda que supón un incremento do orzamento total de contrata respecto do proxecto inicial pola necesidade de adaptar os seus prezos unitarios á realidade do mercado, que é asumido integramente polo Concello de Neda, tal e como se indica na seguinte táboa:

<b>Proxecto modificado con incremento Concello de Neda "Pavimentación, limpeza de cunetas e marcado viario na rede viaria de Anca, entre os viais AC-862 e AC-121" Código 2022.2000.0208.0</b>	<b>PROXECTO INICIAL Contrata</b>	<b>PROXECTO MODIFICADO Contrata</b>	<b>DIFERENZA Contrata</b>
<b>Deputación</b>	48.717,76	48.717,76	0,00
<b>Concello</b>	0,00	25.065,78	25.065,78
<b>Total</b>	<b>48.717,76</b>	<b>73.783,54</b>	<b>25.065,78</b>

2.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo á partida orzamentaria 0430 /4592 /76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Neda para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución deste investimento."

**24.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación de camiño en Ardá", do Concello de Neda, incluído na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022 co código 2022.2102.0397.0**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Neda do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación de camiño en Ardá", incluído na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022 co código 2022.2102.0397.0, no que se acreditan os seguintes



## ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 23 de xuño do 2022 que, en relación coa Resolución da Presidencia da Deputación nº 2022/33529, do 27 de xullo do 2022 e o acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o 29 de xullo do 2022, aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 e o seu Plan Complementario

Logo de ver que mediante Resolución da Presidencia número 40603/2022 do 29/09/2022, considerouse aprobada a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022 por maior achega provincial no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles previstos no Plan Complementario ao POS+ 2022 Base, entre eles o investimento do concello de Neda conforme se indica na seguinte táboa:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Neda	2022.2102.0397.0	Pavimentación de camiño en Ardá	46.041,71	0,00	46.041,71

Logo de presentar o Concello de Neda un proxecto técnico modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 16 de novembro de 2022 polo mesmo técnico que xa redactara o proxecto inicial, o arquitecto municipal Francisco Javier Cernadas Veiga, cun orzamento de 71.255,85 €, o que supón un incremento do seu orzamento de contrata respecto ao do proxecto inicial incluído no Plan por importe de 25.214,14 €, que é asumido integramente polo concello, coa finalidade de axustar o proxecto técnico inicial aos prezos actuais de mercado, e visto o informe de supervisión favorable emitido o 20 de decembro de 2022 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación, así como os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables relativos a esta modificación

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan, aprobadas mediante acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o 26 de novembro do 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 228, do 30 de novembro do 2021 e modificadas mediante acordo plenario provincial do 27 de maio do 2022 para a regulación do POS+ Adicional 2/2022 (BOP número 102 do 31 de maio do 2022).

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Pavimentación de camiño en Ardá”, do Concello de Neda, incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2022, co código 2022.2102.0397.0. Este proxecto modificado conta coa aprobación do órgano competente do concello e máis co informe de supervisión favorable emitido o 20 de decembro de 2022 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta



deputación e cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, aínda que supón un incremento do orzamento total de contrata deste investimento respecto ao proxecto técnico inicial debido á necesidade de adecuar os prezos unitarios dos materiais de construción derivados do petróleo á realidade do mercado, este incremento é asumido integramente polo Concello de Neda, tal e como se indica na seguinte táboa:

<b>Proxecto modificado con incremento Concello de Neda "Pavimentación de camiño en Ardá" Código 2022.2102.0397.0</b>	<b>PROXECTO INICIAL Contrata</b>	<b>PROXECTO MODIFICADO Contrata</b>	<b>DIFERENZA Contrata</b>
<b>Deputación</b>	46.041,71	46.041,71	0,00
<b>Concello</b>	0,00	25.214,14	25.214,14
<b>Total</b>	<b>46.041,71</b>	<b>71.255,85</b>	<b>25.214,14</b>

2.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á partida orzamentaria 0430 /4592 /76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Neda para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución deste investimento."

**25.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Módulo cuberto de atletismo no estadio da Alta", do Concello da Pobra do Caramiñal, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2200.0463.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello da Pobra do Caramiñal do proxecto modificado do investimento denominado "Módulo cuberto de atletismo no estadio da Alta", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2200.0463.0, no que se acreditan os seguintes

### ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación do 16 de maio de 2018, que en relación coa Resolución da Presidencia número 2018/21270, do 14 de xuño de 2018, aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018





Tendo en conta que, de acordo co disposto no apartado 2 do citado acordo do 16 de maio de 2018, a aprobación definitiva dos investimentos dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallan para cada un deles, entre os que figura este investimento do Concello da Pobra do Caramiñal, que aínda está sen adxudicar, cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	FINANCIAMENTO			Condições pendentes
			Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento Total	
A Pobra do Caramiñal	2018.2200.0463.0	Módulo cuberto de atletismo no estadio da Alta	130.766,52	184.005,55	314.772,07	-Autorización Demarcación de Costas do Estado en Galicia - Supervisión favorable proxecto corrixido aprobado polo Concello

Logo de recibir o Concello da Pobra do Caramiñal o 23 de abril de 2018 un escrito asinado polo xefe da Demarcación de Costas do Estado en Galicia, Rafael Eimil Apenela, do 19 de abril de 2018, no que indica que esta actuación non se desenvolve dentro do ámbito de competencia do dito organismo

Logo de ver as deficiencias detectadas nos informes de supervisión desfavorable do proxecto técnico deste investimento, emitidos o 9 de febreiro, 6, 11 de abril e 30 de agosto de 2018 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación, entre as que destaca a necesidade de incorporar no proxecto inicial incluído no Plan o correspondente estudo xeotécnico e que foron subsanadas no proxecto modificado asinado dixitalmente o 14 de setembro do 2018

Logo de ver as deficiencias detectadas no último informe de supervisión desfavorable do proxecto técnico deste investimento, emitido o 5 de outubro de 2018 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación respecto do proxecto modificado aprobado polo concello e asinado dixitalmente o 10 de setembro de 2018, consistentes nunha serie de erros contidos na páxina 202 do dito proxecto

Logo de aprobar o Concello da Pobra do Caramiñal un proxecto modificado deste investimento, asinado electronicamente o 30 de xaneiro de 2019 polo arquitecto Juan Antonio Millán Figueirido (que xa redactara o proxecto inicial incluído no Plan), subido á Plataforma Subtel o 1 de decembro de 2022, cun orzamento de contrata superior ao do proxecto incluído no Plan que é asumido integramente polo concello e que está aínda sen adxudicar, coa finalidade de emendar as deficiencias sinaladas polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación (en adiante SATM), no seus informes de supervisión desfavorable emitidos o 11 de abril, o 30 de agosto e o 5 de outubro de 2018, respecto dos sucesivos proxectos que foran presentados polo concello para a súa supervisión e que por resultar desfavorable, non chegaran a aprobarse por esta deputación.

Tendo en conta a notificación asinada dixitalmente o 6 de agosto de 2019 pola xefa do Servizo da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Helena Mosquera García, da Resolución ditada o 29 de xullo de 2019 pola directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, pola que se ordena o arquivo da solicitude de autorización presentada polo Concello da Pobra do Caramiñal ante o dito organismo, dado que a actuación proxectada, baseándose na documentación remitida pola Demarcación de



Costas do Estado en Galicia, non está afectada pola zona de servidume de protección

Logo de ver o informe técnico (Anexo V), asinado o 29 de novembro de 2022 polo arquitecto redactor do proxecto modificado, no que indica que este investimento non precisa de autorizacións sectoriais e que se dispón do preceptivo estudo xeotécnico, asinado polo xeólogo Daniel Ron Gudín e visado polo Ilustre Colexio Oficial de Xeólogos de Andalucía (ICOGA)

Logo de ver o informe técnico-xurídico (Anexo VI), asinado o 29 de novembro de 2022 polo técnico municipal, que indica que as obras previstas no proxecto executaranse dentro do recinto do Estadio da Alta que é de propiedade municipal e polo secretario do concello, que conclúe que o concello goza da plena dispoñibilidade dos terreos necesarios para acometer este investimento

Tendo en conta o escrito asinado dixitalmente o 7 de febreiro de 2023 polo interventor do concello, no que certifica que no orzamento municipal para o exercicio 2023 existe crédito orzamentario axeitado e suficiente para facer fronte ao financiamento da achega municipal a este proxecto modificado

Tendo en conta que consta no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 14 de decembro de 2022 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación relativo a este proxecto modificado asinado electronicamente o 30 de xaneiro de 2019 polo arquitecto Juan Antonio Millán Figueirido e que foi subido á plataforma telemática o 1 de decembro de 2022.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2018, aprobadas polo Pleno desta deputación o 29 de setembro de 2017 e publicadas no BOP número 188, do 3 de outubro de 2017

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Módulo cuberto de atletismo no estadio da Alta”, do Concello da Pobra do Caramiñal, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2200.0463.0, que fora aprobado polo Pleno desta deputación de forma condicionada á obtención da autorización da Demarcación de Costas do Estado en Galicia e a obtención da supervisión favorable do SATM desta deputación e polo tanto, aínda non está adxudicado, que se aprobou polo concello coa finalidade de corrixir as deficiencias advertidas polo dito Servizo e que conta coa súa supervisión favorable, tendo recibido un escrito da Demarcación de Costas do Estado en Galicia no que se lle indica que non é necesaria a súa autorización e experimentando este proxecto modificado un incremento do seu orzamento que é asumido integramente polo Concello da Pobra do Caramiñal, tal e como se indica na seguinte táboa:

Proxecto modificado con incremento Concello da Pobra do Caramiñal “Módulo cuberto de atletismo no estadio da Alta” Código 2018.2200.0463.0	PROXECTO INICIAL Contrata	PROXECTO MODIFICADO Contrata	DIFERENZA Contrata	CONDICIÓN CUMPRIDAS
Deputación préstamo	130.766,52	130.766,52	0,00	



<b>Achega Concello</b>	184,005,55	189,903,26	5.897,71	-Non é necesaria a autorización da Demarcación de Costas do Estado en Galicia - Supervisión favorable proxecto corrixido aprobado polo Concello
<b>Total</b>	<b>314.772,07</b>	<b>320.669,78</b>	<b>5.897,71</b>	

2.- Aprobar definitivamente este investimento ao considerar cumpridas as condicións ás que fora sometido segundo o apartado 2 do citado acordo plenario desta deputación adoptado o 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 2018/21270, do 14 de xuño de 2018.

3.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo á partida 0430/9435/76201 do vixente orzamento provincial.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello da Pobra do Caramiñal para os efectos oportunos."

**26.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Senda peonil na contorna do Rego de Cambeda dende Rúa Vilar ata Avenida Fisterra", do Concello de Vimianzo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019, co código 2019.2200.0380.0**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Senda peonil na contorna do Rego de Cambeda dende Rúa Vilar ata Avenida Fisterra", do Concello de Vimianzo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019, co código 2019.2200.0380.0, no que se acreditan os seguintes

### ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 26 de abril de 2019 que, en relación coa Resolución da Presidencia número 19076, do 31 de maio de 2019, aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 e o seu Plan Complementario, no que se inclúe, entre outros, este investimento do Concello de Vimianzo cos seguintes datos:



Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento Total
Vimianzo	2019.2200.0380.0	Senda peonil na contorna do Rego de Cambeda dende Rúa Vilar ata Avenida Fisterra	135.000,00	0,00	135.000,00

Logo de ver que o Concello de Vimianzo, mediante Decreto da Alcaldía do 5 de xullo de 2022, adxudicoulle a obra á empresa JUAN LAGO CONSTRUCCIÓN, S.L.U., co NIF B15932049, no prezo de 133.335,17 €, e que no día de hoxe está na súa totalidade pendente de certificar

Logo de aprobar o Concello de Vimianzo un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 30 de setembro de 2022 polo arquitecto director da obra, Maximino M. Aguiar Baña, que xa redactara o proxecto inicial, mantendo o mesmo importe total do orzamento de contrata, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e coa conformidade do representante da empresa adxudicataria, que está totalmente pendente de certificar, coa finalidade de proceder a un cambio de trazado respecto do previsto no proxecto inicialmente aprobado, unha vez comprobada "in situ" a imposibilidade de execución do proxecto tal como se tiña redactado orixinalmente debido a un replanteo defectuoso do proxecto orixinal e garantir coa modificación a seguridade pública e a homoxeneidade das luminarias do paseo

Logo de ver o informe técnico (Anexo V), asinado dixitalmente o 19 de outubro de 2022 polo director da obra, no que indica que para a execución deste proxecto modificado é necesaria a autorización da Axencia Galega de Infraestruturas e a autorización de Augas de Galicia; e os emitidos o 15 de novembro e o 19 de decembro de 2022, respectivamente, relativos a que consta no expediente a concesión das devanditas autorizacións sectoriais xunto co informe técnico acreditativo de que o proxecto modificado cumpre coas condicións establecidas nas mesmas

Logo de ver o informe técnico xurídico (Anexo VI), asinado dixitalmente o 2 de novembro de 2022 polo arquitecto municipal e polo secretario do concello, no que este último conclúe que o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución deste proxecto modificado

Tendo en conta que no Expediente de Modificación de Créditos (EMC) 1/2023, que previsiblemente se vai someter á aprobación do mesmo Pleno provincial do 24 de febreiro de 2023 ao que se vai someter a aprobación deste proxecto modificado, prevese a consignación, na partida 0430/9436/82120 do vixente orzamento provincial, de crédito adecuado e suficiente para o financiamento do préstamo provincial a este investimento, polo que a súa aprobación definitiva quedará condicionada á entrada en vigor do dito EMC

Tendo en conta que consta no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 4 de outubro de 2022 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación con respecto deste proxecto modificado, así como a notificación da Resolución da Presidencia desta corporación provincial pola que se lle concede ao Concello de Vimianzo a derradeira prórroga do prazo para a execución deste investimento, ata o 30 de novembro de 2023

FUNDAMENTOS DE DEREITO



Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+2019, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 28 de setembro de 2018 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 188 do 2 de outubro de 2018

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Senda peonil na contorna do Rego de Cambeda dende Rúa Vilar ata Avenida Fisterra”, do Concello de Vimianzo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019, co código 2019.2200.0380.0, sen variación do seu orzamento total de contrata, que está adxudicado e totalmente pendente de certificar e que se aprobou polo concello previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e coa conformidade de contratista, coa finalidade de proceder a un cambio de trazado respecto do previsto no proxecto inicialmente aprobado, unha vez comprobada “in situ” a imposibilidade de execución do proxecto tal como se tiña redactado orixinalmente; sendo os seus datos os que se indican na seguinte táboa:

		Contrata	Adxudicación	Baixa	Certificado	Pendente certificar
Concello de Vimianzo Código 2019.2200.0380.0 “Senda peonil na contorna do Rego de Cambeda dende Rúa Vilar ata Avenida Fisterra”	Préstamo deputación	135.000,00	133.335,17	1.664,83	0,00	133.335,17
	Achega concello	00,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	<b>Total</b>	135.000,00	133.335,17	1.664,83	0,00	133.335,17

2.- A aprobación definitiva deste proxecto modificado queda condicionada á entrada en vigor do EMC 1/2023, no que se vai consignar, na partida 0430/9436/82120 do vixente orzamento provincial, crédito adecuado e suficiente para o financiamento do préstamo provincial a este investimento.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Vimianzo para os efectos de que poida continuar coa execución deste investimento.”

**27.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Agrupación artística Meninas de Canido polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "Concerto no marco do festival Meninas de Canido - Ferrol"**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Excepcionar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se



encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva, como o incorporado no presente expediente:

O obxecto da presente subvención "CONCERTO NO MARCO DO FESTIVAL MENINAS DE CANIDO - FERROL" consiste na realización dunha serie de concertos musicais e actuacións no marco do festival Meninas de Canido -Ferrol, como unha das actividades complementarias ao proxecto base de arte urbano co fin de promocionar e publicitar o festival entre habitantes e turistas.

A intervención no barrio de Ferrol Vello é unha necesidade urxente dado o seu estado de abandono e deterioración. Trátase da fachada marítima da cidade, de primeira vista para os turistas que chegan á mesma.

Dentro das actividades previstas no marco do festival contan cunha gran importancia os concertos musicais e actuacións diversas que amplifican e complementan as actividades puramente de pintura mural e constituíndo un tipo de actividade artística tamén de carácter urban. O programa musical se desenvolveu durante 4 días con artistas de diversos estilos musicais e expresións artísticas.

3º Excepcionar para o presente o convenio a limitación do 50 % de subcontratación por parte da entidade segundo se establece no artigo 27 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, dado que a asociación non conta nin con persoal ni con medios de ningún tipo para montar , contratar, instalar escenarios, xa que se trata dunha asociación de artistas, especializados en pintura mural pero non teñen coñecemento de montaxe de espectáculos, polo que foi imprescindible a subcontratación das actividades.

4º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e co AGRUPACION ARTISTICA MENINAS DE CANIDO CIF G15876659 para financiar o proxecto "CONCERTO NO MARCO DO FESTIVAL MENINAS DE CANIDO - FERROL"

5º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 39.991,95 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,0000 %. sobre un orzamento total de 49.989,94 €

6º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/481

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

**Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a AGRUPACION ARTISTICA MENINAS DE CANIDO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "CONCERTO NO MARCO DO FESTIVAL MENINAS DE CANIDO - FERROL"**

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte ..... en representación da Deputación da Coruña



E doutra parte, ....., en representación do AGRUPACION ARTISTICA MENINAS DE CANIDO

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e reunidos en presenza da Secretaria Provincial.

- 1 Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o AGRUPACION ARTISTICA MENINAS DE CANIDO consideran de gran interese para a provincia financiar un proxecto de difusión do festival Meninas de Canido mediante a celebración de actuacións musicais no marco do festival.
- 2 Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do AGRUPACION ARTISTICA MENINAS DE CANIDO, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **AGRUPACION ARTISTICA MENINAS DE CANIDO**, CIF G15876659, , polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "CONCERTO NO MARCO DO FESTIVAL MENINAS DE CANIDO - FERROL" tal e como aparecen definidas na memoria de actividades

### II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O AGRUPACION ARTISTICA MENINAS DE CANIDO levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
PRODUCCIÓN DAS ACTUACIÓNS	16.896,44 €
MONTAXE	7.683,50 €
SERVICIOS ELÉCTRICOS	8.228,00 €
PALCO , CAMERINOS	7.157,15 €
CACHÉ MÚSICOS	10.024,85 €
TOTAL	49.989,94 €

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 39.991,95 €, o que representa unha porcentaxe de 80,0000%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o



80,0000% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/432.1/481.00, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o AGRUPACION ARTISTICA MENINAS DE CANIDO obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN AGRUPACION ARTISTICA MENINAS DE CANIDO. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á ASOCIACIÓN AGRUPACION ARTISTICA MENINAS DE CANIDO nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a AGRUPACION ARTISTICA MENINAS DE CANIDO deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a AGRUPACION ARTISTICA MENINAS DE CANIDO trámite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

4. Excepcionase para o presente o convenio a limitación do 50 % de subcontratación por parte da entidade segundo se establece no artigo 27 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, dado que a asociación non conta nin con persoal ni con medios de ningún tipo para montar , contratar, instalar escenarios, xa que se trata dunha asociación de artistas, especializados en pintura mural pero sen coñecemento de montaxe de espectáculos, polo que se fai imprescindible a subcontratación das actividades.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.





2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do AGRUPACION ARTISTICA MENINAS DE CANIDO.

## **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

1. A achega da Deputación seralle aboada á AGRUPACION ARTISTICA MENINAS DE CANIDO unha vez que se presente a seguinte documentación:

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do AGRUPACION ARTISTICA MENINAS DE CANIDO, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña

3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

4.-Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

5.-Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

6.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

7.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar realizadas entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 31 de decembro de 2022.

2. Unha vez rematadas as actividades, o AGRUPACION ARTISTICA MENINAS DE CANIDO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao AGRUPACION ARTISTICA MENINAS DE CANIDO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao AGRUPACION ARTISTICA MENINAS DE CANIDO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo AGRUPACION ARTISTICA MENINAS DE CANIDO na documentación achegada no prazo máximo de catro meses.



### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

- 1 O AGRUPACION ARTISTICA MENINAS DE CANIDO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
- 2 A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
- 3 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. O AGRUPACION ARTISTICA MENINAS DE CANIDO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o AGRUPACION ARTISTICA MENINAS DE CANIDO deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o AGRUPACION ARTISTICA MENINAS DE CANIDO poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o AGRUPACION ARTISTICA MENINAS DE CANIDO queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de



colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo periodo que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do AGRUPACION ARTISTICA MENINAS DE CANIDO serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao AGRUPACION ARTISTICA MENINAS DE CANIDO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2022 e o 31 de decembro de 2022, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro do 2023, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o AGRUPACION ARTISTICA MENINAS DE CANIDO non poida ter presentada a xustificación **antes do día 31 de agosto de 2023**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o AGRUPACION ARTISTICA MENINAS DE CANIDO perderá o



dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data. A concesión da devandita prórroga, previos os informe preceptivos da Unidade Xestora, do servizo de contratación e da Intervención provincial será eventualmente realizada mediante Resolución da Presidencia da Deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do AGRUPACION ARTISTICA MENINAS DE CANIDO, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ do día \_\_\_ de \_\_\_ de \_\_\_\_  
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación, \_\_\_\_\_ O Representante da ASOCIACION

A Secretaria Provincial"

#### **28.- Dación de conta da remisión, ao Ministerio de Facenda e Función Pública, da información da execución orzamentaria da Deputación provincial e dos seus entes dependentes correspondente ao cuarto trimestre de 2022.**

Dáse conta da remisión, ao Ministerio de Facenda e Función Pública, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus Entes dependentes (Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e Fundación Axencia Enerxética da Provincia da Coruña), correspondente ao cuarto trimestre de 2022, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración da información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.



### **29.- Dación de conta da liquidación do orzamento da Deputación provincial do exercicio 2022.**

1. Dáse conta da aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2022.
2. Dáse conta da remisión de copia da liquidación á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma en cumprimento co establecido no apartado 5 do artigo 193 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.
3. Dáse conta da remisión da información prevista na Orde EHA/468/2007, do 22 de febreiro, pola que se establecen as condicións xerais e o procedemento para a presentación telemática da liquidación dos orzamentos das entidades locais e da información adicional requirida para a aplicación efectiva do principio de transparencia no ámbito de estabilidade orzamentaria, e na Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

### **30.- Dación de conta da remisión do orzamento do exercicio 2023 da Deputación e os seus entes dependentes á Administración do Estado.**

Dáse conta da remisión do orzamento do exercicio 2023 da Deputación e dos seus entes dependentes (Consortio provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación axencia enerxética da provincia da Coruña) á Administración do Estado; en cumprimento do disposto na Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, polo que se modifica a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

### **31.- Dación de conta do expediente de modificación de créditos 1/2023 de incorporación de remanentes, de aprobación pola Presidencia.**

Dáse conta do contido do expediente de modificación de créditos de incorporación de remanentes número 1, de aprobación pola Presidencia.

### **32.- Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 1/2023 de aprobación polo Pleno.**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"1.-** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 1/2023 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe 106.659.937,03 euros e que ofrece o seguinte resumo:



## A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

### A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios: 18.703.186,56

SC. Suplementos de crédito: 87.956.750,47

**Total aumentos: 106.659.937,03**

### A.2) Baixas (fontes de financiamento):

Remanente de Tesourería: 99.812.977,03

Baixas por anulación: 6.846.960,00

**Total financiamento: 106.659.937,03**

## B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

### B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

### B.2 Resumen por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas	Baixas	Capítulo	Altas
1. Gastos de persoal	0,00	0,00	1 Impostos directos	0,00
2. Gastos correntes	5.917.786,65	0,00	2 Impostos indirectos	0,00
3. Gastos financeiros	32.107,18	0,00	3 Taxas e outros ingresos	0,00
4. Trans. Correntes	8.541.483,01	100.000,00	4 Transferencias correntes	0,00
5. Fondo continx. y o. i.	0,00	0,00	5 Ingresos patrimoniales	0,00
6. Investimentos reais	24.148.537,62	6.746.960,00	6 Enaxenación investimentos reais	0,00
7. Trans. de capital	66.565.159,86	0,00	7 Transferencias de capital	0,00
8. Activos financeiros	1.454.862,71	0,00	8 Act. Finan. (Reman. Tesourería)	99.812.977,03
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00	9 Pasivos financeiros	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>106.659.937,03</b>	<b>6.846.960,00</b>		<b>99.812.977,03</b>

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitírase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

4- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.



**5.-** Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2022 exceden do límite establecido na regra de gasto deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda e Función Pública a unha consulta sobre un posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financeiro publicada por ese Ministerio en febreiro de 2017, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento ven explicado pola utilización do remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.

Ademais, a estes efectos hai que ter en conta o acordo adoptado polo Congreso dos Deputados do 29 de setembro de 2022 sobre a suspensión da aplicación das regras fiscais no exercicio 2023 como consecuencia do estalido da guerra en Europa e de unha crise enerxética sen precedentes.

**6.-** Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

**33.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello das Pontes de García Rodríguez respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).**

#### VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos 30 deputados/as presentes, e maioría absoluta dos membros da Corporación, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello das Pontes de García Rodríguez, adoptado na sesión plenaria do 11 de xaneiro de 2023, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan



aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

**34.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Moeche respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade dos 30 deputados/as presentes, e maioría absoluta dos membros da Corporación, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Moeche, adoptado na sesión plenaria do 20 de outubro de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

**35.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Santiso respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade dos 30 deputados/as presentes, e maioría absoluta dos membros da Corporación, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Santiso, adoptado na sesión plenaria do 30 de decembro de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso





da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

### **36.- Aceptación da ampliación da delegación de competencias do Concello de Cabanas (IIVTNU).**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade dos 30 deputados/as presentes, e maioría absoluta dos membros da Corporación, acorda:

"1. Aceptar a delegación das competencias acordada polo Concello de Cabanas en relación coa seguintes materias:

Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

2. A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia, e o seu exercicio levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia, aprobadas ao efecto por esta Deputación provincial."

### **37.- Dación de conta do anticipo da liquidación definitiva do exercicio 2022 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.**

Dáse conta do anticipo da liquidación definitiva do exercicio 2022 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

### **38.- Dación de conta da liquidación definitiva do exercicio de 2022 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.**

Dáse conta da liquidación definitiva do exercicio de 2022 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

### **39.- Dación de conta da actualización das entregas a conta realizadas no exercicio 2023 e da entrega a conta de febreiro de 2023 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.**

Dáse conta da actualización das entregas a conta realizadas no exercicio 2023 e da



entrega a conta de febreiro de 2023 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

**40.- Dación de conta do nomeamento da comisión liquidadora do control interno das oficinas de zona 2022.**

Dáse conta do nomeamento da comisión liquidadora do control interno das oficinas de zona 2022.

**41.- Dación de conta da Memoria de Recadación e Xestión Tributaria da Deputación da Coruña do 2022 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.**

Dáse conta á Comisión da Memoria de Recadación e Xestión Tributaria da Deputación da Coruña do 2022 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

**42.- Dación de conta dos estados contables da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) correspondiente ao exercicio 2022.**

Dáse conta dos estados contables da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) correspondiente ao exercicio 2022

**43.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo coa Asociación VENTO NOSO para cofinanciar o "Programa de asesoramento a propietarios afectados, e poboación xeral, nos concellos rurais da provincia da Coruña na implantación de parques eólicos 2022"**

INTERVENCIÓNS

Sr. Lema Suárez

Nós imos absternos neste punto. Para motivalo brevemente, nós fomos os promotores no ano 2021 dunha moción para que se aprobase algún tipo de asistencia ás persoas afectadas pola implantación pouco planificada de parques eólicos no noso país, que estaban tendo efectos contrarios aos seus intereses, é unha cuestión que segue hoxe, como todos saberán, aínda sendo polémica, seguimos sen ser capaces de atopar un punto de equilibrio para unha transición enerxética xusta, sustentable e que non acaben finalmente pagándoa as persoas, o elo mais débil, que son as persoas afectadas por esta cuestión directamente e que ven como se desvaloriza o seu patrimonio.

Daquela, aquela moción acabou substanciándose nun convenio que foi aprobado en 2021, que entendo que é o que hoxe vai ser aquí finalmente aprobado o seu pagamento. Nós non o imos votar de xeito contrario, pero imos absternos porque, polas referencias que nos chegan por parte de persoas que asistiron ás charlas, ou persoas que foron dalgunha maneira asesoradas a través deste convenio, o que en realidade se lles viña aconsellando, o que en realidade era o que se ofrecía, era case un servizo de intermediación entre as propias empresas enerxéticas que intentaban implantarse no territorio e os interesados. Máis ben o que se lles viña era, dalgunha maneira, a ofrecer a posibilidade de negociar unha compensación maior e non tanto o que debiera ser, entendemos, o principal obxecto deste convenio, que sería a presentación de alegacións, tanto os particulares como os concellos e outras entidades afectadas por esta, insistimos, implantación desordenada de parques eólicos no noso país.

Polo tanto, nós máis adiante trouxemos aquí unha moción para que se garantise que o obxecto deste convenio fose este, o orixinal, e non o que finalmente pensamos que



acabou converténdose no seu obxecto e, polas razóns expostas, simplemente manifestamos a nosa abstención neste punto.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 15 deputados/as (10 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 15 deputados/as (14 do PP e 1 de Marea Atlántica)

### **ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP e Marea Atlántica, acorda:

"Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de formalización dun convenio administrativo coa Asociación Vento Noso para cofinanciar o "Programa de Asesoramento a propietarios afectados, e poboación xeral, nos concellos rurais da provincia de A Coruña na implantación de parques eólicos 2022", propónse á Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible, a toma en consideración do seguinte acordo:

1. Acreditadas as condicións especiais da entidade solicitante e o seu programa de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.
2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no art. 176 do texto refundido da Lei de Facendas Locais.
3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa ASOCIACIÓN VENTO NOSO, CIF:G70081609, para regular a achega de 64.387,20 € para cofinanciar o proxecto "Programa de asesoramento a propietarios afectados, e poboación xeral, nos concellos rurais da provincia de A Coruña na implantación de parques eólicos 2022", cun orzamento subvencionado de 80.484,00 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 80,00 %.
4. Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220230000257, da aplicación orzamentaria 0520/92052/481, do vixente Orzamento Xeral.
5. Incluír esta subvención nominativa no Plan estratéxico de subvencións da Deputación da Coruña.
6. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN VENTO NOSO PARA FINANCIAR O "PROGRAMA DE ASESORAMENTO A PROPIETARIOS AFECTADOS, E POBOACIÓN XERAL, NOS CONCELLOS RURAIS DA PROVINCIA DE A CORUÑA NA IMPLANTACIÓN DE PARQUES EÓLICOS 2022"**

Na Coruña a ... de ..... de 2023



## REUNIDOS

Dunha parte, \_\_\_\_\_, en representación da Deputación Provincial da Coruña, e  
Doutra parte, \_\_\_\_\_, en representación da Asociación Vento Noso

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

## MANIFESTAN

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e a Asociación Vento Noso consideran de gran interese para a provincia impulsar a transferencia de coñecemento solvente e transparente á cidadanía en xeral e, en particular, aos propietarios afectados polo desenvolvemento de parques eólicos na provincia para aproveitar os impactos positivos que poden xerar sobre as economías locais como factor de desenvolvemento e loita contra a despoboación e o envellecemento que ameazan os nosos pobos e vilas así como mellorar a sustentabilidade e a protección do medio ambiente.

Que os fins da Asociación Vento Noso son a promoción e fomento de Enerxías Renovables, e a conservación, promoción e defensa dos recursos naturais e do medio ambiente, así como a defensa dos intereses e dereitos das persoas propietarias de terreos afectados por plans ou proxectos de instalacións de Enerxías Renovables, tanto en propiedades particulares como en Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (MVMC)

Que a Deputación da Coruña, que ten entre as súas competencias o fomento do desenvolvemento económico e social e a protección do medio ambiente, recoñece a importancia do labor que a Asociación Vento Noso desenvolve, sobre todo no que se refire á problemática da implantación de novos parques eólicos, informando e asesorando sobre os impactos paisaxístico-ambientais que se xeran sobre a súa contorna e os conflitos no terreo cos usos existentes ou futuros.

Que o apoio da Deputación da Coruña ao “Programa de asesoramento a propietarios afectados, e poboación en xeral, nos concellos rurais da provincia de A Coruña na implantación de parques eólicos” que a Asociación Vento Noso desenvolve, permite beneficiar a un maior número de colectivos da provincia , polo que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e a Asociación Vento Noso acordan subscribir o presente convenio de colaboración dacordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Vento Noso (NIF: G70081609) para financiar o “Programa de asesoramento a propietarios afectados, e poboación en xeral, nos concellos rurais da provincia de A Coruña na implantación de parques eólicos 2022” , no que se integran as actividades de información e asesoramento á cidadanía en xeral, e en particular, a propietarios afectados polo desenvolvemento de parques eólicos na Provincia da Coruña.



## II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A Asociación Vento Noso desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACCIÓNS A DESENVOLVER	Nº ACCIÓNS		GASTO PERSOAL-organización, coordinación	SERVICIOS PROFESIONAIS: ponentes, desenvolvemento contidos	MATERIAL INFORMATIVO: guía, folleto	DIVULGACIÓN: trípticos, carteis, mailing	ALUGUER EQUIPOS	TOTAL
charlas informativas poboación xeral	10	Edicións	2.240,00	3.600,00	3.000,00	3.980,00	600,00	13.420,00
charlas informativas propietarios afectados	10	Edicións	2.240,00	3.600,00	3.000,00	3.980,00	600,00	13.420,00
asesoramento en revisión de exposicións públicas	4	Meses	-	9.120,00	5.950,00	1.592,00	-	16.662,00
asesoramento técnico-xurídico afectados por instalacións de parques	4	Meses	-	9.120,00	5.950,00	1.592,00	-	16.662,00
redacción documentos de alegacións tipo	1	Documentos	-	1.780,00	-	-	-	1.780,00
elaboración material divulgativo	1	Documentos	-	1.500,00	-	-	-	1.500,00
xestión documental e informativa en páxina web	1	Web	1.520,00	1.922,00	-	-	-	3.442,00
reunións formativas - informativas con colectivos veciñais	10	Edicións	-	3.600,00	5.418,00	3.980,00	600,00	13.598,00
<b>TOTAL</b>			<b>6.000,00</b>	<b>34.242,00</b>	<b>23.318,00</b>	<b>15.124,00</b>	<b>1.800,00</b>	<b>80.484,00</b>

## III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **64.387,20 €**, o que representa unha porcentaxe do **80%**. A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/92052/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou



axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Vento Noso obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

#### **VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

a. Memoria de actuación, subscrita polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b. Certificación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se fora o caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias



compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o presente ano.

c. Declaración relativa á repercusión do IVE que, se fora o caso, inclúan as facturas xustificativas do gasto realizado. De acordo co disposto no art. 31.8 da Lei xeral de subvencións, o IVE será subvencionable no caso de que non sexa deducible pola entidade.

d. Autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

e. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

f. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

g. Declaración de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan a responsabilidade de tesouraría e a representación legal da entidade.

h. Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera das actividades subvencionadas.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar realizadas entre o 01 de setembro de 2022 e o 31 de decembro de 2022.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Vento Noso deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Vento Noso para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Vento Noso da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.



4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Vento Noso na documentación presentada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación Vento Noso terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de interese legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

### **VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL**

1. A Asociación Vento Noso deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A Asociación Vento Noso destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Vento Noso deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### **X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Vento Noso poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas





de Galicia, a Asociación Vento Noso queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

## **XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

## **XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de xullo de 2023 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 01 de setembro de 2022.

2. Para o caso de que a Asociación Vento Noso non poda presentar a xustificación antes do 31 de xullo 2023, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do



importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2023. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio."

#### **ACTUACIÓN DE CONTROL**

#### **MOCIÓNS**

Sr. Presidente

Procedemos ás actuacións de control. Hai varias mocións; a primeira, presentada polo Grupo Provincial Marea Atlántica, referida á protección dos humidais.

#### **1.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica pola protección dos humidais**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O pasado día dous de febreiro celebrouse o día mundial dos humidais, data que conmemora a sinatura da Convención Relativa aos humidais de Importancia Internacional, especialmente como Hábitat de Aves Acuáticas, máis coñecido como Convención ou Convenio de Ramsar. Con esta efeméride preténdese “visibilizar e concienciar sobre o valor dos humidais para a humanidade e o planeta”. O lema deste ano 2023, “É hora de restaurar os humidais”, fai referencia directa e explícita á necesaria urxencia de pór en marcha accións de restauración dos humidais e é, así mesmo, un chamado de atención debido a que a súa desaparición está sendo tres veces máis rápida



que a dos bosques, sendo xa máis do 35% dos humidais do mundo os que se teñen degradado ou perdido dende 1970.

O Convenio de Ramsar é o tratado internacional intergubernamental aprobado o 2 de febreiro de 1971 na cidade iraniana homónima. Entrou en vigor en 1975 sendo no seu momento a única tipoloxía de gran ecosistema obxecto dun tratado internacional. O estado español adheriuse en 1982 e actualmente son xa 172 os países membros asinantes. No artigo primeiro do convenio defínase os humidais como “extensións de marismas, pantanos e turbeiras, ou superficies cubertas de augas, sexan estas de réxime natural ou artificial, permanentes ou temporais, estancadas ou correntes, doces, salobres ou salgadas, incluídas as extensións de auga mariña cuxa profundidade en marea baixa non exceda de seis metros”.

Segundo o propio convenio e diversos estudos científicos posteriores, os humidais son vitais para a supervivencia humana xa que son uns dos espazos máis produtivos do mundo, berces de diversidade biolóxica e fontes de auga e produtividade primaria das innumerables especies vexetais e animais que os precisan para subsistir. Está probado igualmente que os humidais brindan auga doce, biodiversidade e son claves na depuración natural de augas, no control de enchentes, no mantemento da biodiversidade albergando máis de 100.000 especies de auga doce, e non menos importante na mitigación da crise climática, xa que son sumidoiros de CO<sub>2</sub>, contendo no planeta o 30% do carbono almacenado na terra pese a ocupar tan só o 3% da superficie terrestre.

A relevancia dos humidais, brañas e turbeiras en Galicia e na Provincia da Coruña é tamén maiúscula e existe lexislación ao respecto. O Decreto 127/2008, do 5 de xuño, desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia (DOG Núm. 122, do 25 de xuño de 2008). Existe ademais o compromiso por parte da Xunta de Galicia reflectido no artigo 87 na Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, de fomentar na súa planificación ambiental a conservación de corredores ecolóxicos a xestión dos elementos de paisaxe e áreas territoriais primordiais tendo en conta os impactos futuros do cambio climático, outorgando un papel prioritario aos cursos fluviais.

O problema é que pese a existir este compromiso para a creación do Inventario de humidais e entenderse este como un paso previo para incorporar novos humidais protexidos, non se tramitou a protección de ningún espazo en 15 anos. O traballo en parte xa estaba realizado polo Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER) que tiña xa dende 2003 elaborado un inventario con máis de 1.100 humidais galegos. Pese a todo isto non se tramitou a protección destes espazos, declarándose neste tempo exclusivamente o Parque Nacional das Illas Atlánticas, procedendo cun claro deixamento de funcións canto menos na falta de protección dos humidais.

As ameazas actuais aos humidais e polo tanto ao noso territorio son múltiples. As secas e outras consecuencias xa visibles da crise climática sumadas ás actuacións humanas sen a planificación axeitada nos plantíos forestais, a agricultura intensiva, a instalación de parques eólicos ou a explotación de minas están poñendo contra as cordas os humidais, brañas e turbeiras do noso país e da nosa provincia.

Debido á inacción das administracións a Asociación Ecoloxistas en Acción leva meses traballando no país e na provincia para visibilizar esta problemática. Mantivemos unha xuntanza coa asociación recentemente, na que nos presentaron a súa campaña “Humidais para a Vida” lanzada no verán de 2022 que rematou coa presentación dun informe técnico (anexo a esta moción) ante a Xunta de Galicia, para propoñer a inclusión



no catálogo de humidais galegos dunha cantidade relevante destes hábitats da provincia da Coruña. Facendo así o traballo que lle correspondería á Xunta, preséntanse neste informe, máis de dez brañas, recollendo o valor ecolóxico e para a biodiversidade específico.

Aparecen así nesta primeira pescuda a Braña do Deo, a Braña de Valadares, a Braña da Serra, as Brañas do Monte Inxerio, as Brañas da Calzada, as Brañas do Espindro, as Brañas do Torreiro, as Brañas da Lagoa e Pedra Guinchada, as Brañas da Lagoa e Vilarchán - Carboeiro, Brañas de Fulgueiro e as Brañas de Troitamil.

Non podemos permanecer impasibles ante a inacción da Xunta de Galicia fronte a perda, seca e desprotección dos humidais.

**Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:**

1. Expresar o compromiso da Deputación da Coruña na defensa, protección e conservación dos humidais, brañas e turbeiras, sinaladamente na nosa provincia.
2. Recoñecer e apoiar o traballo de Ecoloxistas en Acción, especialmente pola realización do informe técnico de humidais da Provincia da Coruña.
3. Instar á Xunta de Galicia e á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a inclusión no Catálogo de Humidais galego ás brañas da provincia da Coruña indicadas no informe técnico de Ecoloxistas en acción, así como a apoiar técnica e economicamente traballo que realiza Ecoloxistas en Acción para que continúen identificando e catalogando os humidais, brañas e turbeiras.

Sr. Lema Suárez

Moitas grazas de novo, presidente e compañeiros.

Os humidais, coñecidos entre nós máis ben co nome de brañas, son uns ecosistemas que teñen máis funcións que a de simplemente acumular auga contra a superficie, senón que tamén contribúen ao mantemento da biodiversidade e tamén son, por certo, grandes recicladores, grandes absorbedores de CO<sub>2</sub>, contribuíndo por tanto tamén á mellora do medio ambiente e á osixenación do mundo.

Celebrabamos hai escasas datas, en febreiro, polo tanto a principios deste mes, o aniversario dun convenio, un convenio do ano 1971, do ano 1975 perdón, o convenio de Ramsar, no que se establecía a nivel internacional pois unhas medidas, a implantación dunhas medidas para a protección destes ecosistemas que son especialmente sensibles. Creo que no noso país temos exemplos dramáticos dunha xestión do territorio desde un punto de vista do desenvolvemento que deron lugar no seu momento á desecación, á desaparición do que era a lagoa húmida máis extensa de Europa, que era a lagoa da Antela, situada en Ourense. Iso é algo que se fixo, como todos saberán, durante o franquismo, e que supuxo, desde logo, unha inmensa perda ecolóxica para o noso país. E o ecoloxismo non é algo que forme parte, digamos, dunhas ideas abstractas, senón que contribúe á mellora da vida das persoas.

En todo caso, desde aquela data ata hoxe as cousas cambiaron moito. Pensamos que estamos nunha sociedade máis sensibilizada coa protección do seu entorno natural. En Galicia existen, segundo un informe do Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural, IBADER, elaborado este informe no ano 2003, 1.100 humidais,



dos cales unicamente seis están protexidos.

Nos últimos quince anos unicamente un humidal foi incorporado a este catálogo, trátase do Parque Nacional das Illas Atlánticas, o que dá proba do tremendo desleixo e da tremenda desprotección do noso patrimonio natural no que atinxe aos humidades e ás brañas. Existe unha lexislación autonómica *ad hoc* para a protección destes ecosistemas (Decretos 127/2008 e 122 da mesma data, de 2008), pero ao que estamos asistindo é, unha vez máis, ao desleixo da Xunta de Galicia, que se nega a catalogar, identificar e, por tanto, protexer estas zonas húmidas, estas brañas.

É a entidade Ecoloxistas en Acción, como tantas outras no noso país, de carácter ambiental e de moitos outros tipos, de moitos outros sectores, os que pola súa conta, polos seus propios medios están levando a cabo este labor de identificación e de catalogación das brañas do noso país.

Insistimos, 1.100 brañas das cales unicamente seis están recoñecidas como tal, todas elas situadas en zonas litorais e costeiras, nin unha soa braña da zona do interior que estea incluída neste catálogo da Xunta. Estamos realmente desprotexendo de maneira moi grave a nosa contorna.

Nesta primeira pescuda feita por Ecoloxistas en Acción, propoñen a incorporación das brañas que vou relacionar agora, todas elas situadas no ámbito da provincia da Coruña, a este catálogo tan baleiro da Xunta de Galicia. Son as seguintes brañas: braña do Deo, que vai aparecer máis adiante, non expresamente pero si incluída nunha moción que se vai debater aquí sobre a declaración como Parque Natural do Monte do Gato, porque está situada precisamente nesta contorna; a braña de Valadares, na zona noroeste da provincia, se non me equivoco entre Outes e Mazaricos, se non me equivoco; a braña das Serras; brañas do Monte de Inxerio; as brañas da Calzada; as brañas do Espindro; as brañas de Torreiro; as brañas da Lagoa; a Pedra Quinchada; as brañas de Vilarchán, Carboeiro, Fulgueiro e as de Troitomil. Finalmente, que tamén nalgún outro momento ten pasado esta fermosa palabra de Troitomil por este salón de plenos, tamén unha vez máis, pois porque seguía en perigo a súa permanencia pola implantación, insistimos, dun modelo de desenvolvemento, neste caso tamén dun parque eólico na zona do Val do Dubra.

Da parte resolutiva, o que propoñemos son os seguintes acordos:

No punto un, expresar o compromiso da Deputación da Coruña na defensa, protección e conservación dos humidais, brañas e turbeiras, sinaladamente na nosa provincia.

No punto dous, recoñecer e apoiar o traballo de Ecoloxistas en Acción, especialmente pola realización do informe técnico de humidais da provincia da Coruña que veño de referir antes.

No punto terceiro, instar a Xunta de Galicia, a Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda –aquí existen unhas propostas feitas desde o Grupo Socialista e tamén desde o Grupo do BNG, que aceptamos– a iniciar o procedemento para a inclusión no catálogo de humidais galegos das brañas da provincia da Coruña indicadas no informe técnico de Ecoloxistas en Acción, así como a apoiar o traballo que realiza Ecoloxistas en Acción para que continúe identificando e catalogando os humidais, brañas e turbeiras, excluindo desta parte, como ben se ten argumentado antes da celebración do Pleno, que isto se manifeste ou non economicamente.



Nada máis e moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Ben, bo día a todos e a todas.

Como xa comentamos na Xunta de Voceiros, quitando ese pequeno matiz, que propuxemos a modo de emenda, e que foi aceptada polo grupo propoñente da moción, nós compartimos o seu fondo e a súa forma, polo tanto, o Grupo Socialista ímola votar favorablemente, simplemente con ese matiz que entendiamos que no terceiro punto había que incluír que se iniciasen os trámites oportunos por parte da inclusión no catálogo, porque iso implicaría toda a tramitación administrativa, técnica e ambiental que implica calquera expediente destas características. Polo tanto, é unha cuestión máis simplemente formal, pero entendíamos que había que facela constar. Por tanto, agradecendo a boa disposición do grupo propoñente a aceptala, confirmo novamente o voto favorable do Grupo Socialista.

Sr. Ben Otero

Grazas, presidente.

Bo día, compañeiros e compañeiras da Corporación.

Ao respecto disto, primeiro un pequeno matiz, que eu entendo que se terá equivocado o señor Lema ao dicir que Outes e Mazaricos están na zona noroeste da provincia, estarán na zona suroeste en todo caso; un pequeno matiz simplemente, porque, ben, ás veces... simplemente é un pequeno matiz.

Despois, dicir que, dende a Xunta de Galicia, dende a Dirección Xeral de Protección da Natureza, se estivo e se está a traballar activamente nos últimos anos para a incorporación das zonas húmidas máis salientables de Galicia no inventario de zonas húmidas de Galicia, incluíndo traballos cartográficos de identificación das distintas tipoloxías e de inventarización das distintas especies que definen estes ecosistemas. Como resultado destes traballos, desde a Dirección Xeral prevese a publicación no DOG deste mesmo mes dunha resolución pola que se incluírán 400 zonas húmidas no Inventario de zonas húmidas de Galicia, e en concreto da provincia da Coruña está prevista a inclusión de 16 zonas húmidas, cunha superficie total de 13.872,43 hectáreas. Das brañas que aparecen no escrito, desde logo na Xunta non consta que estea ningunha incluída no actual listado, pero tamén é certo que ao mellor é por unha cuestión de denominación, ao mellor algunhas delas poden estar incluídas. É certo que o listado ao que fan mención de Ecoloxistas en Acción, desde logo, eu teño preguntado, na Xunta non lle consta que ese listado se lle teña facilitado á Xunta de Galicia. En consecuencia, é difícil entender que se poida meter ou aceptar un listado dunha asociación, sexa cal sexa, se na Xunta de Galicia non teñen constancia dese propio listado, dese propio traballo.

Fala de falta de protección dos ecosistemas; da falta de tramitación de protección á que fan referencia no escrito tamén hai que salientar que seguen a confundir o que é un inventario co que é un espazo protexido, indicando que dos máis dous mil humidais do estudo do ano 2023 realizado polo IBADER só se protexeu o Parque Nacional declarado Ramsar, sen entender que o obxecto do inventario non é declarar protexidos todos os humidais, senón telos localizados e caracterizados, identificando as funcións e os valores ecolóxicos, sociais e culturais de cada zona húmida, establecendo unha liña de base para medir o cambio futuro na área, nas funcións e nos seus valores, proporcionando unha ferramenta de planificación e xestión e facilitando as comparacións de todas as escalas. A



inscrición dunha zona húmida no Inventario de zonas húmidas de Galicia é requisito previo e necesario para a declaración dunha zona húmida baixo a categoría de zona húmida protexida, o que non quere dicir que se vaian declarar todas como espazo protexido. De feito, unha boa representación dos humidais galegos, arredor do 65%, está incluído xa na Rede Natura 2000 de Galicia como hábitat de interese comunitario.

En consecuencia, respecto ao tema das plantacións, vostede sabe coma min, perfectamente, que hai unha moratoria para a plantación de eucaliptos en Galicia. En consecuencia, dificilmente se pode plantar neste tipo de zonas eucaliptos neste momento.

E, respecto aos proxectos eólicos, ben sabe tamén coma min que na Rede Natura non se poden instalar proxectos eólicos. En consecuencia, nós respecto á súa moción, dicir o seguinte: que o primeiro punto aprobaríamolo sen ningún tipo de problema, o que di o seguinte: “Expresar o compromiso da Deputación da Coruña na defensa, protección e conservación dos humidais, brañas e turbeiras, sinaladamente da nosa provincia”; nisto non temos ningún problema. No punto 2: “recoñecer e apoiar o traballo de Ecoloxistas en Acción” eu, honestamente, como non coñezo o seu traballo, non coñezo este inventario do que fai vostede mención, non podo apoiar algo que non coñezo e, desde logo, na Administración tampouco teñen coñecemento diso. E, respecto ao terceiro, de incluír este catálogo, eu entendo que son os técnicos da Xunta de Galicia ou da Dirección Xeral de Protección da Natureza os que teñen que facer o seu traballo, é verdade que poden ter coñecemento deste traballo, unha vez que teñen acceso a el e contar con el, e logo dar apoio económico, técnico e tal. Eu entendo que cada un ten que facer o seu traballo. En consecuencia nós, por todo isto, repito, co primeiro punto estamos completamente de acordo, pero diferimos nos outros dous e imos votar en contra da moción.

Grazas.

Sr. Lema Suárez

Moi brevemente. Non digo do informe que presentou Ecoloxistas en Acción, descoñezo en que momento e de que xeito, ante a Xunta de Galicia, senón do anterior, do IBADER, no ano 2003, no que se identificaban 1.100 humidais e brañas, estame dicindo vostede, cousa que celebro, que quince anos despois, a Xunta de Galicia vai incluír 400, nestes momentos, a futuro, creo que é unha boa noticia, desde logo, moi tardía. Creo que amosa que non foi desde logo un tema prioritario no que a Xunta amosase moita preocupación en todo este tempo, en 15 anos, por simplemente rexistrar e identificar aquilo que o Ibader declara unha braña ou zona húmida.

Di vostede que a identificación dunha zona húmida ou dunha zona braña non implica inmediatamente a súa protección, evidentemente, pero nunha segunda fase, a lei autonómica, os decretos autonómicos do ano 2008 si implican que iso suceda, ou sexa, si implican que dunha vez que vostede identifica certo patrimonio natural, ten que vostede acometer ou protexelo coas garantías dispostas na propia lei.

O que está a acontecer hoxe en día, agora mesmo é que, como non existe esa identificación, teñen que ser os propios veciños que se ven afectados –falaba da cuestión dos eólicos, pero tamén da cuestión das plantacións de eucaliptos e outras– e os movementos ecoloxistas, teñen que ser eles mesmos os que fagan ese traballo de identificación e que sobre ese traballo apelen á lexislación autonómica que lle dá protección. Polo tanto, se a Xunta activamente fai o seu traballo, que é o de identificar estes ecosistemas e dotalos da protección debida, non terán que ser os particulares e as asociacións e as entidades ecoloxistas as que se ocupen de facer aquilo que a



Administración autonómica non fai, como tantas outras veces e algúns pensan que como un xeito de facilitar, ademais, non porque sexan desconfiados, senón porque tal vez sexa unha constante, como un xeito de facilitar a implantación de determinadas actividades industriais ou do sector enerxético.

A nós, en todo o caso, parécenos magnífico que a Xunta de Galicia inicie agora, tanto tempo despois, esta identificación, e digo simplemente que é o primeiro paso para a súa posterior protección.

Nada máis, a moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Grazas, presidente.

Un pequeno matiz: non é que inicie, é que se vai publicar neste mes, dos cales 216 están na provincia da Coruña. Eu entendo que o seu sería ler o DOG cando saia publicado, ver efectivamente que é o que está denominado, o que está recollido neste asunto e, a partir de aí, poder opinar. En consecuencia, eu xa lle digo, nós imos votar en contra da moción porque non coñecemos ese traballo a que fan mención, a Xunta de Galicia tampouco o coñece e nós non podemos dar por bo un traballo que non coñecemos e entendemos que son os técnicos da Dirección Xeral os que teñen que facer o seu traballo.

Máis nada e grazas.

### VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 14 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

### **"Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica pola protección dos humidais**

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día dous de febreiro celebrouse o día mundial dos humidais, data que conmemora a sinatura da Convención Relativa aos humidais de Importancia Internacional, especialmente como Hábitat de Aves Acuáticas, máis coñecido como Convención ou Convenio de Ramsar. Con esta efeméride preténdese “visibilizar e concienciar sobre o valor dos humidais para a humanidade e o planeta”. O lema deste ano 2023, “É hora de restaurar os humidais”, fai referencia directa e explícita á necesaria urxencia de pór en marcha accións de restauración dos humidais e é, así mesmo, un chamado de atención debido a que a súa desaparición está sendo tres veces máis rápida que a dos bosques, sendo xa máis do 35% dos humidais do mundo os que se teñen degradado ou perdido dende 1970.

O Convenio de Ramsar é o tratado internacional intergubernamental aprobado o 2 de febreiro de 1971 na cidade iraniana homónima. Entrou en vigor en 1975 sendo no seu momento a única tipoloxía de gran ecosistema obxecto dun tratado internacional. O estado español adheriuse en 1982 e actualmente son xa 172 os países membros





asinantes. No artigo primeiro do convenio defínense os humidais como “extensións de marismas, pantanos e turbeiras, ou superficies cubertas de augas, sexan estas de réxime natural ou artificial, permanentes ou temporais, estancadas ou correntes, doces, salobres ou salgadas, incluídas as extensións de auga mariña cuxa profundidade en marea baixa non exceda de seis metros”.

Segundo o propio convenio e diversos estudos científicos posteriores, os humidais son vitais para a supervivencia humana xa que son uns dos espazos máis produtivos do mundo, berces de diversidade biolóxica e fontes de auga e produtividade primaria das innumerables especies vexetais e animais que os precisan para subsistir. Está probado igualmente que os humidais brindan auga doce, biodiversidade e son claves na depuración natural de augas, no control de enchentes, no mantemento da biodiversidade albergando máis de 100.000 especies de auga doce, e non menos importante na mitigación da crise climática, xa que son sumidoiros de CO<sub>2</sub>, contendo no planeta o 30% do carbono almacenado na terra pese a ocupar tan só o 3% da superficie terrestre.

A relevancia dos humidais, brañas e turbeiras en Galicia e na Provincia da Coruña é tamén maiúscula e existe lexislación ao respecto. O Decreto 127/2008, do 5 de xuño, desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia (DOG Núm. 122, do 25 de xuño de 2008). Existe ademais o compromiso por parte da Xunta de Galicia reflectido no artigo 87 na Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, de fomentar na súa planificación ambiental a conservación de corredores ecolóxicos a xestión dos elementos de paisaxe e áreas territoriais primordiais tendo en conta os impactos futuros do cambio climático, outorgando un papel prioritario aos cursos fluviais.

O problema é que pese a existir este compromiso para a creación do Inventario de humidais e entenderse este como un paso previo para incorporar novos humidais protexidos, non se tramitou a protección de ningún espazo en 15 anos. O traballo en parte xa estaba realizado polo Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER) que tiña xa dende 2003 elaborado un inventario con máis de 1.100 humidais galegos. Pese a todo isto non se tramitou a protección destes espazos, declarándose neste tempo exclusivamente o Parque Nacional das Illas Atlánticas, procedendo cun claro deixamento de funcións canto menos na falta de protección dos humidais.

As ameazas actuais aos humidais e polo tanto ao noso territorio son múltiples. As secas e outras consecuencias xa visibles da crise climática sumadas ás actuacións humanas sen a planificación axeitada nos plantíos forestais, a agricultura intensiva, a instalación de parques eólicos ou a explotación de minas están poñendo contra as cordas os humidais, brañas e turbeiras do noso país e da nosa provincia.

Debido á inacción das administracións a Asociación Ecoloxistas en Acción leva meses traballando no país e na provincia para visibilizar esta problemática. Mantivemos unha xuntanza coa asociación recentemente, na que nos presentaron a súa campaña “Humidais para a Vida” lanzada no verán de 2022 que rematou coa presentación dun informe técnico (anexo a esta moción) ante a Xunta de Galicia, para propoñer a inclusión no catálogo de humidais galegos dunha cantidade relevante destes hábitats da provincia da Coruña. Facendo así o traballo que lle correspondería á Xunta, preséntanse neste informe, máis de dez brañas, recollendo o valor ecolóxico e para a biodiversidade específico.

Aparecen así nesta primeira pescuda a Braña do Deo, a Braña de Valadares, a Braña da Serra, as Brañas do Monte Inxerio, as Brañas da Calzada, as Brañas do Espindro, as



Brañas do Torreiro, as Brañas da Lagoa e Pedra Guinchada, as Brañas da Lagoa e Vilarchán - Carboeiro, Brañas de Fulgueiro e as Brañas de Troitomil.

Non podemos permanecer impasibles ante a inacción da Xunta de Galicia fronte a perda, seca e desprotección dos humidais.

**Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:**

1. Expresar o compromiso da Deputación da Coruña na defensa, protección e conservación dos humidais, brañas e turbeiras, sinaladamente na nosa provincia.
2. Recoñecer e apoiar o traballo de Ecoloxistas en Acción, especialmente pola realización do informe técnico de humidais da Provincia da Coruña.
3. Instar á Xunta de Galicia e á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a iniciar o procedemento para a inclusión no Catálogo de Humidais galego ás brañas da provincia da Coruña indicadas no informe técnico de Ecoloxistas en acción, así como a apoiar o traballo que realiza Ecoloxistas en Acción para que continúen identificando e catalogando os humidais, brañas e turbeiras.

Sr. Presidente

Seguinte moción que presentan os grupos provinciais PSdG-PSOE e BNG de apoio á solicitude de inicio do procedemento para a declaración dos Montes do Gato como espazo natural.

**2.Moción que presentan os Grupos Provinciais PSdeG-PSOE e BNG de apoio á solicitude de inicio do procedemento para a declaración dos Montes do Gato (entre os concellos de Coirós, Oza-Cesuras e Aranga) como espazo natural protexido na categoría de Parque Natural para a salvagarda do Patrimonio Cultural, o Patrimonio Natural e a Paisaxe de Galicia**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En data 11 de xullo do ano 2022 a veciña do municipio Oza Cesuras, Dona Pilar Mónica Fernández-Aceytuno Sáenz de Santa María e o Alcalde de Oza-Cesuras, en representación de dito concello, rexistran ante a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio solicitude pola que instan á Xunta de Galicia, a través da referida consellería, a iniciar o procedemento para a declaración dos Montes do Gato, situados entre os municipios coruñeses de Coirós, Oza-Cesuras e Aranga, como Espazo Natural Protexido, na categoría de Parque Natural para a salvagarda do Patrimonio Cultural, o Patrimonio Natural e a Paisaxe de Galicia.

A devandita solicitude foi presentada co apoio de 804 sinaturas de veciños e veciñas dos Montes do Gato, e de 36.329 persoas de Galicia, España e Europa, que apoiaron dita petición a través da súa sinatura online na plataforma change.org.

A Lei 5/2019, de 2 de agosto, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia, xa na súa Exposición de Motivos, establece que "a conservación do medio ambiente é unha das demandas da sociedade actual e unha obriga non só de calquera administración pública, senón de toda a cidadanía, tal e como se desprende do disposto no artigo 45 da Constitución Española".



No artigo 2.f) da dita Lei, sobre principios xerais, establece que, entre outros, é un principio inspirador da dita Lei a prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística e adica o Título II aos espazos naturais protexidos, definíndoos no artigo 21.1. como aqueles que sexan declarados como tales pola administración competente, ao concurrir nos mesmos algún dos requisitos seguintes:

- a) "Conter sistemas ou elementos naturais representativos, singulares, fráxiles, ameazados ou de especial interese ecolóxico, científico, paisaxístico, xeolóxico ou educativo.
- b) Contribuír a garantir o bo estado de conservación dos hábitats, comunidades e especies presentes en calquera fase do seu ciclo vital, que estean ameazados ou que ao amparo de convenios internacionais suscritos por España ou de disposicións específicas requiran unha protección especial.
- c) Estar adicados especialmente á protección e ao mantemento da diversidade biolóxica, da xeodiversidade e dos recursos naturais e culturais asociados, así como dos procesos evolutivos, a conectividade e a migración de especies, e das funcións e procesos ecolóxicos esenciais.
- d) Conter elementos de especial interese para a interpretación e o estudo do medio ambiente e dos valores culturais asociados".

Pola súa banda, o artigo 22 da Lei establece as categorías de espazos naturais en función dos bens e valores a protexer e dos obxectivos de xestión que deben cumprir, e o artigo 24 define a categoría de parque, establecendo no seu apartado 3 que a declaración de parque natural corresponde á administración autonómica.

Tendo en conta que nos "Montes do Gato" concorren varios dos requisitos establecidos para ser declarado como Espazo Natural Protexido, como son:

- Albergar a gran Necrópole Megalítica do Neolítico Monte do Gato, con máis de 107 túmulos funerarios catalogados, sen contar coas mámoas individuais, nin as que aínda quedan por catalogar, constituíndo hoxe a maior necrópole do Neolítico de Galicia, que alberga as necrópoles prehistóricas de Gato, Portomoiero, Valló, Mazarelas, O Petón, Outeiro da Ponte, As Penas I e As Penas II, Martán, Cerro de Martán e As Medoñas.
- A superficie do macizo granítico Monte do Gato (1.200 hectáreas) co LIC (Lugar de Interese Comunitario LIC código ES1110021) "Brañas do Deo" (3.385,1 hectáreas) emplazado ao sureste do Monte do Gato, dentro da ampliación da Rede Natura e considerado un dos sistemas higroturfófilos interiores máis notables de toda Galicia, que suman casi 5.000 hectáreas dun mesmo territorio conectado de superficie continua de alto valor ecolóxico e dunha gran singularidade paisaxística, moi pouco antropizado, que alberga hábitats de interese comunitario de acordo coa Directiva 92/43/CEE, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestre como as Turbeiras elevadas activas (Código Hábitat prioritario 7110\*) con taxones florísticos de gran interese.
- Singular riqueza en anfibios
- Entre os hábitats de interese comunitario, de acordo coa directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e



da fauna e a flora silvestres, están presentes no ámbito do "Parque Natural Montes do Gato" os hábitats: Hábitat 3110, Hábitat 3260, Hábitat 4030, Hábitat 6410, Hábitat 6510, Hábitat 8220, Hábitat 8230 e Hábitat 9230.

- Entre os hábitats prioritarios de interese comunitario de acordo coa directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e da flora silvestres, están presentes no ámbito "Parque Natural Montes do Gato" os hábitats: Hábitat 4020, Hábitat 7110, Hábitat 91E0.
- Perviven nestes hábitats, especies protexidas polo Real Decreto 1997/1995, de 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuir a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e da flora silvestres.
- Perviven especies do Catálogo Galego de Especies Ameazadas como "vulnerables".

É preciso ter en conta que en Galicia hai máis de vinte anos que non se declara ningún parque natural, e que éste sería o primeiro e único parque natural da "Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo" designada como Reserva de Biosfera pola UNESCO el 28 de maio de 2013, e que a súa declaración permitiría paliar o déficit de superficie declarada Zona Núcleo con verdadeira entidade e conectividade ecolóxica.

Polo exposto, os Grupos Provinciais PSdeG-PSOE e BNG propoñen a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Instar á Xunta de Galicia, nomeadamente á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a que á maior brevidade inicie o procedemento para a declaración dos Montes do Gato, sitios entre os municipios coruñeses de Coirós, Oza-Cesuras e Aranga, como Espazo Natural Protexido, na categoría de Parque natural para a salvagarda do Patrimonio Cultural, o Patrimonio Natural e o Paisaxe de Galicia.
2. Expresar o apoio da Deputación da Coruña á solicitude presentada ante á Consellería de Medio Ambiente polos veciños e veciñas dos Montes do Gato e polo Concello de Oza-Cesuras, en data 11 de xullo de 2022.
3. Dar traslado a Dona Pilar Mónica Fernández- Aceytuno Sáenz de Santa María, ao Concello de Oza-Cesuras e ao Parlamento Galego dos presentes acordos.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día de novo.

Como todos os compañeiros e compañeiras da Corporación teñen xa a moción no seu poder, pois simplemente inicialmente vou ler os acordos desta e despois facer unha breve exposición da motivación que fixo que hoxe trouxeramos esta moción a Pleno.

Nos tres puntos de acordo, o primeiro deles é instar a Xunta de Galicia, nomeadamente a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a que coa maior brevidade inicie o procedemento para a declaración dos Montes do Gato, sitios entre os municipios coruñeses de Coirós, Oza-Cesuras e Aranga, como Espazo Natural Protexido na Categoría de Parque Natural para Salvagarda do Patrimonio Cultural, o Patrimonio



Natural e Paisaxe de Galicia.

Segundo, expresar o apoio da Deputación da Coruña á solicitude presentada ante a Consellería de Medio Ambiente polos veciños e veciñas dos Montes do Gato e polo Concello de Oza-Cesuras, o 11 de xullo de 2022.

E, terceiro, dar traslado a dona Pilar Mónica Fernández-Aceytuno Sáenz de Santa María, ao Concello de Oza-Cesuras e ao Parlamento Galego dos presentes acordos.

Ben, como comentamos na Xunta de Voceiros, entendemos dende o noso grupo e do grupo do BNG, que somos as dúas formacións propoñentes desta moción, que se dan as circunstancias dende o punto de vista de patrimonio natural, medioambiental, e tamén cultural e arqueolóxico, para a declaración deste espazo, destes Montes do Gato, como parque natural.

Unha solicitude que ademais está amparada polas sinaturas de máis de 800 veciños desa mesma zona e máis de 36.000 cidadáns da Comunidade Autónoma de Galicia, de España e incluso doutros países europeos. Polo tanto, entendemos que ademais, que está referendada polo propio Concello de Oza-Cesuras, quen presentou en colaboración con esa veciña a solicitude ante a Consellería.

Hai que lembrar que nos últimos vinte anos non se aprobou ningún parque natural por parte da Xunta de Galicia e entendemos que este ademais, que está na Reserva da Biosfera, que foi así declarada pola Unesco, das Mariñas Coruñesas e das Terras do Mandeo, cumpre, como dixen antes, con moitos dos requisitos que a lexislación vixente entende para poder iniciar os trámites para a declaración de parque natural deste espazo. Polo tanto, dende a Deputación provincial, neste caso dende os dous grupos que conformamos o Goberno Provincial, entendemos que debemos apoiar a creación deste parque natural, un novo parque natural na nosa provincia, con todas as consecuencias de carácter medioambiental, pero tamén as que poida ter a nivel social e económico que entendemos que son positivas para a veciñanza deses tres concellos. Polo tanto, esa é a motivación a grandes trazos da moción que hoxe traemos a Pleno e que esperamos contar coa apoio de todos os grupos desta Corporación.

Simplemente darei uns pequenos datos sobre a riqueza desa zona: entre eles alberga a necrópole megalítica do neolítico Monte do Gato, varias mámoas incluso de forma espallada e independente. Cumpre varios requisitos, como dicía antes, ao albergar esta necrópoles megalítica, o macizo granítico no lugar de interese comunitario, como son as Brañas do Deo, considerado un dos sistemas hidroturbófilos interiores máis notables de Galicia, ademais da singular riqueza de especies anfibas, hábitat de interese comunitario, no que ademais perviven e conviven especies protexidas e vulnerables e, como dicía antes, está incluída na reserva da Bioesfera das Mariñas Betanceiras. Polo tanto, repito, entendemos que se dan as condicións para que sexa declarado parque natural e polo tanto poida ser protexido e tamén explotado, pero loxicamente cumprindo con todos os requisitos que se establecerían para este tipo de espazos de alta protección.

Nada máis e moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Como ben dicía o voceiro do partido Socialista, esta moción resulta da demanda que se achega ao Goberno da Deputación por parte de diferentes colectivos vinculados ao territorio do Monte do Gato. Trasladan esta demanda de apoio motivados pola necesidade de protección dun territorio que, como ben se acaba de explicar, ten un



indiscutible valor natural e patrimonial que, evidentemente, debe contar coas figuras oportunas de protección. Neste caso, estes colectivos apostan pola figura de parque natural e o BNG, entendendo que vinculado ás características do territorio, aos bens naturais, patrimoniais e históricos que hai neste territorio, e contando que, apostando decididamente por calquera figura de protección, ben podía ser ampliación de Rede Natura ou, neste caso, facémonos eco da demanda destes colectivos como é a figura de parque natural, que contribúen a que esta riqueza patrimonial e natural poida estar protexida fronte a calquera tipo de iniciativa. Neste caso non hai que obviar que estamos nun territorio no que se planean seis proxectos eólicos e que xustamente esta riqueza patrimonial debe ter a protección necesaria para evitar que, efectivamente, se destrúa e se perda.

#### Sr. Lema Suárez

Si, nós tamén imos, por suposto, apoiar esta moción. No ano 2021, en xuño trouxemos a este Pleno unha moción que foi aprobada, que na súa parte resolutiva recollía os seguintes puntos: a Deputación da Coruña manifesta o seu apoio a toda a veciñanza dos concellos de Oza-Cesuras, Aranga e Coirós afectados pola instalación deste parque, do que xa estamos falando aquí unha vez máis; poñer á disposición dos concellos afectados os recursos da Asesoría Xurídica para defender os intereses e as vontades na interpretación do parque eólico do Monte do Gato e, por último, instar a Xunta de Galicia á paralización inmediata dos parques aos que se refire a moción, Monte do Gato, para seren tramitados de xeito unitario. Eu creo que aquí a veciñanza está buscando todas as fórmulas posibles, non unicamente polo interese que ten en si mesma a declaración como parque natural desta zona, senón porque polas restricións, dalgunha maneira, que lle suporía a súa declaración á implantación de certos proxectos de índole empresarial, nomeadamente de parques eólicos.

É bastante impresionante todas as reviravoltas que ten que facer a cidadanía deste país para defenderse do que está acontecendo, que é unha desplanificación ou non planificación dunha extensión, dunha actividade que é esta, a da transición enerxética entendida como unha maneira por parte duns poucos de aproveitar os recursos de todo un territorio custe o que custe; e esta cidadanía organízase de maneira heroica, nada menos que 30.000 sinaturas, son moitas, hai moitísimo traballo detrás, e creo que debería convidar a unha reflexión do que está pasando cando unha Administración pública, neste caso a Xunta de Galicia, non lle deixa á cidadanía máis remedio que ir a estas formas de loita e de resistencia tan difíciles e tan complexas como son a de buscar a argucia administrativa, neste caso de creación dun parque natural, xuntando un número de milleiros de sinaturas que o avalen. Eu, desde logo non queda máis que expresar a miña admiración e o meu aplauso á xente que está detrás desta iniciativa e creo que, en segundo grao, é un toque de atención sobre o que había que reflexionar no que está acontecendo neste país cando o tecido veciñal ten que ser o que se encarge, case en solitario, da defensa do territorio, que é onde están as súas casas e as súas vidas.

Nada máis e moitas grazas.

#### Sr. Ben Otero

Grazas, presidente.

Eu vou entrar logo brevemente na exposición de motivos, nalgunha cuestión referente ás sinaturas e demais, pero voume cingir ao que son os acordos. E respecto dos acordos, do que se pide aquí, hai que recordar que a Lei 5/2019, do 2 de agosto, do



patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, establece os requisitos para que un determinado espazo sexa declarado parque natural. Entre outros requisitos, establece que deberá contar con excepcionais valores naturais –ata aquí todos de acordo–, así como ter unha superficie mínima de 10.000 hectáreas. Neste sentido, é necesario subliñar que a superficie do macizo granítico Monte do Gato apenas achega unha superficie de 1.200 hectáreas e aínda coa anexión das brañas do Deo non superaría as 5.000 hectáreas.

Noutra orde de cousas, hai que ter en conta que un espazo, se é declarado parque natural, automaticamente o seu plan de ordenación tería que contemplar unha zonificación na que en determinadas zonas non poderían realizar unha serie de actividades e estarían unha serie de usos prohibidos.

Entendemos que isto, cando se fai unha solicitude deste tipo... En primeiro lugar, xa non se dan as circunstancias pola superficie, en consecuencia, non pode ser. En segundo lugar, entendo que, cando se fai esta petición, habería que falar cos propietarios da zona, do Monte do Gato, dos tres concellos, sentarse con eles, explicarlles o que está a pedir e que consecuencias trae a petición que se fai.

Oitocentas sinaturas falaban, nesta Deputación, hai ano e medio, trouxemos 2.000 sinaturas de veciños de Teo para unha cuestión que era incumbencia e competencia desta casa. Neste caso estamos falando de algo que é incumbencia desta casa, como non pode ser doutro xeito, pero na que non temos competencia. Pero naquel caso si, tiñamos incumbencia e competencia; 2.000 sinaturas de veciños de Teo, todos de Teo, non do estranxeiro, nin de ningún lado –aquí hai 800 sinaturas moi respectables e moi importantes dos veciños de Oza-Cesuras, por suposto que si–, 2.000 sinaturas de veciños de Teo para que se arranxen 4,6 quilómetros que supoñen un grave prexuízo para a vida e para a seguridade dos veciños dun número importante de parroquias de Teo na DP-8201. Isto non é unha cuestión de sinaturas. Se así fose, isto tería que estar arranxado ou iniciado este expediente. Isto é unha cuestión de razón e neste caso non podemos apoiar esta moción. Témolos que votar en contra porque está pedindo algo que non se pode facer, porque a lei non o contempla. Ese é o motivo. Sen entrar na exposición de motivos.

Máis nada e grazas.

Sr. García Seoane

As leis acostuman contemplar moi pouco. As leis supostamente..., supostamente non, saen dos Parlamentos, pero despois faise delas un combinado que, cando se van aplicar, xa non se sabe o que se quere dicir, nin que hai que facer con elas. As leis saen do Parlamento, dos políticos, con técnicos que colaboran niso, e logo pasan por, o filtro principal é cando saen as normas, para aplicar as leis, e as normas xa as fan determinadas persoas, técnicos, nestes casos que, coas directrices determinadas do goberno de quenda, pois as amoldan ao interese; o que di o Parlamento é unha cousa e ao final a norma é outra. Temos a Lei de costas aí, que podemos ver como se interpreta en distintas partes do país, por distintos gobernantes e tamén por distintos xulgados e tribunais do país.

Por tanto, antes falábase tamén “o que digan os técnicos”. Non, os políticos somos os que temos que gobernar os países. E os políticos somos os que temos que ir, supostamente, cuns programas a gobernar e aplicalos amparados nas leis, pero non se acostuma facer así. Pero é que para facer un parque natural como o que se está agora comentando, cando hai unha maioría de persoas que o está demandando desde un



mesmo concello, que quizás sexa o máis prexudicado, o concello que hoxe creo que puxeron unha pancarta no concello, quizás sexa un dos máis prexudicados porque é un dos máis poboados dos tres que acabamos de nomear, nesta moción.

Por tanto, hai aí un val inmenso, hai territorio a montón, hai monte baixo que manda truco, ben, la de Dios, o que hai aí para facer un parque natural. E, por tanto, se o deciden neste caso os políticos de quenda en concellos, os cidadáns, porque ás veces pode haber algún alcalde que non quere levalo adiante. Hoxe viamos nunha nota de prensa que hai un alcalde que lle deixa o posto ao fillo que estaba no PSOE e agora vai para o PP, antes era de Coalición Galega... É dicir, tampouco se pode facer ás veces moito caso a algúns dos alcaldes de quenda. Pero si, cando o pobo opina, pois hai que consideralo.

Estamos falando sempre de que Galicia se despoboa, de que en Galicia non queda nada nela. É que non hai xa nesta zona tan próxima á Coruña, está bastante abandonada tamén, xa escaparon das aldeas as persoas. Por tanto, preservemos eses espazos naturais e non os degrademos coas multinacionais, que veñen a arramplar con todo, a coller o que lles dá a gana, a asoballar a que lle dá a gana, a comprar a quen lle dá gana e, ao final, seguimos desfacendo o país.

Eu teño un exemplo en Oleiros. Eu non contei con ninguén no seu día para facer o Parque Natural de Oleiros. Hai un parque europeo en Oleiros recoñecido de seis quilómetros cadrados. O único que fixemos foi tomar un acordo no Pleno e levalo adiante ante a Comunidade Europea, aprobarse e despois aprobalo no Parlamento Galego. Por tanto, ese é o tema, non podemos estar dicindo que “los técnicos, los técnicos”. Os técnicos serven como aí no lugar do Couto en Dorneda que el técnico dice a 50 y la otra dice a 70. Quen marca as prioridades aquí?, quen as marca? É lamentable que se estean escudando sempre nos técnicos.

Por tanto, se hai unha demanda para facer un parque eólico que non se debe facer e hai unha demanda dun pobo que non quere ese parque eólico porque o único que lle van é a asoballar, porque agora collen os terreos e expropian os terreos para facer o parque, ou chegan a acordo, e logo xa ninguén pode tomar ningunha medida no seu territorio. Queda todo copado, protexido, quilómetros para aquí, quilómetros para alá; é dicir, é unha maneira de usurparlles as propiedades aos veciños. Por tanto, non digamos os técnicos, os técnicos, que hagan su informe cuando se lo pida el político y que lo hagan conforme al derecho, conforme a las leyes, no conforme a los intereses de los políticos de turno. Por tanto, eu son favorable a este parque e vou votar este parque porque hai que protexer Galicia dunha vez por todas.

#### Sra. Muíño Filgueira

Ben, aínda que sexa cinguíndose á parte de acordos, o que queda en evidencia é que, cando falamos da necesaria protección dun territorio, que non fai falta reiterar o inmenso valor que posúe, do que estamos falando ao final, e queda claro, pois é dunha cuestión de vontade.

Efectivamente, si que están definidos unha serie de requisitos de extensión, mais tamén pon “salvo casos excepcionais debidamente xustificadas”. Se de verdade consideramos que a fórmula acaída debe ser a de parque natural, e atendendo ao interese do territorio, é unha cuestión de vontade facelo. Do mesmo xeito que estamos falando dun territorio que está en zona de ampliación de Rede Natura, efectivamente, ampliar esa zona de protección tamén é unha cuestión de vontade e tampouco se fai. Pero, efectivamente, ben o explicaba antes o portavoz do Partido Popular, en Rede





Natura non se poden instalar parques eólicos, entón, para que imos ampliar ou aplicar zonas de protección? E, evidentemente, cando queremos apostar pola protección medioambiental e a riqueza dos nosos territorios, alá onde sexa necesario hai que activar as fórmulas de protección. Pero tamén é certo que existe normativa, como é o Real decreto 20/2022, impulsado dende o Ministerio, no que tamén di que os territorios que non sexan espazos naturais protexidos poden exonerarse da declaración de impacto ambiental.

Entón, a cuestión final da que estamos falando é dunha cuestión de vontade e dunha cuestión de prioridades. E nesta ocasión o que resulta evidente é que, cando nos cinguimos, nos saltamos o parágrafo “salvo causas excepcionais”, ou temos unha ampliación de Rede Natura paralizada, estamos falando dunha cuestión de vontade e de prioridades. E, á fin e ao cabo, o que vimos expresar, facéndonos eco da demanda de colectivos do territorio, é de ser conscientes da inmensa riqueza que debemos protexer e de ter a vontade de levar adiante esta figura de protección cara a un territorio e tamén cara aos intereses da veciñanza e, por suposto, eu creo que temos que entender que dos galegos e das galegas.

#### Sr. Fernández Piñeiro

Ben, entendo que, se o principal argumento neste caso do Partido Popular para non apoiar a moción é o dado en base á lexislación vixente, vou intentar facelos cambiar de opinión, porque a propia lexislación vixente á que fai referencia establece a posibilidade de aplicar excepcións, e vén dicir que poden declararse parques sen a imposición desa superficie máxima para os parques peninsulares de 10.000 hectáreas en casos debidamente xustificadas. Nós entendemos, e os propoñentes desta iniciativa, que se esa xustificación que poida ter esta certa entidade para ese parque está debidamente xustificada, valla a redundancia, cuns datos que se achegan e, polo tanto, non hai ningún tipo de impedimento. En todo caso, o que estamos a facer aquí é solicitar á Xunta de Galicia que inicie os trámites para declaralo. Nesa tramitación que a Xunta de Galicia ten que realizar, loxicamente, se eles consideran, como consideramos os demais que, a pesar de que non chegue a esas 10.000 hectáreas, se cumpre os requisitos para que se poida aplicar esa excepcionalidade, non tería por que haber ningún tipo de problema. E, home, chámame a atención que o voceiro do Partido Popular diga que había que falar cos propietarios dos parques a ver que lles parece, porque dos seis parques que hai na actualidade, eu non coñezo ningún no que se fixera unha enquisa entre os propietarios, e eu veño dun concello que ten un parque natural. Veño dun concello que ten un parque natural que, por certo, leva vinte anos esperando por un plan de xestión; un plan de xestión que ten varias miles de alegacións presentadas polos propietarios, incluíndo os concellos do parque, que non foron contestadas. Pero, aínda así, a Xunta de Galicia decidiu crear ese parque natural, que entendo que os que estamos todos aquí sentados poñemos en valor de forma moi habitual e compartimos. Polo tanto, hai unha solicitude feita por un dos concellos, ademais, que é o Concello de Oza-Cesuras, que é dos, como dicía antes ben o voceiro de Alternativa, que é un dos concellos que ten un nivel de afectación importante.

E despois non me faga trampas para resumir ou reducir as cuestións ao absurdo: as 800 firmas son de veciños que residen no parque, na zona do parque, Oza-Cesuras, Aranga e Coirós, que non é Nova York, señor Ben. Vostede fálame de Teo, que ten case 20.000 habitantes fronte a tres concellos que, sumados os tres non chegan a 9.000. Polo tanto, se imos á unha cuestión porcentual en canto ao peso das sinaturas das que acabamos de falar, pois 800 firmas nesa zona que está moi despoboada, porque loxicamente estamos a falar dunha zona rural, de monte, etc., pois, home, terán como mínimo o mesmo peso ou máis, entendo eu, tendo en conta o número de habitantes que



as que poidan ter en Oza-Cesuras, ou en Teo. E ademais rematou a súa intervención a ese respecto dicindo “e de veciños de Teo, non do estranxeiro”. Non, as 800 sinaturas son dos que viven alí, no parque; hai 36.000 que inclúen veciños de fóra, que loxicamente terán unha sensibilidade medioambiental, coñecerán a zona e entenderán e apoiarán que se poida crear ese parque. Pero non desprezemos esas sinaturas por ser 800, nin as comparemos cunha cuestión dunha estrada provincial en Teo, porque, repito, non ten absolutamente nada que ver. Estamos falando de magnitudes distintas, de concellos distintos e de solicitudes moi distintas, señor Ben.

Polo tanto, penso que este tipo de argumentos é mellor deixalos fóra do debate neste caso e centrarnos no verdadeiramente importante. Se vostedes comparten ou non a necesidade de que a Xunta inicie, digo inicie, non estamos pedindo que declare, pedimos que inicie os trámites. Nós entendemos que se dan as circunstancias para que poida ser parque natural. Vostede centra a súa argumentación para votar que non en que a lei o impide, pero xa lle estou dicindo que a propia lei establece unha excepción. Polo tanto, como a lei establece unha excepción, entendo que o seu argumento cae e que, polo tanto, máis alá de que non expuxo vostede ningún outro, coincidirá con nós e votará favorablemente a esta moción.

Nada máis, moitas grazas.

#### Sr. Ben Otero

Señor Fernández, yo la reducción al absurdo es a lo que nos quiere llevar usted cada vez que interviene y nos quiere enredar en su maraña de cuestiones en que... Mire, yo no he puesto en tela de juicio en ningún momento la importancia de los 800 vecinos de Oza-Cesuras y del entorno que han firmado. Mi máximo respeto para ellos, empezando, caramba, por el alcalde, que es un compañero mío y un buen amigo además. Total respeto absoluto a los 800 firmantes e incluso a los 35.000 a mayores de otras zonas que también se sienten sensibilizados, por supuesto, totalmente. Lo que hablaba era de incumbencia y competencia, ¿estamos? fue cuando saqué el tema de las firmas de Teo. Incumbencia y competencia. La cuestión del Monte Gato es una cuestión de incumbencia de toda la provincia de A Coruña, de Galicia y de todo el mundo que tenga sensibilidad por el asunto, por supuesto que sí, nadie lo cuestiona, pero no es una cuestión de competencia de esta Cámara, cosa que sí es arreglar la DP de la que hacía mención antes. Es una cuestión de incumbencia y, en ese caso, también de competencia. Es una cuestión que, decidiéndose aquí, o si el señor presidente da instrucciones a su diputado de Vías y Obras, con el presupuesto adecuado se puede resolver. Incumbencia y competencia, señor Fernández, a eso me refería yo.

Todo mi respeto, por supuesto, a los vecinos que están haciendo esta solicitud. Y cuando hablaba de los vecinos, de 2.000, pues mire usted, ha caído usted en su propio error, por desconocer las cuestiones, por restarles atención. En los 2.000 vecinos que han firmado de Teo la mayoría son de las cinco parroquias que afecta a esta zona esta vía. Son cinco pequeñas parroquias en un trazado de 4,6 km. ¿Pero qué más da? no vamos a entrar en eso porque, si es lo mismo. La cuestión que estamos ahora mismo, una vez que han acabado los asuntos de trámite ordinario de la institución, entramos en el turno de oposición a la oposición, que es lo que más les pone de acuerdo a ustedes últimamente, porque en lo demás ya no están en muchas cosas de acuerdo, normal, estamos a 94 días de unas elecciones municipales. Ahora estamos en el turno de oposición a la oposición. Entonces, traemos una serie de cuestiones aquí para intentar retratar al Partido Popular o a los alcaldes y diputados de la provincia para meternos el dedito en el ojo al respecto de algunas cuestiones.



Mire usted, yo no entro a hablar de parques eólicos porque aquí no se hace mención a ellos en esta moción, estoy hablando de lo que ustedes solicitan aquí. No se dan las condiciones a nuestro juicio para iniciar el trámite. Hablaba la compañera del BNG de voluntad y ley. Oiga, la ley es la que marca las reglas de juego en política, si los políticos nos saltamos estas leyes, nos convertimos en el Sr. García Seoane, que está hablando de que tanto da la ley, que el político decide, y que los técnicos... Yo no quiero ser el señor García Seoane, un producto político *vintage* de momentos pasados que se ha quedado en el telón de acero, allí, oiga, esto es otra cuestión, estamos en otro momento de la vida política, señor García Seoane. Hay unos parámetros que los marca la ley y los informan los técnicos, y por encima de la ley y de los técnicos no pasa ningún político porque, si pasa, puede pasarle lo que le ha pasado a algunos o a lo que le podrá pasar a otros, querido amigo. Eso es así.

Nosotros no podemos apoyar esta moción por esto. Hablaba usted de la ampliación de la Red Natura, pues ojalá se amplíe, ojalá no se haga este parque, ojalá no se informe favorablemente. Yo no tengo ninguna duda, estos parques eólicos si la cuestión es esa, ojalá no se hagan y ojalá los vecinos cumplan con aquello que demandan. Pero esto no lo podemos apoyar porque no se cumplen los requisitos, y ustedes lo saben tan bien como nosotros. No se cumplen los requisitos, pero vienen aquí a ponernos una pequeña zancadilla para que nos tropecemos. Pues yo lo siento mucho, pero ante zancadillas no suelo caer en ellas, y para mí hay algo que es fundamental en la vida, que es cumplir las reglas de juego, y esas las marca la ley y quienes legislan.

Gracias, nada más.

#### Sr. García Seoane

Non, simplemente agradecerlle ao Sr. Ben a comparación de *vintage*. *Vintage* son os viños por excelencia, e o meu partido é un partido por excelencia, distinto, singular a todo o que hai por aí adiante, por sorte, por sorte. Non temos ningunha outra... Claro, nós non manexamos iso que dicía eu antes: nós non manexamos tribunais, nós non manexamos autoridades, nós non manexamos... Estámolo vendo. Hai xente que neste país está procesada desde hai 20 anos e non dá entrada no cárcere. E por que? porque está vinculada a determinados poderes políticos do Estado, iso estámolo vendo. E un día tras outro enganándonos na televisión con historias para non durmir. Pero a min non me conte vostede iso porque, como vostede dixo, fixo unha boa comparación, un partido político distinto, distinto, con ideoloxía, con forma de facer, con forma de realizar as cousas. Si, señor, non lle dea á cabeza, non lle dea á cabeza. Todo o que eu fixen no Concello de Oleiros ao longo de anos e que estou intentando facer na comarca, está ligado á decencia, está ligado a facer un traballo cara os veciños, pensando nos veciños e non pensando nas persoas, en determinadas persoas. Por tanto, grazas polo eloxio, brindemos co *vintage*.

#### Sr. Fernández Piñeiro

Señor Ben, "consejos vendo que para mí no tengo". A verdade é que fale vostede hoxe de incumbencia e competencia ten traca. Cando vimos de debater unha moción no anterior pleno da lei del sí es sí, que penso eu que non foi debatida nin aprobada por esta Deputación, ou do atraso das obras da A-54, ou dos trens de vía estreita, ou de 300.000 cousas que non ten competencia esta Deputación. Pero que casualidade que xustamente nesta que se trata, é verdade que non temos a competencia directa, pero estamos a falar dun parque natural nesta provincia, nunha Deputación que ten unha área de Turismo, que tamén pode promover e promocionar, que ten unha área de Promoción Económica que está vinculada, polo tanto, claro, iso da competencia, é verdade que non temos



competencia en medio ambiente. Pero, home, que veña vostede aquí a dar leccións do que é competente e do que non, que é algo moi habitual no Partido Popular. Vostedes deciden o que é competencia e o que non é competencia. Vostedes deciden lo que es incumbencia y lo que no es incumbencia. Deciden en los últimos tiempos quién es gente de bien y quién no es gente de bien. É dicir, vostedes son os que están por enriba de todos os demais e teñen a capacidade de dicir do que se pode falar e do que non, do que é competente traer a unha Administración.

E despois, mire, equívocase vostede cando fala de non mirarse as cousas ou non lelas, que é verdade que eu teño defectos, pero ese non o teño. E esta moción non vén aquí para meterlle unha cambadela a vostede, vostede tómao así. Por que? Porque vostede todo o que sexa instar a Xunta de Galicia o toma como unha cambadela. Vostede e o seu grupo; para mostra un botón, non hai unha soa moción, e hoxe tiñan vostedes unha nova oportunidade de solicitarlle algo tan *light*, se quere vostede chamalo así, xa que estamos hoxe cunha linguaxe tan especial, como é a declaración dun Parque Natural, que non vai contra ninguén, e tampouco podemos contar co apoio do Partido Popular, a pesar de que o alcalde do seu concello e amigo de Oza-Cesuras si que o solicita. Non sei por que non lle trasladou vostede como responsable provincial do seu partido tamén a ese alcalde que está incumprindo a lei ou que, polo menos, a solicitude que fai non cumpre coa lei. Lei que vostede unha vez máis terxiversa e volve a manifestar que a lei impide que se poida declarar parque natural, non é verdade, porque esa lei á que vostede fai referencia establece que hai excepcións. Polo tanto, se hai excepcións, hai algunha oportunidade de que se poida declarar parque. Pero, que pasa? Que a vostede non lle interesa, pero impórtalle ben pouco o parque, impórtalle todo o demais pouco, a vostede o que lle importa é non pedirlle nada á Xunta de Galicia, iso é o importante, porque é o que vemos pleno tras pleno, tras pleno, tras pleno... Polo tanto, o argumento legal non existe.

E cambadela ningunha, porque, se vostede se parara a estudar un pouquiño este caso, vería que a xente que fixo esta solicitude, desta entidade que recolleu firmas entre o seus veciños, que non digo que vostede lles falte ao respecto, non o dixen en ningún momento, dixen que a comparativa non era idónea. Pero esa xente solicitou reunirse co presidente desta Deputación para trasladarlle a posibilidade de que esta Deputación apoiara a súa solicitude. Por tanto, cambadela ningunha. Nós facémonos eco dunha petición que nos trasladan os veciños que, unha vez estudada, nos parece axeitada, e compartimos, nada máis. Que pasa? Que a veces se cree el ladrón que son los demás de su condición. Entón, claro, cando aquí traemos mocións da lei del sí es sí e doutras moitas cousas, cremos que os demais tamén o facemos con esa intencionalidade política, pero nada máis alá. Nós traemos aquí unha moción que parte dunha petición, primeiro, de máis de 800 veciños que residen na zona onde se vai solicitar ese parque e despois doutros miles de toda Galicia, como outras moitas. Que vostedes a comparten?, paréceme ben; que non a comparten?, pois paréceme ben tamén. Agora, non se escude vostede nunha interpretación inexacta da lexislación actual para non votala a favor, porque a lexislación actual establece que, non cumprindo esa dimensión mínima de 10.000 hectáreas se poida declarar parque. Por tanto, non hai xa ningún problema, deixe vostede que sexan os técnicos da Xunta neste caso os que decidan se cumpre ou non cumpre. Por que ese interese en poñerlle aquí xa a proa cando, en tal caso, se non temos competencia e, dende o punto de vista legal, o seu argumento se cae, pois tiremos para adiante, cal é o problema? Pois non. Cal é o problema? O problema sabemos todos cale é, a pregunta é retórica, dende logo. O problema é pedirlle algo á Xunta de Galicia. Pois nada, sigan vostedes retratándose a ese respecto, que non hai ningún tipo de problema.

E, home, non é por nada, créame que non estou nada obsesionado coas vindeiras



eleccións municipais porque, casualmente, neste Pleno, o único que saca ese argumento cada vez que se trae unha moción ou hai un debate é vostede. A min non me escoitará xamais falar de que estamos nerviosos porque hai eleccións, de se faltan 94 días, que ata os ten vostede contados, eu non teño tal obsesión porque nin sequera sei cantos quedan, podo facer o cálculo así de memoria, pero non conto día a día, pero é que vostede está constantemente con esa matraca. Entón, imos ser capaces de abstraernos das nosas condicións de responsables que poidamos ter cada un de nós no ámbito orgánico e centrémonos no que atinxe a esta Deputación. Igual que ninguén falou de eólicos, eu non falei de eólicos e que, efectivamente, na moción non se fala dos eólicos, aquí ninguén falou das eleccións municipais. Polo tanto, imos centrar o debate no que teñamos que centralo. Non decida tamén vostede as cousas que se poden incorporar a este debate, que non teñen nada que ver con ela e as que non, porque sería unha vez máis caer no mesmo erro que acabo de poñer de manifesto ao inicio.

Así que, nada máis, moitas grazas. Sinto non poder contar, neste caso, co apoio do Partido Popular, pero, en todo caso, é lícito, vostedes poden apoiar ou non o que consideren oportuno.

Nada máis, moitas grazas.

### VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 14 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

**"Moción que presentan os Grupos Provinciais PSdeG-PSOE e BNG de apoio á solicitude de inicio do procedemento para a declaración dos Montes do Gato (entre os concellos de Coirós, Oza-Cesuras e Aranga) como espazo natural protexido na categoría de Parque Natural para a salvagarda do Patrimonio Cultural, o Patrimonio Natural e a Paisaxe de Galicia**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En data 11 de xullo do ano 2022 a veciña do municipio Oza Cesuras, Dona Pilar Mónica Fernández-Aceytuno Sáenz de Santa María e o Alcalde de Oza-Cesuras, en representación de dito concello, rexistran ante a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio solicitude pola que instan á Xunta de Galicia, a través da referida consellería, a iniciar o procedemento para a declaración dos Montes do Gato, situados entre os municipios coruñeses de Coirós, Oza-Cesuras e Aranga, como Espazo Natural Protexido, na categoría de Parque Natural para a salvagarda do Patrimonio Cultural, o Patrimonio Natural e a Paisaxe de Galicia.

A devandita solicitude foi presentada co apoio de 804 sinaturas de veciños e veciñas dos Montes do Gato, e de 36.329 persoas de Galicia, España e Europa, que apoiaron dita petición a través da súa sinatura online na plataforma change.org.

A Lei 5/2019, de 2 de agosto, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia, xa na súa Exposición de Motivos, establece que "a conservación do medio ambiente é unha das demandas da sociedade actual e unha obriga non só de calquera administración



pública, senón de toda a cidadanía, tal e como se desprende do disposto no artigo 45 da Constitución Española".

No artigo 2.f) da dita Lei, sobre principios xerais, establece que, entre outros, é un principio inspirador da dita Lei a prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística e adica o Título II aos espazos naturais protexidos, definíndoos no artigo 21.1. como aqueles que sexan declarados como tales pola administración competente, ao concurrir nos mesmos algún dos requisitos seguintes:

- a) "Conter sistemas ou elementos naturais representativos, singulares, fráxiles, ameazados ou de especial interese ecolóxico, científico, paisaxístico, xeolóxico ou educativo.
- b) Contribuír a garantir o bo estado de conservación dos hábitats, comunidades e especies presentes en calquera fase do seu ciclo vital, que estean ameazados ou que ao amparo de convenios internacionais suscritos por España ou de disposicións específicas requiran unha protección especial.
- c) Estar adicados especialmente á protección e ao mantemento da diversidade biolóxica, da xeodiversidade e dos recursos naturais e culturais asociados, así como dos procesos evolutivos, a conectividade e a migración de especies, e das funcións e procesos ecolóxicos esenciais.
- d) Conter elementos de especial interese para a interpretación e o estudo do medio ambiente e dos valores culturais asociados".

Pola súa banda, o artigo 22 da Lei establece as categorías de espazos naturais en función dos bens e valores a protexer e dos obxectivos de xestión que deben cumprir, e o artigo 24 define a categoría de parque, establecendo no seu apartado 3 que a declaración de parque natural corresponde á administración autonómica.

Tendo en conta que nos "Montes do Gato" concorren varios dos requisitos establecidos para ser declarado como Espazo Natural Protexido, como son:

- Albergar a gran Necrópole Megalítica do Neolítico Monte do Gato, con máis de 107 túmulos funerarios catalogados, sen contar coas mámoas individuais, nin as que aínda quedan por catalogar, constituíndo hoxe a maior necrópole do Neolítico de Galicia, que alberga as necrópoles prehistóricas de Gato, Portomoiero, Valló, Mazarelas, O Petón, Outeiro da Ponte, As Penas I e As Penas II, Martán, Cerro de Martán e As Medoñas.
- A superficie do macizo granítico Monte do Gato (1.200 hectáreas) co LIC (Lugar de Interese Comunitario LIC código ES1110021) "Brañas do Deo" (3.385,1 hectáreas) emplazado ao sureste do Monte do Gato, dentro da ampliación da Rede Natura e considerado un dos sistemas higróturfófilos interiores máis notables de toda Galicia, que suman casi 5.000 hectáreas dun mesmo territorio conectado de superficie continua de alto valor ecolóxico e dunha gran singularidade paisaxística, moi pouco antropizado, que alberga hábitats de interese comunitario de acordo coa Directiva 92/43/CEE, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestre como as Turbeiras elevadas activas (Código Hábitat prioritario 7110\*) con taxones florísticos de gran interese.
- Singular riqueza en anfibios



- Entre os hábitats de interese comunitario, de acordo coa directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e a flora silvestres, están presentes no ámbito do "Parque Natural Montes do Gato" os hábitats: Hábitat 3110, Hábitat 3260, Hábitat 4030, Hábitat 6410, Hábitat 6510, Hábitat 8220, Hábitat 8230 e Hábitat 9230.
- Entre os hábitats prioritarios de interese comunitario de acordo coa directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e da flora silvestres, están presentes no ámbito "Parque Natural Montes do Gato" os hábitats: Hábitat 4020, Hábitat 7110, Hábitat 91E0.
- Perviven nestes hábitats, especies protexidas polo Real Decreto 1997/1995, de 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuir a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e da flora silvestres.
- Perviven especies do Catálogo Galego de Especies Ameazadas como "vulnerables".

É preciso ter en conta que en Galicia hai máis de vinte anos que non se declara ningún parque natural, e que éste sería o primeiro e único parque natural da "Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo" designada como Reserva de Biosfera pola UNESCO el 28 de maio de 2013, e que a súa declaración permitiría paliar o déficit de superficie declarada Zona Núcleo con verdadeira entidade e conectividade ecolóxica.

Polo exposto, os Grupos Provinciais PSdeG-PSOE e BNG propoñen a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Instar á Xunta de Galicia, nomeadamente á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a que á maior brevidade inicie o procedemento para a declaración dos Montes do Gato, sitos entre os municipios coruñeses de Coirós, Oza-Cesuras e Aranga, como Espazo Natural Protexido, na categoría de Parque natural para a salvagarda do Patrimonio Cultural, o Patrimonio Natural e o Paisaxe de Galicia.
2. Expresar o apoio da Deputación da Coruña á solicitude presentada ante á Consellería de Medio Ambiente polos veciños e veciñas dos Montes do Gato e polo Concello de Oza-Cesuras, en data 11 de xullo de 2022.
3. Dar traslado a Dona Pilar Mónica Fernández- Aceytuno Sáenz de Santa María, ao Concello de Oza-Cesuras e ao Parlamento Galego dos presentes acordos."

(Abandona o salón o Sr. Lage Tuñas).

Sr. Presidente

Seguente moción presentada polos grupos provinciais PSdeG-PSOE, BNG e Marea Atlántica en relación coa autorización de vertidos nas minas de San Finx.



### **3.Moción dos Grupos Provinciais PsdeG-PSOE, Bloque Nacionalista Galego e Marea Atlántica en relación á autorización de vertidos das Minas de San Finx**

#### Exposición de Motivos

O 1 de febreiro de 2023, Augas de Galicia resolveu outorgar autorización de vertidos no procedemento DH.V15.54967 a Tungsten San Finx S.L., nun expediente iniciado en 2015, pragado de irregularidades, e que xa tiña sido resolvido por silencio administrativo negativo en 2018. Esta extemporánea autorización permitiría o vertido de mais de 600.000 m<sup>3</sup>/ano de augas residuais industriais acumuladas nas galerías da mina de San Finx (Lousame), que conteñen altísimas concentracións de cadmio, cobre e cinc, que serían bombeadas ao río San Fins, tributario do río Traba, co consecuente impacto sobre a ría de Muros e Noia, os seus bancos de marisqueo e espazos en Rede Natura 2000. O tratamento que se lle esixiu á empresa foi ineficaz para tratar as concentracións destes 3 metais pesados durante a proba piloto realizada pola empresa.

As persoas responsables desta autorización (a Directora de Augas de Galicia, o Subdirector Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico e a Xefa da Área de Vertidos) recoñecen na Resolución que a autorización se outorga non só para bombear as augas acumuladas nas galerías senón tamén para a fase de explotación, sabendo de que a mina carece de proxecto de explotación válido, por non terse sometido á preceptiva avaliación de impacto ambiental, así como por non someter a participación pública o seu plan de restauración, ambas as dúas condicións imprescindibles para a validez do título mineiro.

En 2009, a Xunta de Galicia esixiulle á concesionaria mineira a presentación dun proxecto de explotación e un estudo de impacto ambiental, o que nunca se cumpriu e, sen o cal, calquera aprobación do proxecto de autorización de vertido carece de validez e por tanto é nula de pleno dereito, conforme ao Artigo 9.1 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental. Aprobar un proxecto de achique de augas da mina en ausencia de proxecto de explotación avaliado ambientalmente constitúe un flagrante fraude de lei por se tratar dun fraccionamento de proxectos.

As persoas responsables desta autorización teñen coñecemento fehaciente da tentativa de abandono dos pasivos ambientais da Mina de San Finx por parte do Grupo Sacyr, consumada en decembro de 2021. Diversas entidades demandaron en numerosas ocasións que a Xunta impuxese avais medioambientais para evitar un desenlace similar ao da Mina Monte Neme, non só en relación aos vertidos continuados de achiques de mina carentes de autorización que acontecen por gravidade a un ritmo de 45.000 litros/hora, senón tamén respecto das dúas presas de residuos mineiros no río San Fins que acumulan miles de toneladas de residuos e se encontran en abandono e pésimo estado de conservación.

Tamén lle foi requerido en diversas ocasións a Augas de Galicia que procedese a liquidar o cánon de control de vertidos ilegais previsto na lexislación de augas, e que segundo os volumes de vertidos declarados pola empresa, ascendería a mais de 62 millóns de euros para o período 2012-2021 (mais de 6 millóns de euros por ano), sen que isto teña acontecido ata o momento.

Nestas circunstancias, compre lembrar que, mediante contrato celebrado en 27/12/2021 ante o Notario de Madrid D. Andrés Domínguez Nafria e que consta co número 7.431 do seu Protocolo, Valoriza Minería SL (grupo Sacyr) acordou transferir o 100% do capital de Tungsten San Finx S.L. (titular da mina de San Finx) á sociedade privada australiana Biscay Minerals Pty Limited (sociedade que carece de calquera experiencia ou proxectos





mineiros en todo o planeta). Nos condicionantes da compravenda establécese que no caso de que non fose concedida a autorización de verteduras, Valoriza Minería S.L. (grupo Sacyr) asumiría o coste completo da rehabilitación do espazo natural afectado pola actividade mineira, revertíndose a compravenda. A autorización de vertidos outorgada o día 1 de febreiro de 2023, atendendo a todos os precedentes do expediente, só é comprensible como tentativa de eximir de responsabilidade á referida sociedade mercantil, ignorando os impactos que o inicio dos vertidos poderá ter sobre a ría e a comarca.

Polo exposto, os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE, BNG e MAREA ATLÁNTICA propoñen a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. A Deputación da Coruña reafírmase nos acordos sobre o impacto ambiental das Minas de San Finx, en Lousame, adoptados por unanimidade na sesión plenaria de 30 de xuño de 2017 e, en atención aos mesmos, insta á Xunta de Galicia a que se recoñeza a nulidade de pleno dereito da autorización de vertidos outorgada por Augas de Galicia o 1 de febreiro de 2023 no procedemento DH.V15.54967.

2. A Deputación da Coruña insta á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia e á Directora de Augas de Galicia a que se proceda de inmediato ao cobro ao concesionario mineiro do canon de control de vertidos ilegais para os exercicios non prescritos (no mínimo desde 2017).

3. A Deputación da Coruña insta á Xunta de Galicia para que, en cumprimento da Lei 26/2007, de 23 de outubro, de Responsabilidade Medioambiental, obrigue á concesionaria a adoptar e executar as medidas de prevención, evitación e reparación dos danos medioambientais e que, no caso de omisión, retraso, resistencia ou obstrución, inicie subsidiariamente a execución destas medidas con cargo ao patrimonio de Tungsten San Finx S.L. En particular, instase á Xunta de Galicia a que proceda a revisar os avais medioambientais depositados polo concesionario mineiro e que ascenden a tan só 178.000 euros, requirindo cuantías suficientes para o tratamento das augas de mina a perpetuidade e á restauración das presas de residuos mineiros situadas no cauce do río San Fins, e os danos actuais e potenciais ao dominio público hidráulico e á ría de Noia.

4. A Deputación da Coruña insta á Xunta para que inicie unha revisión de oficio do proxecto de explotación e plan de restauración da mina de San Finx aprobados en 2009, declarando a súa nulidade por ter prescindido na preceptiva avaliación de impacto ambiental e trámite de participación pública no caso do proxecto de restauración.

5. A Deputación da Coruña insta ao Presidente da Xunta e á Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade a que cesen con carácter inmediato á Directora de Augas de Galicia e ao Subdirector Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico, e a que sexan apartados xunto coa Xefa da Área de Vertidos da tramitación de calquera expediente administrativo que garde relación coa mina de San Finx, conforme ao art. 23 da Lei 40/2015, en canto non se proceda a deslindar as responsabilidades administrativas e/ou penais que se poidan derivar das súas condutas.

6. A Deputación da Coruña remitirá estes acordos ao Presidente da Xunta de Galicia, á Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación e á Directora de Augas de Galicia.



## Sr. Fernández Piñeiro

Bo día de novo. É unha nova moción presentada neste caso tamén a maiores polo Grupo da Marea Atlántica sobre a mina de San Finx.

Saben vostedes que, como vén na exposición de motivos, o 1 de febreiro de 2023 Augas de Galicia resolvía outorgar autorización para o vertido de máis de 600.000 metros cúbicos ao ano de augas residuais, nas que ademais hai unha concentración importante, tal e como se puido saber cos distintos informes e estudos realizados, de cadmio, cobre e zinc, que serán bombeadas ao río San Finx, que, como saben, á súa vez é tributario do río Traba, e co conseguinte impacto que iso pode traer dende o punto de vista medioambiental nas rías de Muros e Noia. Estamos a falar de que esta moción ademais foi tamén referendada, unha moi similar, no Concello de Noia, e creo que apoiada por todos os grupos, porque se entende que vai ter unha afección ou unha afectación moi negativa nos bancos marisqueiros e na Rede Natura que existe nesa ría. Uns bancos marisqueiros, como saben vostedes, que ademais das consecuencias de carácter medioambiental, que son todas negativas e que non fai falta que explique porque entendo que todos e todas poderemos chegar a imaxinalas, pois tamén ten, as tería, de consecuencias de carácter económico tendo en conta os centenares de familias que viven nesa ría do marisqueo que se podería ver afectado por esta situación.

É verdade que o tratamento que se exixiu á empresa para estes tres elementos que acabo de citar, para o cadmio, para o cinc e o cobre, foi ineficaz para tratar eses elementos. Polo tanto, os estudos realizados pola empresa non foron concluíntes a ese respecto e, ademais, que esa autorización para bombear auga das galerías e para a fase de explotación, que isto é importante, a mina carece dun proxecto de explotación válido, porque non foi ou non conta co informe de avaliación de impacto ambiental, tal e como se nos trasladou e, polo tanto, nese caso, a participación tamén pública e, polo tanto, foi exixido ese informe en 2009 por parte da Xunta de Galicia, a día de hoxe non existe, e, polo tanto, non debería de autorizarse ese bombeo de augas na zona da explotación. Ademais de que hai que entender que o abandono dos pasivos ambientais por parte de Sacyr é algo tamén que agrava a situación, con varias balsas que están nese río que non están tratadas, a pesar de que é obriga do que era o propietario concesionario desa mina, e ademais que, ben, hai unha parte xa máis de carácter económico que parece ser que está sen liquidar o canon de control de vertidos do ano 2012 a 2021.

Polo tanto, son moitas as cuestións que rodean esta explotación mineira, e neste caso en concreto que nós entendemos que antes de autorizar haberá que dilucidar dunha forma moito máis exhaustiva. Non compartimos esa autorización en base a estes argumentos que acabamos de dar e preocupánnos as consecuencias de carácter medioambiental e económico que poida ter nesa ría de Muros a Noia. Polo tanto, de aí a motivación de que estes tres grupos presentáramos de forma conxunta a moción que estamos a debater. Polo tanto, vou dar lectura dos acordos desta moción, que son os seguintes:

Primeiro deles: A Deputación da Coruña reafírmase nos acordos sobre o impacto ambiental das minas de San Finx, en Lousame, adoptados por unanimidade na sesión plenaria do 30 de xuño de 2017 e, en atención a estes, insta a Xunta de Galicia a que se recoñeza a nulidade de pleno dereito da autorización de vertidos outorgada por Augas de Galicia o 1 de febreiro de 2023 no procedemento DHV 1554967.

A Deputación da Coruña insta a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia e a directora de Augas de Galicia a que se proceda de inmediato ao cobro ao concesionario mineiro do canon de control de verquidos ilegais para os



exercicios non prescritos, no mínimo desde o 2017.

A Deputación da Coruña insta a Xunta de Galicia para que, en cumprimento da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade medioambiental, obrigue a concesionaria a dotar e executar as medidas de prevención, evitación e reparación dos danos medioambientais e que, no caso de omisión, atraso, resistencia ou obstrución, inicie subsidiariamente a execución desas medidas con carga ao patrimonio Tungsten San Finx, SL. En particular, instase a Xunta de Galicia a que proceda a revisar os avais medioambientais depositados polo concesionario mineiro e que ascenden a tan só 188.000 euros, requirindo contías suficientes para o tratamento das augas de mina a perpetuidade e a restauración das presas de residuos mineiros situados na canle do río San Finx e os danos actuais e potenciais ao dominio público hidráulico e á ría de Noia.

Cuarto. A Deputación da Coruña insta a Xunta para que inicie unha revisión de oficio do proxecto de explotación e plan de restauración da mina de San Finx aprobados en 2009, declarando a súa nulidade por ter prescindido da preceptiva avaliación de impacto ambiental e trámite de participación pública no caso do proxecto de restauración.

A Deputación da Coruña, quinto punto, insta o presidente da Xunta e a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade a que cesen con carácter inmediato a directora de Augas de Galicia e o subdirector xeral de Xestión de Dominio Público e Hidráulico, e a que sexan apartados xunto coa xefa da Área de Vertidos da tramitación de calquera expediente administrativo que garde relación coa mina de San Finx, conforme o artigo 23 da Lei 40/2015, en canto non se proceda a deslindar das responsabilidades administrativas ou penais que poidan derivarse das súas condutas.

Sexto. A Deputación da Coruña remitirá estes acordos ao presidente da Xunta de Galicia, á conselleira de Infraestruturas, Mobilidade e á Vicepresidencia Primeira e Conselleira de Economía, Industria e Innovación, e á directora de Augas de Galicia.

#### Sr. Lema Suárez

Calquera diría, ao fío dos debates de hoxe, que tal vez a Xunta non protexe convenientemente o territorio, aínda que estou seguro de que o señor Roberto Rodríguez non me dará a razón cando lle toque falar.

Falábase aquí antes dese “hai que someter a acción política ás normas e ás leis”, iso creo que é evidente, creo que é evidente que é así. Despois, resulta que aparecen sentenzas nos tribunais, cada vez máis afortunadamente, que lle quitan razón á Xunta. Eu creo que, ao mellor non está encaixado neste debate, pero podemos citar algunhas delas, como a do Iribio, a de Costelo, que parece que o Tribunal de Xustiza de Galicia empeza a apertarlle, a deixarlle as cousas claras á Xunta en canto ao que ten que ver coa falta de garantías de protección do medio ambiente, entre outras, entre outras cuestións; tramitación, cuestións que teñen que ver tamén, por suposto, con exposición pública, consenso e demais. Pero tamén hai, cando ás veces, cando as cousas son complexas, e un ten a capacidade legislativa, como ten a Xunta de Galicia, o que pode facer é flexibilizar aquelas medidas que dalgunha maneira melloran as garantías de protección do territorio. E isto fíxose na Xunta de Galicia mediante unha lei, a famosa Lei de fomento á iniciativa empresarial, máis coñecida por algúns como Lei de depredación, que o que facilitaba a aquelas iniciativas empresariais, as máis, aquelas que teñen maior impacto no territorio, como por exemplo, son as minas, temos falado neste Pleno tamén dun caso semellante a este, a situación do río Portapego, tributario do Tambre que vai dar, polo tanto, tamén á ría de Muros a Noia, onde unha empresa que explotou en Touro esta veta de cobre no seu día, Atalaya Mining ou San Rafael, pois tamén deixou aquilo,



dalgunha maneira, nunha situación que anticipa tantas outras. Basta ir alí a velo como está a auga, non é da cor transparente que lle supoñemos á auga, senón que é de calquera outra cor, vermellas, alaranxadas, que non indica exactamente a salubridade, e que neste país hai moi pouco tempo tivemos tamén casos, eu creo que internacionalmente coñecidos, como era a cor espectacular alienígena da lagoa do Monte Neme. Entón, parece que estamos sumando cada vez máis pistas sobre o que ten que ver co punto de vista da Xunta de Galicia, co lugar que ocupa, cando se trata de favorecer as iniciativas empresariais, mesmo aquelas que son máis agresivas co medio ambiente, como son as extractivas e a minería, fronte ás garantías da protección do entorno natural, que no caso galego, nun país afortunadamente cunha enorme riqueza hídrica, supón tamén unha afectación para a saúde da xente e para actividades económicas derivadas, como neste caso se fai aquí referencia ao marisqueo. Facilítase, por tanto, esta actividade económica, hai unha lexislación *ad hoc* que acurta as garantías, que acurta os prazos, que fai moi difícil para a veciñanza e as persoas afectadas ter tempo material para presentar alegacións e despois atopámonos coas consecuencias como son as tan graves aquí descritas.

Insistimos, chove sobre mollado, aí exíxenselles responsabilidades directas a persoas responsables de certas omisións neste asunto, pero tamén hai unha lei que non garante en absoluto a protección do territorio das persoas que o habitan, que é a lei a que nos referimos antes de fomento da iniciativa empresarial, que debería ser inmediatamente derogada. Por todos os motivos expostos, nós apoiamos esta moción, como formamos parte tamén dela como promotores.

#### Sra. Muíño Filgueira

Logo da exposición dos outros dous grupos propoñentes, tampouco me vou estender moito. Se mo permite o señor Evaristo Ben, vou facer uso dunha das súas frases habituais, atendendo á preocupación e á demanda lóxica de colectivos, veciños e tamén de sectores económicos vinculados á ría Muros-Noia, coa intención de preservar o medio, a saúde e, neste caso, un activo para a economía, como é toda a actividade vinculada a esta ría, estamos ante un proceso que efectivamente non é o suficientemente garantista e entendemos que exixente en relación ao procedemento, pero tamén a todas as medidas preventivas arredor desta actividade. Entón consideramos que o que se pide é unha cuestión, como ben diría Evaristo Ben, dentro da lóxica e dentro do que é perfectamente razoable de cara a garantir as cuestións tanto preventivas, legais e de preservación do medio. Non me vou estender nada máis nesta primeira intervención.

#### Sr. Rodríguez Martínez

Bo día.

Dicían no clásico de Billy Wilder *Primeira páxina* “que a realidade non che estrague unha boa reportaxe”. Hai que dicir hoxe que a realidade non che estrague unha boa moción, entre aspas o de boa.

Aquí insístese moito en que o problema é que se lle pide a este grupo que vote a favor de exirlle cousas á Xunta, claro, pero é que o problema está en que lle exiximos á Xunta. É que hoxe o que lle estamos a exixir á Xunta a través desta moción é que incumpra a lei. E eu penso que todos, porque algunha vez teño escoitado os voceiros doutros grupos manifestarse nese senso, penso que todos estamos a favor dunha minería responsable e sostible que cumpra escrupulosamente coa normativa e calidade medioambiental exixida na normativa vixente. Penso que niso estamos todos de acordo. É precisamente o que hoxe se pretende levar por diante con este acordo.



Eu escoito con estupor que os técnicos que, ben, que van dicir os técnicos, que para iso están os políticos. Miren, os técnicos están precisamente para velar por ese escrupuloso cumprimento da lei, lei á que están sometidos eles mesmos e os políticos de quenda, polo tanto, deixemos que fagan o seu traballo. Eu, aquí, ademais con especial implicación polo meu pasado nesa casa, vou facer unha defensa a ultranza do traballo dos técnicos de Augas de Galicia, pero é que é sorprendente en que termos se está a desprestixiar ou a poñer en dúbida, sen ningún tipo de fundamento técnico, o procedemento regulado que ten levado á autorización do vertido que vostedes, non sei se por mandato divino, deciden que temos que dicir aquí que non, non, que hai que decretar a súa nulidade.

Miren, esas autorizacións, esta en concreto, como todas, están supeditadas ao cumprimento dunha serie de requisitos de acordo coa estrita observación das normas ambientais vixentes, son procedementos regulados. E aquí, na exposición de motivos desta moción téñense dito auténticas barbaridades, non sei se por descoñecemento ou por interese, pero o que está claro é que os técnicos, os funcionarios e os técnicos de Augas de Galicia teñen a obriga, non o dereito, teñen a obriga de tramitar todas as solicitudes de vertido que se presenten; e teñen a obriga, non o dereito, de autorizar todas aquelas que garantan o cumprimento dos parámetros de calidade das augas para o vertido ao dominio público hidráulico en cuestión, garantindo en todo momento o bo estado das augas. Non atender esas autorizacións, non autorizar aquelas que cumpren cos requisitos que se establecen, iso ten un nome, chámase prevaricar, é un delito que está previsto e penado no Código Penal. O que lle están a pedir vostedes aquí é que os funcionarios responsables de Augas de Galicia ou da Consellería prevariquen, que se recoñeza a nulidade de pleno delito da autorización de vertido. Pero, imos ver, imos ser minimamente serios. A nulidade de pleno dereito, en todo caso, dicía, facía referencia a iso o señor Lema hai un momento, claro, os dereitos, todos, apoio aos veciños no máximo e todo tipo de asociacións no máximo cumprimento escrupuloso respecto da normativa, todo. Pero logo, evidentemente, claro, é que logo, quen garante efectivamente ese estrito cumprimento que teñen que observar alí os responsables políticos? Os tribunais. Pois terá que ser, no seu caso, un tribunal quen declare que aí houbo unha nulidade de pleno dereito. Pero aquí, como sempre, gústanos, especialmente en determinados casos, esgrimir, axitar a bandeira do alarmismo, co marisqueo, etcétera, etcétera, moitísimo antes e, o que é peor, sen ningún soporte técnico.

Pero eu pregúntome, fagámonos a pregunta en voz alta. Por un momento imaxinemos que outra Administración se dirixe a esta casa, insta esta casa a través dun acordo plenario para dicirlle que declare nulo de pleno dereito un acordo que aquí se teña adoptado nesta casa por parte do seu presidente en base a uns informes emitidos polo persoal funcionario desta casa competente para facelo. Home, eu quero pensar que se sairía en defensa deses funcionarios, que se diría “non, non, vostede o que nos está a pedir aquí é dicirlles aos nosos funcionarios, aos funcionarios desta casa que prevariquen”. Non, pero gústanos moito vir aquí, estamos collendo esa afección de vir aquí a dicirlles que prevariquen aos funcionarios da Xunta.

Non, eu penso que a veciñanza, que pode ser lóxica a preocupación porque toda actividade económica implica, non existe actividade económica que implique un risco cero, pero o que hai que dicirlles é apoio, máxima vixilancia, todos os controis necesarios, pero dicirlles “Non, non, non, imos exixirlle á Xunta que se pase polo arco do triunfo o procedemento regulado e que estes funcionarios que teñen nome e apelido e unha responsabilidade digan que non”. Ben, iso realmente o que é, é mentirlles aos veciños. Hai que apoialos, pero hai que dicirlles que hai cousas que non poden ser, que os procedementos hai que tramitalos, que son regulados e que logo, efectivamente, se hai algo que non é acorde coa lexislación, para iso están os tribunais, para revisar esa



actuación, pero aquí estase a pedir unha cousa ben distinta.

Augas de Galicia emitiu efectivamente este mes de febreiro esta resolución, que nin sequera na moción se interpreta correctamente como agora mesmo intentarei explicar, pero que está supeditada ao cumprimento de 18 requisitos e á atención estrita das normas de calidade ambiental. Toda a documentación relativa está no expediente, no proxecto de solicitude de vertido e nel están incluídas todas as alegacións presentadas coas correspondentes respostas motivadas a cada unha delas. Nesta resolución inclúense –insisto– 18 condicionantes que debe cumprir a titular da explotación para a correcta xestión das medidas de depuración de vertido na súa obriga de cumprir coa calidade do medio receptor deses vertidos. Fíxase, ademais, un prazo de execución das obras necesarias para o tratamento e evacuación das augas residuais que xa están alí. Porque aquí esta é unha cuestión que se trata con moitísima prudencia, aí xa hai unha auga acumulada á que hai que darlle saída. É certo que precisamente isto non ten unha tramitación de urxencia porque non hai un risco inmediato de que esas augas poidan causar problemas medioambientais, pero é evidente que hai que evacualas; e para iso é para o que está o procedemento de vertido, nun tempo próximo aos practicamente 500 días, porque require dun tratamento e que se vaian acomodando ás condicións do medio receptor. Polo tanto, limítanse os caudais de vertido nas fases de baleirado e tamén na de explotación, pero, ollo, non se está autorizando a explotación, estanse fixando uns límites de vertido ao medio receptor, pero aquí o que se está autorizando é o baleirado da auga que xa está. Para que se cumpran eses vertidos futuros, no seu caso, dunha explotación, ten que haber primeiro unha autorización que vai requirir dunha declaración de impacto ambiental, pero é que isto é obvio, non digan vostedes que se está autorizando un vertido. Isto é directamente mentira, é falso.

En concreto, fíxanse tamén os prazos de execución para estas actividades de baleirado, previa a unha futura explotación que deberá ser, no seu caso, autorizada. Pero para poder levar a cabo –insisto– esta fase de explotación necesitarase dunha autorización explícita da Administración autonómica e, polo tanto, requirirá da necesaria avaliación ambiental. Pero a resolución da autorización de vertido emitida por Augas de Galicia en ningún caso, que quede claro, en ningún caso, permite o desenvolvemento de actividade mineira nese punto.

Todas as instalacións, recóllese autorización para todas as instalacións necesarias para que esas augas, procedentes desa situación de estancamento se garanta o vertido ao río Pesqueira cumprindo os parámetros de calidade establecidos nas normas de calidade ambiental. Establécese a frecuencia mínima de controis, que serán semanais nesta fase de baleirado e no seu caso, no futuro, se se ten a ben autorizalo cando chegue o seu momento, mensuais no caso dos vertidos derivados da explotación. Tamén se determina a obriga de realizar un seguimento de control do medio receptor e remitir a Augas de Galicia os resultados desas análises, que terán que ser tomadas e analizadas por laboratorios colaboradores da propia Augas de Galicia, non por parte da propia empresa. Resérvase, obviamente, Augas de Galicia a facultade de modificar os límites impostos de vertido e exixir autorización para calquera outra actuación que sexa necesaria ou que sexa idónea para cumprir co desenvolvemento das exixencias do Plan Hidrolóxico de Galicia.

Polo tanto, cóntase con todos os instrumentos de control en continuo do caudal e tamén de vertido ao medio receptor, sempre co escrupuloso seguimento da normativa. Insisto, se aquí todos nalgún momento temos falado de que minería sostible, minería comprometida co absoluto respecto ao medio, pois precisamente iso é o que está a intentar facer, o que está a facer agora mesmo a Xunta de Galicia. Pero se xa partimos da base de que se está dicindo que se está autorizando unha explotación, cando iso non



é certo –insisto– isto debe quedar moi claro: o que se está agora mesmo é a autorizar as condicións, os prazos e a execución e no momento en que esa auga que xa está aí estancada e que é un problema e que se trata de que non chegue a selo, esa auga ten que volver ao medio, ten que volver ao medio, non hai outra forma, pero non se está a autorizar ningunha explotación que no seu caso requirirá dunha autorización explícita e da previa tramitación da necesaria avaliación ambiental.

Polo tanto, aínda que hai cousas nas que coincidimos, vémonos obrigados a votar en contra desta moción porque, dende logo, este grupo o que non ten previsto facer, nin o fixo nin o vai facer ata agora, é unha moción que o que faga era pedirlle a un funcionario, que está agora tranquilamente desenvolvendo o seu traballo, que cometa un delito. Polo tanto, o noso voto vai ser en contra.

### Sr. Lema Suárez

Si, a ver, eu creo que non estivo mal, señor Roberto, pero ao mellor dentro de dous meses se encontra vostede coa sorpresa de que aí hai unha autorización para unha explotación mineira. Eu case que lle apostaría algo a que si, porque como..., a verdade é que é unha moción excelentemente ben traballada, os nosos parabéns á xente de Lousame e de Noia que está facendo ese traballo, como os de antes, sen dúbida unha cidadanía comprometida. aquí o que nos están dicindo, por poñerlle nome e apelido ás cousas, é que nos condicionantes da compravenda establécese que, no caso de que non fose concedida a autorización de verteduras, Valoriza Minería, SL, Grupo Sacyr, asumiría o custo completo da rehabilitación do espazo natural afectado pola actividade mineira reverténdose a compravenda. Claro, non vai comprar Sacyr os dereitos da vertedura dun depósito de augas infectadas, señor Roberto, eu creo que non serei desconfiado se lle digo que o que compra Sacyr Valoriza é o dereito á explotación dunha mina. Ao mellor encontrámonos dentro de 15 días con que resulta que aí se tramita a petición para a explotación dunha mina, porque eu sospeito que esta xente de Sacyr Vallehermoso non está hiperinteresada na depuración dun depósito de augas previsiblemente infectadas, non? Eu creo que tal vez o que están comprando é o dereito de explotación dunha mina, que é tamén algo que consta aquí na redacción desta excelente moción, non porque a xente sexa tremendamente sospeitosa ou desconfiada, senón porque a xente sabe que, polo natural, non se compran marróns, senón que se compran dereitos de explotación dunha actividade mineira.

Entón, efectivamente, a Xunta ten que obrigar, ou dentro das súas competencias, a que esta vertedura, esta recuperación desta auga, como vostede di, que ten que volver ao entorno natural, se faga en medidas de seguridade para o medio. Aparentemente, non vou aquí facer demagogia e dicir que eu sei que esas augas conteñen non sei que metais ou outras substancias completamente tóxicas, pero o que nos están a dicir estas persoas é que as condicións nas que se está facendo esta depuración, 45.000 litros a hora, pois non presumen que sexan as de maior garantía. E, sen que eu sexa técnico, pero insisto, desde logo que todo indica que esta é a tramitación, a fase previa a unha explotación mineira, a non ser que alguén de Valoriza teña un enorme interese en comprar unha bolsa de augas para depurala. Eu tendo a pensar que non, tendo a pensar que non. Entón, ao mellor, efectivamente, esta xente de Noia a Lousame, facendo uso da súa lóxica, pensan que se están enfrontando á reapertura da mina e que agora mesmo hai unha serie de movementos de material líquido neste caso, que poñen en risco a súa actividade económica e que ademais pensan que non están, e teñen argumentos que a min me parecen sólidos, que non se están cumprindo os trámites de protección ambiental debidos. Isto, como vostede di, haberá que despois tal vez ao mellor certificalo nos tribunais, non será a primeira vez que se demostre, desde logo. Pero ao mellor hai razóns maiores de saúde pública que indican que cautelaramente sería necesario parar aquilo



que se está facendo e que non parece, non é que non pareza legal, non parece saudable, que nos indican as cautelares, pero, por suposto, a Xunta de Galicia ten a posibilidade de promulgar cautelares cando existe unha denuncia veciñal que alerta de que algo sucede e pode ser un perigo. Entón, insisto, estamos na fase anterior á reapertura dunha mina, iso é evidente. E insisto en que a demanda dos veciños que están alí situados é lexítima e, desde o meu punto de vista, completamente xustificada.

### Sr. Fernández Piñeiro

Vaia por diante o noso respecto e recoñecemento de todos os profesionais e técnicos de Augas de Galicia aos que non se cita nesta moción. Iso é importante dicilo, porque gran parte da súa intervención versaba sobre ese tema que ninguén citou.

Pero, en todo caso, falaba vostede de que “nada te impida una buena moción”, con esa expresión que utilizaba vostede, entón voulle ler:

1 de febreiro de 2023, Augas de Galicia resolveu outorgar autorización de vertidos no procedemento tal..., a Tugnsten San Finx, S.L., nun expediente iniciado en 2015 cheo de irregularidades e que xa tiña sido resolvido por silencio administrativo negativo en 2018. Esta extemporánea autorización permitirá o vertido de máis de 600.000 metros cúbicos ao ano de augas residuais. Isto lino ao principio, despois explícolle por que o volvo a ler.

Acordos: 1. Instar a Xunta de Galicia a que se recoñeza a nulidade de pleno dereito da autorización de vertidos outorgada por Augas de Galicia, 1 de febreiro de 2023, no procedemento DHV 15/54967 por carecer do preceptivo trámite de informe de avaliación do impacto ambiental. Que esta Corporación presente recurso dealzada e solicitudes de suspensión cautelar da Resolución do 1 de febreiro de 2023, interpondo no caso da súa desestimación demanda de orde contencioso-administrativa. Que se tramite polo Concello de Noia a contratación dun servizo técnico de análise e control dos parámetros de calidade das augas co obxecto de facer seguimento da situación das augas dos ríos Esqueira e Traba. Instar a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia e a directora de Augas de Galicia a que se proceda de inmediato ao cobro ao Concesionario Mineiro do Canon de Control de Verquidos ilegais para os exercicios non prescritos.

Seguinte. Instar a Xunta de Galicia para que, en cumprimento da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade medioambiental, obrigue a concesionaria a dotar e executar as medidas de prevención, evitación e reparación dos danos medioambientais e que, no caso de omisión, atraso, resistencia ou obstrución, inicie subsidiariamente a execución destas medidas con cargo a patrimonio de Tungsten San Finx, SL.

Instar a Xunta para que inicie unha revisión de oficio do proxecto de explotación e plan de restauración da mina de San Finx aprobados en 2009, declarando a súa nulidade por ter prescindido da preceptiva avaliación de impacto ambiental e trámite de participación pública no caso do proxecto de restauración.

Instar o presidente da Xunta de Galicia e a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade a que cesen con carácter inmediato e a directora de Augas de Galicia e o subdirector xeral de Xestión de Dominio Público. Realizar un visionado do documental *San Finx 1960* no Coliseo Noela de Noia antes do 4 de marzo. Remitir estes acordos ao presidente da Xunta.

Esta é a moción que se aprobou por unanimidade no Concello de Noia onde, se





mal non recordo, o alcalde é do Partido Popular, polo tanto, onde o Partido Popular goberna o Concello de Noia. Unha moción moi similar á que se aprobou no Concello de Muros, onde tamén goberna o Partido Popular e a alcaldesa é do Partido Popular, e unha moción, que me temo, moi similar á que se vai aprobar en Porto do Son este sábado, onde tamén goberna o Partido Popular.

Polo tanto, creo que, á vista diso que acabo de dicir, e estes acordos que acabo de ler da moción do Concello de Noia, que acabo de baixala agora mesmo para poder lerlla aquí, non os estiven lendo doutro sitio, da acta de sesións do Concello de Noia. Polo tanto, entendo que calquera dúbida, sospeita, sobre o uso partidista desta moción acaba de quedar agora mesmo diluído co que lles acabo de ler porque antes de traela aquí, antes de debatela aquí e antes de aprobala ou non, polo menos, votala aquí, foi aprobada por unanimidade neses concellos onde goberna o Partido Popular. Polo tanto, entendo que o alcalde de Noia ou a alcaldesa de Muros estalle solicitando á Xunta de Galicia que prevarique tamén á vista da argumentación que dá o voceiro do Partido Popular, porque a moción é a mesma, a deles que esta que temos aquí. Polo tanto, como iso xa pasou e, loxicamente, “agua pasada no mueve molino”, eu convidó o señor Roberto a que fale co alcalde de Porto do Son, porque non a aprobaron aínda, para advertirlle de que, se a aproba, estará solicitando á Xunta de Galicia, aos técnicos de Augas de Galicia, á directora de Augas que prevariquen. Entón, imos empezar primeiro polos da casa e despois imos polos demais. Ten vostede ata o sábado, hoxe é venres, quedalle a tarde, ben, non remataremos moi tarde o Pleno, malo será que non lle dea tempo a facerlle unha chamada ao seu compañeiro do Porto do Son para advertilo da ilegalidade manifesta que vai acometer coa aprobación desa moción.

Evidentemente, repito, aquí ninguén falou dos técnicos, aquí o que vimos a dicir son feitos constatables. Efectivamente, hai unha autorización de vertidos que, como comenta aquí, apartado que está constatado e que é constatable, que non só é, como digo, para as galerías, senón que fala tamén da explotación, cando non hai plan de explotación, porque esa mina carece del e carece dun informe que vostede entendo que o sabe moito mellor ca min, iso non llo dubido porque tivo responsabilidade nesa materia e, polo tanto, sei que sabe e é coñecedor desa cuestión, que carece dun informe de impacto medioambiental, polo tanto, necesario.

Despois hai un argumento que daba o voceiro da Marea e que é así. É dicir, o contrato celebrado o 27 do 12 do 2021 ante o notario de Madrid don Andrés Domínguez Nafría, e que consta con número 7.431 do seu protocolo, Valoriza Minería, SL, Grupo Sacyr, acordou transferir o 100% do capital de Tungsten San Finx, SL, titular da mina de San Finx, á sociedade privada australiana Biscay Minerals PTy Limited, sociedade que carece de calquera experiencia en proxectos mineiros en todo o planeta. Nos condicionantes de compravenda establécese que, no caso de que non fose concedida a autorización de verteduras, Valoriza Minería, SL, Grupo Sacyr, asumiría o custo completo da rehabilitación do espazo natural afectado pola actividade mineira, reverténdose a compravenda.

Por tanto, é verdade que estamos nun proceso anterior, pero non fai falta ser unha eminencia para darse conta de que aquí o que se está comprando é unha mina para explotala, porque ninguén compra unha mina para gastar os cartos en facer unha recuperación medioambiental, e moito menos se inclúe no contrato que, se non se autoriza ese vertido, quen vende terá que pagar, porque tamén faría mal negocio o vendedor. É verdade que pode ser que nos esteamos adiantando a esa circunstancia? Pode ser, porque, efectivamente, o que se está pedindo aquí non foi unha autorización para a explotación, pero si que se autoriza uns vertidos na explotación. Entón, se non se vai explotar, se non se solicitou a explotación da mina, a que vén autorizar os vertidos da



parte da explotación? Centrémonos só na limpeza desas galerías e na recuperación medioambiental do río San Finx. Pero non, nesa autorización da auga, segundo nos consta, vaise máis alá. Polo tanto, pode ser que haxa un erro, non o estou achacando a que haxa unha mala intención por parte de quen o asina, pero, como mínimo, deberá de haber un erro, porque, se ninguén solicita a explotación, a que vén autorizar un volume de vertidos derivado dunha explotación, non ten moito sentido.

Polo tanto, repito, traemos unha moción que foi antes a outras administracións públicas, gobernadas, nese caso, polo Partido Popular. Vostedes, entendo parte da argumentación que vostede deu dende o punto de vista técnico; repito, nós respectamos e valoramos os traballos técnicos da Augas de Galicia, pero temos unha opinión distinta á do seu grupo a este respecto. Polo tanto, nada máis, nós, loxicamente, que somos propoñentes da moción, co Grupo da Marea e BNG, imos votar favorablemente.

### Sr. Rodríguez Martínez

Moi brevemente. Escoitaba agora falar o señor Fernández e víñame á cabeza a primeira reunión que eu tiven no seu día nesa casa como director de Augas de Galicia a explicar que, por aquilo de que a miña formación non era evidentemente científica, que eu xa tiña a miña carreira, que era a de dereito, e que non viña a Augas de Galicia a facer outra, e para iso xa estaban os enxeñeiros, os químicos, os técnicos... Isto pareceume unha obviedade, pero escoitando o que hoxe escoitei aquí, non é tan obvio, non é tan obvio, é dicir, aquí debemos ter moito enxeñeiro, moito bioquímico, moito, polo menos de vocación.

É dicir, imos ver, a min o que xa me empeza a molestar de todo isto é ese tufo conspiranoide que vostedes deixan no aire, aí queda, imos deixalo. A ver, vamos, pero que tontería é esa de que Valoriza compra para explotar unha mina? E logo Tungsten para que tiña a concesión, para un parque de margaridas? Claro, tamén para unha mina, pero imos ver, pero iso é unha actividade, pero é que iso nin sequera o ten que autorizar, neste caso nin sequera o ten que autorizar a Administración hidráulica. O que ten que facer a Administración hidráulica é o que está a facer, que é dicir, queres esa explotación? ben, vén por aquí que che vou dicir en que condicións, en que condicións vas poder verter ao medio receptor en función da actividade que ti vaias querer establecer, pero imos ver, pero é que non existe iso dos vetos sobre as unidades preventivas, é que iso nun Estado de dereito non existe, non existe.

Agora, en fin, aquí sabemos todos tamén que hai que facer política. Pero o que quero dicirlles é que iso de que compren porque queren explotar. Home, claro, para o mesmo que no seu día Tugnsten San Finx solicitou unha concesión, claro, para iso, efectivamente, pero o que estamos aquí a falar é dese baleirado. Dicía, pero imos ver, pero vostede entón ten que presentar unha moción, digan a verdade, presenten unha moción para que non exista actividade mineira na provincia, ou sexa, quiten a máscara e díganlo.

E volvo insistir, aquí eu teño escoitado a todos os grupos que están aquí falar de minería si, pero unha minería responsable, unha minería sostible, respectuosa co medio ambiente. Claro, non, pero cando realmente a Xunta fai o seu traballo, mire eu non vou tirar de anecdótico pero, claro, vostedes... tiven que miralo, porque xa non me acordaba de quen fora o seu candidato nas autonómicas do 2016, tiven que miralo, xa me lembro de quen era, chamábase Luís Villares. Se eu lle teño que contar o que dicía Luís Villares doutro tipo de autorizacións que asinei eu sobre cuestións de transmisións de FerroAtlántica para aquí, FerroAtlántica para alá; home, eu non sei se eu me vou sorprenden, probablemente non, non me vou sorprenden se alguén pide unha autorización para exercer aquilo para o que ten unha concesión, non me vou sorprenden, agora o que



si me sorprendería é que vostedes se foran a gañar a vida como adiviños, porque non dan unha. Vostedes collen, tiran, poñen o ventilador, alumean a razoable preocupación que poden ter determinados sectores, porque é razoable que se poidan preocupar, pero vostedes, eu aínda non é a primeira vez que digo: “bueno, vamos a ver como se tramita isto, vamos a ver que condicións se poñen, vamos a ver como se respectan”. Non, non, vostedes xa van por diante con todo, isto vai ser o desastre, isto vai ser un horror. Como poden vostedes dicir aquí “por que se concede entón unha autorización para o baleirado?”. Porque as augas que xa están agora mesmo aí, sen explotación mineira, xa son un risco para o medio ambiente, xa son un risco para o medio ambiente, se foran un risco inminente, habería un procedemento específico para un baleirado exprés, con outros parámetros de vertido ao medio receptor. Pero non, como non concorren, dise “non, non, vostede isto vaino baleirar en 500 días a este ritmo e cumprindo escrupulosamente isto, e con controis semanais para unha cousa e mensuais para a outra”. Controis aos que incluso teñen que ser arquetas ás que teña acceso directo Augas de Galicia porque, se quere ir facer o control ás 3 da mañá, vai ás 3 da mañá, non ten que avisar á empresa. É que hai un descoñecemento moi profundo, pero que non é necesario coñecelo todo, só hai que preguntar e informarse antes de dicir que aquí se está utilizando unha explotación. A min iso é o que me rebenta, e que aínda por riba veñan vostedes aquí a deixar caer que ou Augas de Galicia, ou a Xunta de Galicia ten un interese nunha actuación do sector privado sobre unha concesión vixente. Para que vai comprar Valoriza? Pois non sei para que compra, pero evidentemente, se compra unha concesión para unha explotación mineira, é lóxico supoñer, sen necesidade de teorías conspiranoicas, que compra para iso, home, evidentemente.

Pero mire, “é que aquí non se menciona os técnicos”; non, home, é que claro, é que baixou a pomba do Espírito Santo e fixo os informes. Eses informes que asina a directora, ese informe que previamente, esa proposta de resolución, asina o seu director xeral de dominio público hidráulico, están baseados nos informes que fixeron os técnicos. Como que non se está a falar? Entón cambia o conto, o que me queren dicir é que só lle están pedindo que prevariquen á directora de Augas de Galicia, entón, xa cambia o conto, entón xa imos votar a favor. A ver, imos ser un pouco serios.

En fin, eu penso que non hai moito máis que achegar xa o debate. Chámame a atención que cando resulta que un procedemento anterior se desestima por silencio negativo, sabe por que se desestima por silencio negativo? Doulle eu a exclusiva, porque se... non, porque se exixen eses requisitos que agora están no condicionante, eses dezaioito condicionantes que están nesa autorización de vertido, exíxense e a empresa non acredita no seu proxecto que os vai cumprir. Pasa o tempo, silencio negativo. Agora, aí foron impecables os técnicos de Augas de Galicia, aí foron impecables. Claro, hoxe non; mire, isto non funciona así.

E, para rematar, collo o guante que me lanza o señor Fernández. Eu teño moi boa relación co alcalde de Porto do Son, pero gústame tanto esa vila que non o chamarei, irei persoalmente e convido a calquera de vostedes que vaimos por alí a desfrutar dese bonito concello e poder falar tranquilamente do tema.

Máis nada e moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Eu creo, Sr. Rodríguez, que esta vez, se vostede non o practica, ao mellor é un momento para practicalo, vostede repasa a súa primeira intervención de hoxe, vostede fala de algo que non se expresa na moción nin tan sequera tampouco na defensa das partes, que era que isto non estaba implicado nunha reapertura da explotación mineira.



Claro, pero vostede, sen que ninguén llo pedira, na súa primeira intervención, di “é que isto o que se está tratando aquí é unha depuración e unha evacuación das augas. Non ten nada que ver coa subseguinte explotación mineira”. Home, iso díxoo vostede. Agora vén dicir “claro que evidentemente que os de Valoriza non son tontos e queren explotar a mina”. Claro, señor, pero é que iso non foi o que dixo vostede na súa primeira intervención, na súa primeira intervención dixo, que non teño aquí o literal da acta, pero terao vostede máis adiante, que caramba, que estamos confundindo trámites, e que este é o trámite para a depuración dos residuos, non para a reapertura da mina. Claro, pero como os veciños de Lousame e de Noia ben saben, e vostede recoñece na súa segunda intervención, a conseguente operación vai ser a reapertura da mina, por suposto, -eu deixei falar a vostede-, e entón digo, claro, que por iso existe esa preocupación, evidentemente. Lea vostede a súa primeira intervención na que sen que ninguén llo pide di vostede “isto non ten nada que ver coa reapertura da mina”, caramba, e na segunda intervención di “Como non vai ter que ver coa reapertura da mina?”. Non quero facer aquí, á parte respecto demasiado a súa intelixencia, como para dicir que vostede pisa o seu propio argumento. Pero, por suposto, do que estamos falando finalmente non é unicamente da depuración, que indica aquí a veciñanza que está preocupada polos termos nos que se está facendo e uns cantos alcaldes seus dunha zona sensible do país parece que comparten a mesma preocupación, eu non o tomaría tan á lixeira. E finalmente, por suposto, o que hai de fondo é a reapertura da mina.

E claro que o silencio é negativo nestes casos, como sempre, como sempre que se pon en risco unha cuestión que teña que ver co impacto ambiental, sábeo tan ben coma min, neste caso. Neste caso, o silencio negativo, home, se eu digo que mañá quero abrir unha vía de residuos, na Coruña houbo un caso recente, terás que esperar a que a Xunta te acredite, non podo empezar eu a operación sen ter unha resposta positiva. E, en todo caso, dígolle, efectivamente, a veciñanza está preocupada porque intúe que vai haber unha reapertura da mina e que vostede confirmou hoxe mesmo, co cal agradézolle a súa sinceridade.

#### Sr. Rodríguez Martínez

Non, a ver, é que non o podo deixar así, Sr. Lema, é dicir, eu dixen o que dixen, pero eu non vou ser cómplice porque ti queiras da túa teoría conspiranoide. Eu dixen o que dixen, está ben claro. Agora, o que non vou facer hoxe, que ninguén se asuste, non vou explicar aquí cales son os principios do silencio negativo, que non os temos nada claros, eh? non os temos nada claros, vaia por diante. Pero, imos ver, eu o que dixen é que o que se autoriza...; hoxe traedes unha moción sobre unha autorización de vertido DH 15 XXXX, e eu o que dixen é o que é esa autorización. Logo ti vés na túa segunda intervención, e deixei claro na miña primeira intervención, que fai referencia, establece e autoriza un baleirado dunhas augas que a día de hoxe xa están estancadas e supoñen un risco medioambiental, ben.

Segunda intervención, onde ti saes con esa conspiración de que parece que todo isto está orientado para bailarlle a auga a unha determinada empresa porque esa empresa compra. Eu o que che digo é que claro, pero é que vamos, é que non hai que ser un xenio, é dicir, home, unha persoa... se eu compro uns pantalóns será para poñermos polos pés non pola cabeza, iso é o único que dixen. Nin estou anticipando unha solicitude, nin que esa solicitude se vaia tramitar ou se vaia resolver en ningún sentido, que é o que ti queres deslizar, e por aí si que eu non vou pasar, nin vou consentir que conste na acta deste Pleno. Iso ten que quedar ben claro.

O silencio negativo, o silencio negativo é porque..., non é da empresa, é da Administración. É a Administración quen dá un prazo para dicir: queres ter esta



autorización? Tes que cumprir con estes condicionantes. E, ollo, que non son moco de pavo, que non son moco de pavo. Non cumpres nun prazo determinado, arquívase, por que? por silencio negativo, porque non se che concede, pero non é porque, non, é que claro, é que é o silencio negativo porque o que se pide atenta cun...; non, o silencio negativo é porque non se acredita en forma e prazo o cumprimento dos requisitos que establece a lei vixente, que no fondo é do que estamos a falar, do cumprimento da lei, do cumprimento da lei por parte de técnicos e por parte de responsables políticos. E, finalmente, para controlar ese cumprimento, para iso efectivamente están os tribunais e por iso hai sentenzas, claro. Home, ti vés aquí coas sentenzas que non lle dan a razón á Xunta. Pois, claro, non imos botar a tarde aquí dicindo cando lle dan a razón á Xunta, que tamén as hai.

Eu penso que, de verdade, non vaiamos máis por este camiño porque non ten moito sentido. O que era o estrito termo do debate desenvolveuse, quedaron claras as posturas; por min, votemos, pero, é dicir, o que non vou tolerar..., ademais, se eu me prezo de algo é de ser ata cirúrxico coas palabras que elixo para dicir determinadas cousas, e que a min se me diga que dixen o que non dixen, ou que quixen dicir o que non quixen dicir. Entón, ata aí si que eu niso vou ser inflexible e tomarei a palabra as veces que sexan necesarias, aínda que espero que hoxe non sexa necesario volver a tomala.

Máis nada e moitas grazas.

#### Sr. Fernández Piñeiro

Unha aclaración, sen dobre intención, sen ningunha mala intención. Para que haxa unha resolución de autorización para a explotación dunha mina cuns vertidos é necesario que esa mina teña un proxecto de explotación aprobado con anterioridade e que ese proxecto conte cun informe de avaliación de impacto ambiental ou non? Si. Dígoo porque aquí o que di é: “as persoas responsables da autorización recoñecen na resolución que a autorización se outorga non só para bombear as augas acumuladas nas galerías, senón tamén para a fase de explotación, sabendo que a mina carece de proxecto de explotación válido por non terse sometido á preceptiva avaliación de impacto ambiental, así como por non someter a participación pública o seu plan de restauración”. Entendo que algún tipo de erro debe de haber. Ou sexa, hai unha autorización que, en principio, entendo que estaría vinculada a que..., porque non ten moito sentido que autorices uns vertidos de explotación cando non tes unha autorización para a explotación..... Con anterioridade, moi ben, pois grazas pola aclaración.

Nada máis, moitas grazas.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 15 deputados/as (9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 14 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:



## **"Moción dos Grupos Provinciais PsdeG-PSOE, Bloque Nacionalista Galego e Marea Atlántica en relación á autorización de vertidos das Minas de San Finx**

### Exposición de Motivos

O 1 de febreiro de 2023, Augas de Galicia resolveu outorgar autorización de vertidos no procedemento DH.V15.54967 a Tungsten San Finx S.L., nun expediente iniciado en 2015, pragado de irregularidades, e que xa tiña sido resolvido por silencio administrativo negativo en 2018. Esta extemporánea autorización permitiría o vertido de mais de 600.000 m<sup>3</sup>/ano de augas residuais industriais acumuladas nas galerías da mina de San Finx (Lousame), que conteñen altísimas concentracións de cadmio, cobre e cinc, que serían bombeadas ao río San Fins, tributario do río Traba, co consecuente impacto sobre a ría de Muros e Noia, os seus bancos de marisqueo e espazos en Rede Natura 2000. O tratamento que se lle esixiu á empresa foi ineficaz para tratar as concentracións destes 3 metais pesados durante a proba piloto realizada pola empresa.

As persoas responsables desta autorización (a Directora de Augas de Galicia, o Subdirector Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico e a Xefa da Área de Vertidos) recoñecen na Resolución que a autorización se outorga non só para bombear as augas acumuladas nas galerías senón tamén para a fase de explotación, sabendo de que a mina carece de proxecto de explotación válido, por non terse sometido á preceptiva avaliación de impacto ambiental, así como por non someter a participación pública o seu plan de restauración, ambas as dúas condicións imprescindibles para a validez do título mineiro.

En 2009, a Xunta de Galicia esixiulle á concesionaria mineira a presentación dun proxecto de explotación e un estudo de impacto ambiental, o que nunca se cumpriu e, sen o cal, calquera aprobación do proxecto de autorización de vertido carece de validez e por tanto é nula de pleno dereito, conforme ao Artigo 9.1 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental. Aprobar un proxecto de achique de augas da mina en ausencia de proxecto de explotación avaliado ambientalmente constitúe un flagrante fraude de lei por se tratar dun fraccionamento de proxectos.

As persoas responsables desta autorización teñen coñecemento fehaciente da tentativa de abandono dos pasivos ambientais da Mina de San Finx por parte do Grupo Sacyr, consumada en decembro de 2021. Diversas entidades demandandaron en numerosas ocasións que a Xunta impuxese avais medioambientais para evitar un desenlace similar ao da Mina Monte Neme, non só en relación aos vertidos continuados de achiques de mina carentes de autorización que acontecen por gravidade a un ritmo de 45.000 litros/hora, senón tamén respecto das dúas presas de residuos mineiros no río San Fins que acumulan miles de toneladas de residuos e se encontran en abandono e pésimo estado de conservación.

Tamén lle foi requerido en diversas ocasións a Augas de Galicia que procedese a liquidar o cánon de control de vertidos ilegais previsto na lexislación de augas, e que segundo os volumes de vertidos declarados pola empresa, ascendería a mais de 62 millóns de euros para o período 2012-2021 (mais de 6 millóns de euros por ano), sen que isto teña acontecido ata o momento.

Nestas circunstancias, compre lembrar que, mediante contrato celebrado en 27/12/2021 ante o Notario de Madrid D. Andrés Domínguez Nafria e que consta co número 7.431 do seu Protocolo, Valoriza Minería SL (grupo Sacyr) acordou transferir o 100% do capital de Tungsten San Finx S.L. (titular da mina de San Finx) á sociedade privada australiana Biscay Minerals Pty Limited (sociedade que carece de calquera experiencia ou proxectos



mineiros en todo o planeta). Nos condicionantes da compravenda establécese que no caso de que non fose concedida a autorización de verteduras, Valoriza Minería S.L. (grupo Sacyr) asumiría o coste completo da rehabilitación do espazo natural afectado pola actividade mineira, revertíndose a compravenda. A autorización de vertidos outorgada o día 1 de febreiro de 2023, atendendo a todos os precedentes do expediente, só é comprensible como tentativa de eximir de responsabilidade á referida sociedade mercantil, ignorando os impactos que o inicio dos vertidos poderá ter sobre a ría e a comarca.

Polo exposto, os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE, BNG e MAREA ATLÁNTICA propoñen a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. A Deputación da Coruña reafírmase nos acordos sobre o impacto ambiental das Minas de San Finx, en Lousame, adoptados por unanimidade na sesión plenaria de 30 de xuño de 2017 e, en atención aos mesmos, insta á Xunta de Galicia a que se recoñeza a nulidade de pleno dereito da autorización de vertidos outorgada por Augas de Galicia o 1 de febreiro de 2023 no procedemento DH.V15.54967.

2. A Deputación da Coruña insta á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia e á Directora de Augas de Galicia a que se proceda de inmediato ao cobro ao concesionario mineiro do canon de control de vertidos ilegais para os exercicios non prescritos (no mínimo desde 2017).

3. A Deputación da Coruña insta á Xunta de Galicia para que, en cumprimento da Lei 26/2007, de 23 de outubro, de Responsabilidade Medioambiental, obrigue á concesionaria a adoptar e executar as medidas de prevención, evitación e reparación dos danos medioambientais e que, no caso de omisión, retraso, resistencia ou obstrución, inicie subsidiariamente a execución destas medidas con cargo ao patrimonio de Tungsten San Finx S.L. En particular, instase á Xunta de Galicia a que proceda a revisar os avais medioambientais depositados polo concesionario mineiro e que ascenden a tan só 178.000 euros, requirindo cuantías suficientes para o tratamento das augas de mina a perpetuidade e á restauración das presas de residuos mineiros situadas no cauce do río San Fins, e os danos actuais e potenciais ao dominio público hidráulico e á ría de Noia.

4. A Deputación da Coruña insta á Xunta para que inicie unha revisión de oficio do proxecto de explotación e plan de restauración da mina de San Finx aprobados en 2009, declarando a súa nulidade por ter prescindido na preceptiva avaliación de impacto ambiental e trámite de participación pública no caso do proxecto de restauración.

5. A Deputación da Coruña insta ao Presidente da Xunta e á Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade a que cesen con carácter inmediato á Directora de Augas de Galicia e ao Subdirector Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico, e a que sexan apartados xunto coa Xefa da Área de Vertidos da tramitación de calquera expediente administrativo que garde relación coa mina de San Finx, conforme ao art. 23 da Lei 40/2015, en canto non se proceda a deslindar as responsabilidades administrativas e/ou penais que se poidan derivar das súas condutas.

6. A Deputación da Coruña remitirá estes acordos ao Presidente da Xunta de Galicia, á Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación e á Directora de Augas de Galicia."



## FÓRA DA ORDE DO DÍA

Sr. Presidente

Unha última moción, presentada de urxencia polo Grupo Provincial Popular, relativa á solicitude do restablecemento da paz, da convivencia e do dereito internacional con motivo do primeiro aniversario do intento de invasión de Ucraína por parte de Rusia. Hai que votar a urxencia. Votamos a urxencia..

### VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Marea Atlántica).

Votan en contra: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **I.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular da Deputación Provincial da Coruña, solicitando o restablecemento da paz, da convivencia e do dereito internacional con motivo do primeiro aniversario do intento de invasión de Ucraína por parte de Rusia**

O 24 de febreiro de 2023 cumprírase un ano desde que Rusia comezase a invasión de Ucraína, desatando así o maior conflito bélico en territorio europeo desde a Segunda Guerra Mundial.

Desde ese día, máis de 8 millóns de ucraínos víronse obrigados a saír do país e buscar protección noutros estados europeos, segundo os últimos datos difundidos polo Alto Comisionado de Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR). De todos eles, preto de 5 millóns atoparon refuxio na Unión Europea grazas á Directiva de Protección Temporal e a outros instrumentos similares. Ademais, hai outros 6 millóns de desprazados internos, persoas que abandonaron os seus fogares e que agora viven noutros puntos de Ucraína, segundo a última estimación da Organización Internacional para as Migracións (OIM).

Partidos políticos, organizacións, asociacións e entidades condenaron desde o principio a decisión do presidente de Rusia, Vladimir Putin, de iniciar de maneira unilateral este conflito e comezar unha guerra en Europa, que está a provocar miles de mortos e a destrución de centos de cidades e municipios.

A invasión de Ucraína significa moito máis que unha violación da orde internacional á que hai que facer fronte. É un ataque os valores de liberdade, progreso e paz sobre os que se asintan as democracias europeas e occidentais.

Este conflito trouxo ao primeiro plano o terrible rostro da guerra, as cidades e pobos bombardeados, os fogares destruídos, as familias rotas para sempre pola morte cruel e inxustificada de seres queridos, as graves violacións de dereitos humanos, a mutilación da vida cotiá, a pobreza, a dor e a desolación.

Pero esta guerra tamén serviu para recoñecer e admirar a heroica resistencia dun pobo, o ucraíno, que se converteu sen querelo no primeiro e máis importante defensor das nosas liberdades e dereitos máis fundamentais, empezando polo dereito para vivir en paz e en liberdade.

España é un país comprometido co dereito internacional, coa carta de Nacións Unidas, que no seu artigo 2.4 refire que a integridade territorial dos Estados é inviolable, e cos





seus socios da Unión Europea e da OTAN.

Como tal, España debe ser partícipe e contribuír a todas aquelas iniciativas no ámbito político, diplomático, económico e militar que vaian encamiñadas a poñer fin ao conflito e a garantir o pleno restablecemento da liberdade, a soberanía e a integridade territorial de Ucraína.

Mentres estes obxectivos non se alcancen, España debe seguir mostrando a súa solidariedade con todos os cidadáns ucraínos que tiveron que deixar o seu fogar fuxindo da guerra.

Por todo o anteriormente exposto, sirva esta declaración para:

- Condenar de maneira firme e explícita a invasión de Ucraína por parte de Rusia e o uso continuado da forza contra un país soberano.
- Esixir o cesamento inmediato desta agresión bélica, a retirada de todos os medios militares rusos que se atopan en chan ucraíno e o restablecemento das fronteiras e a integridade territorial de Ucraína.

Mentres estas condicións non teñan lugar, a Deputación da Coruña comprométese a:

- Apoiar as actuacións dos nosos aliados da Unión Europea e da OTAN, para poñer fin ao conflito e restituír a orde internacional baseada no dereito e en regras de convivencia por todos aceptadas e que foi vulnerado unilateralmente por Rusia.
- Apoiar e recoñecer o dereito de Ucraína a lexitíma defensa, de acordo con as disposicións recollidas no artigo 51 da Carta das Nacións Unidas.
- Apoiar o envío dos recursos materiais, incluídos os de carácter militar, o apoio loxístico, a formación e o adestramento que poida proporcionar España en coordinación cos nosos socios europeos e internacionais para a defensa da soberanía e a integridade territorial de Ucraína.
- Expresar o noso apoio e solidariedade ao pobo de Ucraína, en especial aos máis de 300.000 mil ucraínos que viven en España, e moi particularmente aos máis de 160 mil que atoparon acollida no noso país.
- Apoiar a petición da Federación das Asociacións de Ucraínos en España no seu chamamento para que as institucións españolas mostren, con diversas iniciativas, a súa solidariedade co pobo de Ucraína.

(Abandona o salón a Sra. Lamas Villar).

Sr. Ben Otero

Grazas, presidente.

Antes de nada quería aclarar que nosotros intentamos que este texto fuera un texto que viniese como una declaración institucional, porque entendemos que no hay nada en él que pueda generar alguna arista o alguna molestia y lamentamos mucho que no se pueda aceptar como declaración institucional o incluso como moción conjunta, con



lo cual se daría por aprobada y ese ofrecimiento lo debemos hacer en este momento. Pero, a la vista del señor Seoane, entiendo que no. Voy a proceder a leerla, no tiene mucha más explicación que dar y dice así:

“O 24 de febreiro de 2023 cumprírase un ano desde que Rusia comezase a invasión de Ucraína, desatando así o maior conflito bélico en territorio europeo dende a Segunda Guerra Mundial. Dende ese día, máis de oito millóns de ucráinos víronse obrigados a saír do país e buscar protección noutros Estados europeos, segundo os últimos datos difundidos polo Alto Comisionado de Nacións Unidas para os Refuxiados. De todos eles, preto de cinco millóns atoparon refuxio na Unión Europea grazas á Directiva de Protección Temporal e a outros instrumentos similares. Ademais, hai outros seis millóns de desprazados internos, persoas que abandonaron os seus fogares e que agora viven noutros puntos de Ucraína, segundo a última estimación da Organización Internacional para as Migracións. Partidos políticos, organizacións, asociacións e entidades condenaron desde o principio a decisión do presidente de Rusia, Vladimir Putin, de iniciar de maneira unilateral este conflito e comezar unha guerra en Europa, que está a provocar miles de mortos e a destrución de centos de cidades e municipios.

A invasión de Ucraína significa moito máis que unha violación da orde internacional á que hai que facer fronte. É un ataque aos valores de liberdade, progreso e paz sobre os que se asentán as democracias europeas e occidentais. Este conflito trouxo ao primeiro plano o terrible rostro da guerra, as cidades e vilas bombardeadas, os fogares destruídos, as familias rotas para sempre pola morte cruel e inxustificada de seres queridos, as graves violacións de dereitos humanos, a mutilación da vida cotiá, a pobreza, a dor e a desolación.

Pero esta guerra tamén serviu para recoñecer e admirar a heroica resistencia dun pobo, o ucráino, que se converteu, sen querelo, no primeiro e máis importante defensor das nosas liberdades e dereitos máis fundamentais, empezando polo dereito para vivir en paz e en liberdade.

España é un país comprometido co dereito internacional, coa Carta de Nacións Unidas, que no seu artigo 2.4 refire que a integridade territorial dos Estados é inviolable e co seu socio da Unión Europea e da OTAN. Como tal, España debe ser partícipe e contribuír a todas aquelas iniciativas no ámbito político, diplomático, económico e militar que vaian encamiñadas a poñer fin ao conflito e a garantir o pleno restablecemento da liberdade, a soberanía e a integridade territorial de Ucraína. Mentres estes obxectivos non se alcancen, España debe seguir mostrando a súa solidariedade con todos os cidadáns ucráinos que tiveron que deixar o seu fogar fuxindo da guerra.

Por todo o anteriormente exposto, pedimos que esta moción sirva para condenar de maneira firme e explícita a invasión de Ucraína por parte de Rusia e o uso continuado da forza contra un país soberano. Exixir o cesamento inmediato desta agresión bélica, a retirada de todos os medios militares rusos que se atopan en solo ucráino e o restablecemento das fronteiras e a integridade territorial de Ucraína.

Mentres estas condicións non teñen lugar, a Deputación da Coruña comprométese a: apoiar as actuacións dos nosos aliados da Unión Europea e da OTAN para poñer fin ao conflito e restituír a orde internacional baseada no dereito e regras de convivencia para todos aceptadas e que foi vulnerado unilateralmente por Rusia. Apoiar e recoñecer o dereito de Ucraína á lexítima defensa de acordo coa disposición recollida no artigo 51 da Carta das Nacións Unidas. Apoiar o envío de recursos materiais, incluídos os de carácter militar, o apoio loxístico a formación e o adestramento que poida proporcionar España en coordinación cos nosos socios europeos e internacionais para a defensa da soberanía e



a integridade territorial de Ucraína.

Expresar o noso apoio e solidariedade ao pobo de Ucraína, en especial aos máis de 300.000 ucraínos que viven en España, e moi particularmente aos máis de 160.000 que atoparon acollida no noso país. E, por último, apoiar a petición da Federación da Asociación dos Ucraínos en España no seu chamamento para que as institucións españolas mostren con diversas iniciativas a súa solidariedade co pobo de Ucraína.

#### Sr. Lema Suárez

Esta moción tróuxose fóra da orde do día por un procedemento de urxencia. Nós votamos a favor da súa inclusión na orde do día non porque consideremos que é unha moción construtiva, sincera e que vaia contribuír á pacificación do conflito, senón porque pensamos que todo debe ser debatido, calquera cuestión, aínda que realmente estea bastante lonxe das fronteiras desta provincia, como adoita pasar moitas veces con este tipo de mocións.

Ben, intentaremos ser breves e o máis xustos posibles. Toda a nosa solidariedade co pobo ucraíno que padece o horror da guerra. Desde logo, rexeitamos completamente a invasión do seu territorio e, por suposto, pedimos que se restableza a paz nas condicións ditadas polo dereito internacional, como faríamos en calquera outro conflito que non se trae a esta Cámara, como puidera ser, por exemplo, o conflito de Palestina, onde vemos que impunemente un dos bandos é masacrado sen que a comunidade internacional diga nada ou se dispoña a armar o bando máis feble ou pida como se pide aquí, e é xusto que se faga, o restablecemento da lexislación internacional neste caso.

A guerra desprazou ata o momento oito millóns de persoas, é realmente un custo humano tremendo, cinco millóns para o territorio occidental, tres millóns para o territorio ruso, o cal indica que alí existe un conflito que non é fácil, non se debe simplificar. Dicía, vou citar a Jens Stoltenberg, por certo, secretario xeral da OTAN, que o conflito non empezou o ano pasado, empezou en 2014. O 2014, ou talvez un ano antes, co conflito do Maidan e naquel o que se estaba dirimindo alí era a franxa ou digamos como podía ser o encaixe de Ucraína nesa posición entre Rusia e Occidente, Rusia e a Unión Europea.

Para ir abreviando, no ano 14 estoupa un conflito e acádase un primeiro acordo que é definido como os acordos de Minsk, Minsk 2014. Están subscribindo desde un lado Rusia e desde o outro lado Ucraína, como corresponde, como dalgunha maneira se apela nesta moción a volver a facer, e desde o outro lado están a OSCE, os países da Europa occidental. Un protocolo de paz e un protocolo no que se pide que se recoñezan as condicións especiais de soberanía para o territorio de Lugansk e de Donetsk, polo tanto, do Donbass, e outras cuestións que teñen que ver coa clarificación das fronteiras, e outras.

Hai moi poucos días, hai eu creo que un par de meses ou así, dicía Merkel, Angela Merkel, que Occidente nunca tivo a intención de respectar aquel protocolo de 2014, senón que se trataba de gañar tempo para armar a Ucraína, para que se puidera formular máis adiante unha guerra en condicións de maior igualdade. Por tanto, ás veces, é complicado acreditar que exista realmente unha vontade de pacificar este conflito á vista de que, en ocasións anteriores, cando si existían eses preacordos de paz, se vulneraban.

Eu creo, e por iso xustificamos así o noso voto, que continuar botando leña ao lume do conflito ucraíno non vai contribuír á súa pacificació, senón que vai contribuír á súa permanencia no tempo. Tamén penso, porque teño memoria, que a OTAN non é un



axente pacificador, creo que hai casos recentes que o amosan, podemos dicir o caso libio, podemos dicir o caso iraquí, non era a OTAN, era unha sociedade de países que lideran a OTAN, no que, desde logo non contribuíron no futuro a pacificar esas zonas, senón ao contrario, a sementar o caos e a sementar unha situación de guerra indefinida.

Tampouco pensamos que a escalada militar sexa unha vía para a resolución do conflito. Estamos impóndonos a nós mesmos aumentar o gasto un 2% anual do PIB. Caramba, eu pregúntome se son as prioridades que temos agora como país. E se, sobre todo, se o fondo de todo isto é que hai unha vontade de restauración da paz ou unha vontade de estender o conflito. Eu creo que, desde logo, penso que é complicado que sexa unha forma de pacificar o envío masivo de armas, ou que sexa a OTAN a entidade chamada a intervir, terá que ser en tal caso, entendo eu, a ONU. Entón, nós o que solicitamos, aquí, hai unha serie de puntos desta moción que nos parecen absolutamente..., cos que concordamos en todo o caso, os dous primeiros, nós pensamos que a paz debe construírse desde logo desde un comezo dunha distensión, e teñen que ser outros organismos internacionais os encargados de establecer os termos desta e que temos que evitar unha escalada bélica cun país que hai que recordar que está dotado de armas nucleares. Entón, tamén creo que iso debe funcionar, penso, como unha especie de racionalización do que está sucedendo e entendemos que son outros medios e outras formas as que deben construír esa paz.

Nada máis e moitas grazas.

#### Sr. García Seoane

Non votei a urxencia porque entendo que non hai urxencia nesta moción, dado que levamos un ano, noticia diaria e hai intervencións de todo tipo a nivel occidental motivadas e movidas por quen sabemos e, por tanto, isto non vén solucionar ningún problema. Eu estou a favor de que esa guerra pare pero, claro, quen creou a guerra? A guerra créana Estados Unidos e Rusia. Ambos xóganse un interese determinado nese territorio cheo de riquezas, cheo de riquezas no subsolo, que ademais no caso dos Estados Unidos o fillo de Biden ten a maior parte dos contratos de explotación desas riquezas, iso é un secreto a voces. Por tanto, é unha guerra de intereses onde as vítimas desgraciadamente son os cidadáns ucraínos, principalmente os máis pobres, os que non poden escapar, os que non teñen diñeiro para dirixirse a ningún sitio porque nas guerras sempre pasa así, sempre escapan os ricos ou algúns que non son ricos, pero a maior parte sempre escapan os ricos, e sálvanse aqueles que teñen poder económico para solucionar a súa situación en calquera outro país. E logo hai tamén un sector, indubidablemente, que non son ricos e que por medo, polas súas familias, tamén escapan. Pero os pobres sempre quedan, os pobres son os que van ás guerras, son os que morren.

Fálase xa de 200.000 mortos e iso que importa a algúns desgraciados como estes que dominan o mundo? Que lles importa? Se o que importa é o obxectivo final que está aí no subsolo dese país. Ese é o problema grande que hai para que esta guerra acabe. Ou se poñen de acordo os dous lobos e se reparten as riquezas que hai aí, ou esa guerra non vai acabar, pero os lobos, como queren comer o que hai aí, vanse poñer de acordo nun momento determinado. Pero primeiro hai que desgastar un montón de xente, ver que armas ten o outro, vender armas por onde queira a todos os países marionetas da Comunidade Europea, que os domina totalmente neste caso Estados Unidos, e facerlle o traballo sucio a Estados Unidos. Todos agora mandan armas e logo ímoslles mandar a chatarra e logo imos comprarlles armas novas a quen as ten dese calibre, que son Estados Unidos ou potencias similares, desde logo non España, España non fabrica ese tipo de armas tan sofisticadas que neste momento se está falando de levar aí.



Por tanto, é unha guerra, como digo, de intereses, é unha guerra miserable, onde as vítimas son sempre os mesmos, os pobres, os cidadáns que van ser masacrados e seguen sendo masacrados e non lles importa nada ao pallaso ese de presidente dese país, que era un extrema dereita dos máis cualificados que había en Europa e que está facendo ese traballo indubidablemente. E onde todos lle rían as grazas, paséano por toda Europa; eu non vin cousa ao paso. Pero ben, como actor e como marioneta, é o seu traballo indubidablemente.

E logo, tampouco baixei antes ao minuto de silencio ou aos cinco minutos que fixestes, porque tampouco ten sentido. Cando se fixo nesta casa un minuto de silencio polos de Libia? Cando España foi tirar con outros dous países de Europa ou tres, bombas a Libia, e levan once anos que aínda hoxe non hai paz en Libia e se matan entre os libios todos os días coas armas que lles dan os de fóra. Porque os libios non teñen as armas, as armas dánllelas os de fóra para que as dezaseis tribos máis importantes de Libia se maten a tiros e, cando xa non quede xa unha marioneta con cabeza, facerse cos millóns de barrís de cru e de gas que hai nese país, como xa se está explotando neste momento, como xa o están levando, xa se está levando neste momento a prezos irrisorios porque os homes da guerra que compran eles, as tribos, os xefes, cobran e levan diñeiros. E tamén mandamos diñeiro, máis axuda a Croacia, a Ucraína, perdón, máis axuda a Ucraína. E acabamos de ver como tres ministros, hai pouco, hai dous meses, un helicóptero voou cun ministro dentro e con toda a tripulación que el tiña ao seu lado: directores xerais, toda a xente do ministerio voou nese avión. Á semana seguinte, descóbrese nese país, nesa Ucraína, descóbrese que hai tres ministros que están roubando o diñeiro que mandan os europeos. Hai un ministro da guerra, o que domina os exércitos, e que resulta que a bolsa de alimento para cada día dun soldado de 16 euros se compra a 49 euros, manda truco, se falamos de 200.000 soldados, multiplícase en vez de 16 por 49. Todo iso levouno o ministro de quenda é que en cada ministerio está a roubar todo o que pode dos cartos que lles mandamos os europeos porque nunha guerra nunca se sabe como acaba o tema e os que están por arriba sempre, pasou na Unión Soviética, hoxe son os grandes poderes que hai por aí adiante sementados por todo o mundo, xente que estaban na KGB, xente que estaba no exército, e os que venderon as propiedades de Rusia, e os que explotaron as propiedades dos rusos. Pero isto repítese, a historia repítese constantemente.

Por tanto, eu non quero ser marioneta dese tipo de xentalla que está dominando o mundo á súa maneira e masacrando miles e milleiros de persoas. Porque, dicía o compañeiro antes, que pasa cos palestinos? Acaban de matarse 116 palestinos estes días. Que pasa con iso? Que os xudeus son un poder? Claro, son parte do poder dos Estados Unidos, son os que están en Estados Unidos. Claro, claro que si. Por tanto, non abrir a boca porque igual te la parto. Ese é o tema desgraciado que hai. E na política, pois a política é así. Yo, para que voy a abrir la boca si me la parten, entonces, vou comer a diario y que no me molesten mucho. Que pasa con Somalia? Que pasa con Iemen? Que se están masacrando totalmente esas poboacións. Non pasa nada. Por que? Porque son os de Arabia Saudí quen tamén masacran esas familias. Os de Arabia Saudí que, ademais, son os homes que maltratan as mulleres, e aquí nos desgarramos as vestiduras cada día na televisión, maltrato... Estamos vendo que están masacrando as mulleres por todo o mundo ese tipo de sátrapas, ese tipo de xentalla impresentable que rouban a saco os países e que son minoritarios pero que están avalados porque, claro, un Goberno como o saudí pode desaparecer dun golpe se Estados Unidos quixera, pero non quere, é un servidor de Estados Unidos. E así podíamos seguir multiplicando e multiplicando, multiplicando.

Por tanto, eu non quero ser marioneta de ningún deses. Por iso digo que me



parece que esa guerra ten que parar dunha vez por todas, pero non podo apoiar unha moción que di outras cousas que non estou de acordo con elas.

Nada máis e moitas grazas.

#### Sra. Muíño Filgueira

Non vou ser nada presuntuosa e, con toda humildade do mundo, non vou facer un tratado de política internacional. Non vou poñer en cuestión, creo que ningunha das persoas que estamos aquí imos cuestionar que cando xorden as guerras evidentemente sempre responden a intereses superiores lonxe das persoas que máis padecen as consecuencias últimas dun conflito armado.

Evidentemente, por parte do BNG, toda a consideración a todas e cada unha das persoas vítimas deste conflito, desta guerra que a padecen coa súa propia vida, coa destrución dos seus proxectos de vida e tamén pagando ao terse que alonxar do seu lugar de orixe. Evidentemente, o BNG non ten ningún tipo de problema á hora de exixir que se deteña este conflito armado, mais si que é verdade que esta moción chega hoxe por vía de urxencia non nunha data casual. Estamos falando de que vai un ano de conflito armado e que evidentemente a vía de alimentar o conflito armado e a vía militar non nos leva a unha situación mellor para ningunha desas persoas que padece o conflito. Daquela, evidentemente, non chegamos a un acordo de declaración institucional, nin imos poder apoiar unha moción que mantén os parámetros de alimentar o conflito pola vía militar, porque a miña pregunta é: se todos os esforzos que se levan investido por esta vía se tiveran posto pola vía diplomática para acabar con este conflito, ou mesmo para evitar que se tivera producido, seguramente 365 días despois non estaríamos diante dunha declaración institucional para solidarizarnos con vítimas, ou para exixir que se deteña este conflito.

#### Sr. Fernández Piñeiro

Nós estamos totalmente en contra desta guerra, pero tamén estamos en contra dun principio que se aplica ás veces e con respecto a esta guerra que entendemos que é falaz, non? E é que parte da premisa de que, ben, a culpa... Rusia invade pero a culpa non é de Rusia, non? A culpa é da OTAN porque Ucraína quere entrar na OTAN e Rusia non quere que a OTAN estea ás portas de Rusia. Claro, iso, habería que partir dunha premisa de que é dicir que Rusia ten dereito a decidir sobre onde queren estar outros países que son libres, que por moito que teñan sido repúblicas soviéticas, pois tamén Cuba, Arxentina ou Venezuela foron parte do noso país nalgún momento e independizáronse e, polo tanto, nós non temos capacidade de dicirlles onde poden ou non poden estar. É un país libre e soberano, igual que o noso, igual que a Rusia, igual que Estados Unidos ou calquera outro e, polo tanto, pode decidir a que organización quere pertencer, gústenos máis ou menos a organización, porque todos seguramente poderíamos poñer matices e dar argumentos a ese respecto. Pero esta é unha guerra que inicia Rusia porque invade un país, que non é a primeira vez que o invade, xa o invadiu con anterioridade baseándose en que había unha minoría rusa ou unha maioría rusa que quería estar dentro desa federación, que recorda moito ao mesmo argumento que daba Adolf Hitler cos Sudetes cando invade os Sudetes dicindo que había unha minoría alemá que estaba alí moi maltratada e que quería incorporarse ao antigo, o que sería o futuro Lebensraum, o antigo imperio alemán ou Prusia ou como queiramos chamarlle, depende do momento histórico.

Despois está o argumento da desnazificación de Ucraína, que aínda escoitamos onte ao señor Putin falar diso, que tamén é un argumento que se las trae, porque se



aproveita dalgunha fotografía dalgúns militares ucráinos cunha bandeira, como se en España non tivésemos visto tamén algunha imaxe así, e diríamos que as forzas españolas, as forzas armadas españolas son fascistas, non? Pois que, ao final, hai de todo en todos os lados, non? Pero as guerras son todas malas. Dá igual que invada Estados Unidos, dá igual que invada a Rusia, dá igual que invada China, dá igual quen invada. Unha invasión nunca está ben. E, polo tanto, todo o demais, desde o noso punto de vista, é quedarnos nas follas. Efectivamente, hai xente que está morrendo nesta guerra, eu penso que nesta moción non hai un tufo de política, simplemente, hai un apoio a esas vítimas, hai unha condena ao invasor, porque hai que condenalo, gústenos máis ou menos. Despois, efectivamente, que hai intereses, todo mundo se move por intereses, todo. Non hai ninguén neste planeta, nin o que vive no Amazonas nunha tribo que non se mova tamén por intereses, diferentes aos nosos, pero tamén se move por intereses.

E, efectivamente, todos preferiríamos que este conflito se tivera resolto a través da diplomacia. Coido que iso foi o que se intentou en todo momento, pero o momento no que Rusia decidiu invadir Ucraína, sen que por parte de Ucraína houbera ningún tipo de ataque cara a Rusia, nin de violación das súas fronteiras, nin do seu dereito a nivel nacional ou internacional, polo tanto, ese é un dato que está constatado e sobre o que non cabe lugar a dúbidas. Non sei cando se di por alimentar, porque escoitei varios voceiros, alimentar este conflito, a que nos referimos? Non creo que esta moción alimente ese conflito, se nos referimos ao envío de armas, claro, é alimentar o conflito, porque se non se envían as armas, o conflito acaba, efectivamente, acaba porque a Rusia arrasa Ucraína. Entón, efectivamente, acabaría o conflito. Acabaría dunha forma xusta o conflito? Non. Temos que pagar o prezo para que acabe este conflito ou os ucráinos teñen que pagar o prezo de entregar o seu país a un señor que ten unhas actitudes megalómanas e que non admite que as súas exrepúblicas, as exrepúblicas soviéticas xa non son repúblicas soviéticas?, primeiro porque a Unión Soviética xa non existe e segundo porque son países independentes.

Entón, claro, é curioso o nivel de matiz ao que chegamos con outras guerras e con outras invasións e tamén é curioso o nivel de matiz ao que chegamos con esta. E é verdade, que o dicía o señor Seoane que hai outras moitas guerras no mundo nas que morre moita xente, que ese é un argumento que con este caso concreto da guerra de Ucraína, isto é unha opinión miña persoal, tamén me ocorreu a min no meu concello, con algunha xente que me dicía: “E non falades da guerra de non sei onde”, non, e ti tampouco, “só falas desa guerra cando condenamos algunha”. Pois, oe, se alguén quere traer unha moción sobre o que poida estar pasando en Somalia ou en calquera das moitas que, desgraciadamente, das moitas conflagracións, das moitas guerras e inxustizas que hai ao longo do mundo, pode facelo. O que non nos pode valer como argumento cando se trae unha é para dicir: “No, es que usted no habla de todas”. Ben, eu non teño inconveniente e imaxino que o grupo propoñente tampouco. Fagamos unha moción na que denunciemos que esta Deputación está en contra de todas as guerras do mundo, incluída tamén a da Ucraína. E, xa está, se con iso é suficiente, non pasa nada porque cada vez que se nomea a guerra da Ucraína se nomeen todos os conflitos armados que hai no mundo.

Penso que a situación que está a vivir ese país, que están a vivir os cidadáns dese país, que iso me consta que todos os que estamos aquí somos sensibles a esta situación, merece que sexamos capaces de deixar a un lado determinados matices, que a fin de contas pouco achegan e que non teñen tanto peso como puideran ter. Seguramente, desde o punto de vista do dereito internacional, da diplomacia internacional, claro que hai matices, claro que si. Pero estamos nun punto no que iso agora, penso, coido, que non é o momento de abandeirar para non apoiar esta moción, independentemente de por quen estea presentada. E esa é a postura do noso grupo e



por iso nos imos votar a favor.

Nada máis, moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente. Yo lo primero, señor presidente, me quiero dirigir a usted para, y con todo el afecto del mundo, yo creo que hay ciertas cuestiones que no se pueden permitir en este Salón de Plenos, por una cuestión, porque cuando un diputado de este Salón de Plenos se expresa como quiere, y usted, que es el encargado de regular, ordenar y moderar la sesión, le deja hablar, en el fondo está afeando y está dejando quedar mal a toda esta institución. Usted ha dejado pasar de largo que el señor García Seoane llame payaso y títere al presidente Zelensky, un presidente democráticamente elegido y una persona que está pasando una situación muy complicada. Yo entiendo que el señor García Seoane es un comodín muy práctico, pero le voy a pedir, por favor, o bien que corrija y que retire esas palabras, o que se le afee de alguna manera, que no lo tenga que hacer yo, se lo digo de verdad con todo el cariño, señor presidente. Yo entiendo que a lo mejor estaba despistado, no lo escuchó. Eso es lamentable y preocupante que se le tolere a alguien hablar como habla cualquiera después de una sobremesa copiosa en un restaurante con unos amigos, y aún así con bastante poca elegancia. Eso es lo que hace el señor García Seoane habitualmente aquí, y no me parece correcto.

Más allá de eso, señor Lema, yo de usted no esperaba otra cosa, no de usted, a nivel personal, de las siglas que representa. Pero sí me ha llamado la atención poderosamente que el BNG, en especial algunas personas del BNG, de esta casa que yo conozco, que entiendo que son personas muy razonables, personas sensibles y que les afectan ciertas cuestiones, pero non han tenido ustedes el valor de decir una palabra, que es Putin. No nombran ustedes al señor Putin, non tienen el valor de nombrar al señor Putin. Y, sobre todo, otra cosa más grave aún, que ponen en el mismo nivel al agresor que al agredido, al invasor que al invadido, al asesino que al asesinado, y eso no está bien. Sí, señora Muíño, sí, sí, es así. No he escuchado un ataque de su partido político en primera persona al señor Putin, por supuesto que dicen que se pare la guerra, hombre solo bastaría. Pero es que aquí hay un responsable de esta guerra de la que se cumple un año hoy y es el señor Putin que invade un país soberano y crea un conflicto en ese país y una gravedad tremenda para su propio país, que es agresor, y para el agredido.

Es así, el señor Putin es un auténtico... Bueno, no lo voy a definir, pero quiero decir, es una barbaridad lo que está pasando. Y, evidentemente, mandar armas es alimentar el conflicto? No, mandar armas es posibilitar que aquellos que están siendo agredidos y masacrados, con imágenes que todos hemos visto en la televisión, puedan defenderse, y en este tránsito de tiempo, intentar buscar una solución de alguna manera negociada. Pero solo pasa esa solución porque Rusia se retire de los territorios invadidos. ¿Se le va a dar otra vez otro trocito de Ucrania para que dentro de equis años vuelva a hacer una tercera intentona? Por el amor de Dios, esto no es razonable. Nosotros lo que hemos pedido en esta moción es perfectamente asumible, le agradezco al señor Fernández Piñeiro el apoyo, que, sin que sirva de precedente, que coincido en cada una das palabras que ha dicho. Y, por favor, háganselo mirar, no pongan en el mismo papel al agresor que al agredido. Y díganlo, sin ambages, díganlo con claridad, Putin ha vulnerado el Estado de Derecho, Putin ha agredido e invadido Ucrania, Putin en este caso está siendo una persona que no está respetando una situación que es tremendamente..., y Putin en este caso... yo condeno con firmeza la postura del presidente de Rusia y lo que está haciendo su país en Ucrania. Dígalo usted, condeno firmemente lo que está haciendo el señor Putin en Ucrania. Dígalo usted, señora Muíño,





por favor, quedaría un poco más tranquilo.

Gracias.

Sr. Presidente:

Sí, yo simplemente decirte Sr. Ben, que estaba buscando ahora, este, entiendo que el *Diario Atlántico* es un diario serio, de Galicia, con prestigio. La editorial del *Diario Atlántico* es “Zelensky de payaso a Mariscal”, es que es su profesión. En cualquier caso... Bueno, en cualquier caso, en cualquier caso, no hay que tomarlo como un insulto.

Sr. García Seoane

Si, non, é que... téño aquí, é que a profesión del é a de pallaso. Pero era un pallaso que levaba desde o ano 14 masacrando un montón de prorrusos, que non había noticia en España, nin en Europa diso. E estábanse machucando un montón de prorrusos, encadeándoos, perseguíndoos, torturándoos, este pallaso, por tanto, chameille como lle hai que chamar, como se non o fora, pero por riba, pois, é pallaso de profesión. Por tanto, vamos, é que o señor Evaristo quere que eu diga o que el quere que diga, pero é que eu son unha voz libre. Vostede sabe o que é iso? Como dicía o outro día un dos seus deputados, “Libre, libre, libre, berraba, libre”. Eu si que son libre de verdade. A min non me domina ninguén, son unha voz que, cando me dá a gana, digo que quero, convencido do que estou expresando, está amparado en feitos que me avalan o que estou comentando.

Polo tanto, eu non lle falei a vostede de..., Putin é un cabrón, igual que os outros eses que lideran o mundo, son explotadores, xa o dixen na miña intervención, que roubaran o país, que roubaron o país, eses todos que están espallados por todo o mundo e que se fixeron ricos da noite á mañá. Claro, claro, que si, non son mellores que os americanos, os americanos ensináronlles a como roubar, porque moitos deles están residindo en Estados Unidos e seguen alí como homes influentes e cun poder económico terrorífico. Claro, é que non se pode... Estamos falando que hai que traer aquí ao Parladoiro os temas, dicíame o señor representante do PSOE, pero podía traelos o PSOE tamén, podía traer, porque eu non vin aquí nunca que nos tivésedes que manifestar, ou un minuto de silencio polos milleiros, milleiros de persoas que morren no Mediterráneo, escapando das guerras, refuxiados, mortos de fame, persoas que non comen, que pasan días sen comer, e que ao final morren no mar, nese mar que cren que é liberdade e que ao final os traga tremendamente, explotados por bandas que financian desde Marrocos ou desde outros sitios, que financian ou toleran para sacar de encima eses inmigrantes que lles chegan aos seus territorios. Todo isto sabémolo todos, non estou dicindo nada novo. Pasa que uns dicímolo e outros calan. Por tanto, nada máis que dicir. É un conflito armado vergoñento por intereses de dúas potencias e onde as vítimas somos todos.

Porque os españois, señor Evaristo, pregúntelle vostede aos andaluces que vendían miles de toneladas de alimentos aos países de Rusia. Como venden agora? Non venden. Pregúntelles vostede aos dos viños, que temos montón de empresas de viños neste país sen saír de Galicia, e que non venden, que están vendendo o viño regalado case con ofertas porque non o dan vendido, ou o teñen nas bodegas porque se perdeu un mercado inmenso que había na Unión Soviética, hoxe chamada Rusia, cos países que quedaron integrados, coas 15 repúblicas que quedan aí. Claro, isto é o prexuízo grande que nos está causando a nós. Están causando un prexuízo tremendo ás nosas xentes. Eu outro día oín un empresario de dereitas, por certo, “Gelo, tiene usted más razón que Dios”. “Es que yo tenía un contrato de 13 millones de euros para vender cosas



de frío a ese país y ya no las puedo vender, me lo impiden". Esa é a situación que hai, estamos sendo vítimas dunha guerra, estamos financiando unha guerra que non é a nosa, que nós non a creamos e que está prexudicando gravemente a milleiros e a milleiros e a milleiros de españois. E xa non falo do resto do país . Polo tanto, iso é o que... E pallaso!, pallaso!, pallaso! Pallaso!

Sr. Presidente

Procedemos á votación.

### VOTACIÓN

Votan a favor: 22 deputados/as (14 do PP e 8 do PSOE)

Votan en contra: 6 deputado/as (4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Abstéñense: 1 deputada (PSOE - en virtude do artigo 74.1 do Regulamento Orgánico).

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

**"Moción que presenta o Grupo Provincial Popular da Deputación Provincial da Coruña, solicitando o restablecemento da paz, da convivencia e do dereito internacional con motivo do primeiro aniversario do intento de invasión de Ucraína por parte de Rusia**

O 24 de febreiro de 2023 cumprírase un ano desde que Rusia comezase a invasión de Ucraína, desatando así o maior conflito bélico en territorio europeo desde a Segunda Guerra Mundial.

Desde ese día, máis de 8 millóns de ucraínos víronse obrigados a saír do país e buscar protección noutros estados europeos, segundo os últimos datos difundidos polo Alto Comisionado de Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR). De todos eles, preto de 5 millóns atoparon refuxio na Unión Europea grazas á Directiva de Protección Temporal e a outros instrumentos similares. Ademais, hai outros 6 millóns de desprazados internos, persoas que abandonaron os seus fogares e que agora viven noutros puntos de Ucraína, segundo a última estimación da Organización Internacional para as Migracións (OIM).

Partidos políticos, organizacións, asociacións e entidades condenaron desde o principio a decisión do presidente de Rusia, Vladimir Putin, de iniciar de maneira unilateral este conflito e comezar unha guerra en Europa, que está a provocar miles de mortos e a destrución de centos de cidades e municipios.

A invasión de Ucraína significa moito máis que unha violación da orde internacional á que hai que facer fronte. É un ataque os valores de liberdade, progreso e paz sobre os que se asintan as democracias europeas e occidentais.

Este conflito trouxo ao primeiro plano o terrible rostro da guerra, as cidades e pobos bombardeados, os fogares destruídos, as familias rotas para sempre pola morte cruel e inxustificada de seres queridos, as graves violacións de dereitos humanos, a mutilación da vida cotiá, a pobreza, a dor e a desolación.

Pero esta guerra tamén serviu para recoñecer e admirar a heroica resistencia dun pobo, o ucraíno, que se converteu sen querelo no primeiro e máis importante defensor das nosas liberdades e dereitos máis fundamentais, empezando polo dereito para vivir en paz e en



liberdade.

España é un país comprometido co dereito internacional, coa carta de Nacións Unidas, que no seu artigo 2.4 refire que a integridade territorial dos Estados é inviolable, e cos seus socios da Unión Europea e da OTAN.

Como tal, España debe ser partícipe e contribuír a todas aquelas iniciativas no ámbito político, diplomático, económico e militar que vaian encamiñadas a poñer fin ao conflito e a garantir o pleno restablecemento da liberdade, a soberanía e a integridade territorial de Ucraína.

Mentres estes obxectivos non se alcancen, España debe seguir mostrando a súa solidariedade con todos os cidadáns ucraínos que tiveron que deixar o seu fogar fuxindo da guerra.

Por todo o anteriormente exposto, sirva esta declaración para:

- Condenar de maneira firme e explícita a invasión de Ucraína por parte de Rusia e o uso continuado da forza contra un país soberano.
- Esixir o cesamento inmediato desta agresión bélica, a retirada de todos os medios militares rusos que se atopan en chan ucraíno e o restablecemento das fronteiras e a integridade territorial de Ucraína.

Mentres estas condicións non teñan lugar, a Deputación da Coruña comprométese a:

- Apoiar as actuacións dos nosos aliados da Unión Europea e da OTAN, para poñer fin ao conflito e restituír a orde internacional baseada no dereito e en regras de convivencia por todos aceptadas e que foi vulnerado unilateralmente por Rusia.
- Apoiar e recoñecer o dereito de Ucraína a lexitíma defensa, de acordo con as disposicións recollidas no artigo 51 da Carta das Nacións Unidas.
- Apoiar o envío dos recursos materiais, incluídos os de carácter militar, o apoio loxístico, a formación e o adestramento que poida proporcionar España en coordinación cos nosos socios europeos e internacionais para a defensa da soberanía e a integridade territorial de Ucraína.
- Expresar o noso apoio e solidariedade ao pobo de Ucraína, en especial aos máis de 300.000 mil ucraínos que viven en España, e moi particularmente aos máis de 160 mil que atoparon acollida no noso país.
- Apoiar a petición da Federación das Asociacións de Ucraínos en España no seu chamamento para que as institucións españolas mostren, con diversas iniciativas, a súa solidariedade co pobo de Ucraína.

## ROGOS E PREGUNTAS

### Sr. Presidente

Hai unha serie de preguntas de Marea Atlántica. Léoas eu, Sr. Lema, ou lelas ti? Unha primeira relacionada cun campionato que parece que financia a Deputación da



Coruña para matar raposos na provincia da Coruña, pregunta: En que termos se produciu esta colaboración?, dedicou fondos públicos a esta atrocidade disfrazada de deporte?, participou algún membro da Deputación no xantar posterior?, de terse formalizado, en que datas, en que concepto e con que valor? Pasou o informe o servizo.

Nos últimos anos a colaboración entre a Federación Galega e a Deputación provincial sempre foi a través de liñas de concorrencia competitiva. Na memoria que consta no expediente da liña de concorrencia figura toda a actividade xeral da Federación. As liñas cerraron o prazo de solicitude o día 17 de febreiro, polo que aínda están en fase de revisión, polo que non sabemos se recibirán colaboración ou non. Non participou ningún membro desta Deputación no xantar posterior, e o evento celébrase o día 21 de xaneiro, o mesmo día que abriron o prazo as liñas de concorrencia competitiva, a través de onde acostuma colaborar a Deputación e a Federación Galega de Caza; estas liñas abriron o prazo de solicitude o 21 de xaneiro. A Federación Galega de Caza si solicita axuda nas liñas de concorrencia competitiva para este ano 2023, tal e como figura na solicitude presentada na liña de fomento da actividade física e de deporte, solicitando para a actividade xeral da entidade. Segundo as bases da convocatoria, é obriga da entidade solicitante o uso do logo da Deputación en todos os seus eventos unha vez sexa beneficiaria dunha subvención da Deputación. Enténdese que a Federación de Caza usa o logo da Deputación en todos os seus eventos, do mesmo xeito que fai co resto das administracións públicas das que recibe colaboración para todas as actividades que organiza ao longo de todo o ano.

Hai unha pregunta oral de Marea Atlántica respecto á estrada 0702, pregunta: O pasado 10 de outubro enviáronos a todos os grupos provinciais un escrito en nome da Asociación de Veciños Outeiro en San Mamede do Monte, A Baña, indicando que xa se puxera en contacto co presidente da Deputación para solicitarlle que formulasen alegacións ao parque eólico de Troitamil. Un dos principais argumentos para que a Deputación presente alegacións é que na tramitación do proxecto propúñase a expropiación dun tramo da estrada que une o lugar do Seilán con Lañas, todos dentro do concello da Baña, e que esa estrada é propiedade da Deputación. Polo anteriormente exposto o Grupo Provincial Marea Atlántica formula as seguintes preguntas de resposta oral: deu resposta esta Deputación provincial ao escrito achegado pola veciñanza?, que informe se emitiu da Deputación ao respecto da expropiación deste tramo da devandita estrada?, e que actuación realizou e/ou ten previsto realizar a Deputación ao respecto desta expropiación prevista?

En principio non é unha expropiación da estrada en si mesma, de ningún tramo, senón a expropiación dunha servidume de paso que concorre con esa estrada. Hai nove días solicitamos o informe ao servizo que o luns esperamos ter, e daremos traslado tanto aos veciños como ao propio deputado.

Por último, hai un rogo do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre as granxas de visón que di que en maio de 2020 presentabamos neste mesmo Pleno unha moción na que solicitabamos o peche das granxas de visón americano no noso país e a posta en marcha de medidas compensatorias para as persoas afectadas. Lamentablemente, dende aquela data deica a de hoxe as cousas empeoraron aínda máis e estas mesmas granxas que onte representaban un risco de natureza ecolóxica para o noso país hoxe son tamén un risco sanitario, tal e como soubemos polas novas que relacionan a transmisión do virus da gripe aviaria aos visóns dunha granxa situada en Carral. Á vista desta situación, formulamos o seguinte rogo oral: que a Deputación da Coruña inste a Xunta de Galicia a clausurar a devandita granxa de visóns de Carral e a habilitar as medidas de compensación económica para que a súa propiedade poida transformar o seu negocio actual noutro de maiores garantías sanitarias. Non sei se hai algunha



pregunta máis.

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente. Quería trasladar un ruego que me hace llegar la alcaldesa de Boimorto, que nos dice que desde el año 2019, de forma reiterada, llevan pidiendo una furgoneta adaptada para dar servicio en el centro de día de Boimorto, que da un servicio a Frades, Arzúa, Vilasantar y Sobrado. Necesitan adquirir una nueva furgoneta porque la que tienen está generando muchísimos trabajos y esta propia furgoneta también con ella hacen el servicio de Xantar na Casa a las personas del ayuntamiento de Boimorto. Entonces nos piden que, bueno, dicen que ha sacado una línea desde el área de Social que se han puesto en contacto con ella, diciendo que iba a haber una línea para poder cambiar las furgonetas, pero las líneas que han salido para las furgonetas solo se pueden optar a estas furgonetas si son para el SAF. Entonces entendemos que, o bien se pueda buscar una solución para este tema que en Boimorto se le pueda solucionar esta cuestión, porque es una demanda que entendemos justa y da un servicio a los ayuntamientos, o bien que se instrumente alguna solución para que puedan tener esta furgoneta adaptada.

Nada más y gracias.

Sr. Calvelo Martínez

Muy breve, muy breve, no me voy a liar.

Mira, presentamos un ruego, hace unos días entregamos y presentamos por registro a la Diputación el proyecto y la disponibilidad de los terrenos de la DP-514. Es la carretera que va desde Arteixo a Caión. Es la parte de mejora de seguridad vial, tenéis el proyecto, tenéis la disponibilidad de terrenos, si podéis, en ese sentido, proceder a la licitación y a la ejecución de ese tramo. El Concello se compromete a que el tramo más complejo, más largo, que tiene más coste, que lo haga directamente el concello con, creo que hay fondos, se ha solicitado una subvención a Europa de fondos Next para mejorarlo. Pero sí que este tramo que presentamos el otro día, sí que nos urge porque tiene un problema de seguridad viaria.

Nada más.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 14:56 horas.